# 2 Situación actual da industria en Galicia

**O ESTUDIO DA SITUACIÓN** actual da industria está dividido en tres apartados, nos que se analiza, dunha banda, o panorama xeral do sector industrial, e por outra, preséntanse os datos dos dous sectores considerados (industrial e industrias relacionadas co sector primario) por separado.

Á hora de analiza-lo panorama xeral do sector industrial pártese da información recollida no Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) sobre os complexos productivos da economía galega, considerando as variables valor engadido bruto (VEB) a prezos de mercado, emprego e exportacións para o período 1990-94.

O PEDEGA presenta os datos agrupados en tres grandes categorías: por unha banda, considera os complexos de actividades ligados á explotación de recursos naturais ou de carácter inmóbil; por outra, presenta os agrupamentos de actividades abertas ó exterior non ligadas directamente ó aproveitamento dos recursos productivos; finalmente, considera os complexos de actividades de carácter interno.

Posteriormente, considéranse tres grandes aspectos: o producto interior bruto xerado segundo a Contabilidade Trimestral no período 1997-01, a poboación ocupada, a partir dos datos da *Enquisa de Poboación Activa* (1998-01), e o sector empresarial, tanto dende o punto de vista do número de empresas como da análise das variables económico-financeiras, que se estudia tendo en conta a información recollida na *Encuesta Anual de Empresas* (1999-00) e no Ardán (1999-99).

Nos dous seguintes apartados, a partir fundamentalmente dos datos proporcionados por Ardán para os anos 1999-00, analízanse por separado os dous subsectores considerados: as industrias relacionadas co sector primario e o sector empresarial propiamente dito. Nos dous casos preséntase unha primeira aproximación dende o punto de vista xeral para, posteriormente, pasar a analiza-los diferentes subsectores.

## PANORAMA XERAL

Segundo os datos recollidos no PEDEGA, os complexos de actividades ligados á explotación de recursos naturais ou de carácter inmóbil acolleron no ano 1994 o 22,4% do VEB galego total, o 38,1% do emprego e o 42,1% do valor total das exportacións galegas. Comparado co ano 1990, prodúcese un incremento do índice valor (1990 = 100) no caso do VEB a prezos de mercado e no das exportacións (117 e 135, respectivamente), mentres que descende o índice valor no caso do emprego (81).

Dentro deste grupo de actividades, salienta a importancia do complexo agrogandeiro, que representa o 4,5% do VEB total xerado pola economía galega, así como o 24,1% das persoas ocupadas e o 11,3% do valor total das exportacións galegas en 1994. Destaca tamén a importancia relativa do complexo mar-industria (o 2,3% do VEB, o 5,5% do emprego total e o 12,3% das exportacións) e a do complexo turismo (o 4,9% do VEB e o 4,6% do emprego).

Comparado co ano 1990 (1990 = 100) resalta a evolución experimentada polos complexos emerxentes, onde o índice valor do VEB no caso do complexo de viño e licores foi de 228, de 134 no caso da pedra natural, e no do turismo de 136. Asemade, o índice valor no caso das exportacións nos dous primeiros complexos foi superior a 200 e o da pedra natural foi o único complexo de activades ligadas á explotación de recursos naturais ou de carácter inmóbil que presenta un aumento (152).

En relación ós agrupamentos de actividades abertas ó exterior non ligadas directamente ó aproveitamento dos recursos productivos, o **cadro 2.1.** reflicte a importancia relativa do *cluster* da automoción, que representa o 2,5% do VEB xerado pola economía galega en 1994 e o 20,3% do valor total das exportacións nese ano. Comparado co ano 1990, salienta a evolución positiva do enclave productivo do papel, que acada un índice valor de 283 e 247 no caso do VEB e das exportacións, respectivamente, en tanto que a construcción naval presenta un índice valor en 1994 inferior a 1990, tanto no caso do VEB como no caso do emprego e das exportacións.

Pola súa banda, entre as actividades de carácter interno, que acollen o 65,2% do VEB galego en 1994 e o 54,3% do emprego, destacan os servicios ligados ó capital humano, que representan o 22,6% do VEB e o 30,6% do emprego, e as funcións de servicios á producción, cunha importancia relativa no total galego do 22,5% no caso do VEB, do 13,25 no caso do emprego e do 7% no caso das exportacións.

O **cadro 2.2.** reflicte unha serie de indicadores da situación actual do sector industrial galego e o seu peso relativo no conxunto do estado. Estes indicadores agrúpanse en catro apartados que fan referencia á producción, ó emprego (poboación ocupada, paro rexistrado e contratos do INEM), ás variables empresariais (número de empresas e indicadores económicos) e ó sector exterior.

Segundo a **Contabilidade Trimestral de Galicia**, o valor engadido bruto xerado polo sector industrial foi de 6.757,8 millóns de euros no ano 2001, o que supón un crecemento do 6,6% sobre o ano anterior. O sector industrial representa o 19,0% do total xerado pola economía galega nese ano.

Atendendo á evolución seguida polo sector industrial ó longo dos últimos anos, o **cadro 2.3.** reflicte que o peso relativo do sector industrial no total galego se mantén desde 1997 ata 2001 en torno ó 19% O subsector enerxético presenta un descenso desde ó 4,9% de 1997 ata o 4% de 2001, mentres que os productos industriais evolucionaron desde o 14,0% de 1997 ó 15,0% do ano 2001.

CADRO 2.1.

**Complexos productivos da economía de Galicia: situación en 1994 e evolución 1990-1994**

| | VAB p.m. | | | | Emprego | | | | Exportacións | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Valor 1994 (en miles de €) | Peso 1994 (%) | Indice valor (1990=100) | Índice peso (1990=100) | Valor 1994 (persoas) | Peso 1994 (%) | Indice valor (1990=100) | Índice peso (1990=100) | Valor 1994 (en miles de €) | Peso 1994 (%) | Indice valor (1990=100) | Índice peso (1990=100) |
| **Complexos de actividades ligados á explotación de recursos naturais ou de carácter inmóbil** | 4.992.006,5 | 22,44 | 117 | 93 | 356.030 | 38,11 | 81 | 89 | 4.504.663,9 | 42,14 | 135 | 98 |
| **Complexos principais** | 2.207.511,4 | 9,92 | 112 | 90 | 293.173 | 31,38 | 79 | 87 | 3.174.588,0 | 29,69 | 141 | 102 |
| Complexo agroganadeiro | 999.783,6 | 4,49 | 103 | 82 | 225.422 | 24,13 | 76 | 83 | 1.204.867,0 | 11,27 | 129 | 93 |
| Complexo forestal madeira | 486.315,0 | 2,19 | 117 | 93 | 16.096 | 1,72 | 93 | 102 | 655.884,5 | 6,14 | 148 | 107 |
| Complexo mar/industria | 721.412,9 | 3,24 | 126 | 101 | 51.655 | 5,53 | 96 | 105 | 1.313.830,5 | 12,29 | 152 | 110 |
| **Complexos emerxentes** | 1.322.569,2 | 5,94 | 141 | 112 | 51.371 | 5,50 | 88 | 96 | 318.019,5 | 2,97 | 206 | 149 |
| Complexo da pedra natural | 116.037,4 | 0,52 | 134 | 106 | 5.700 | 0,61 | 152 | 166 | 241.084,0 | 2,26 | 202 | 146 |
| Complexo de viños e licores | 116.061,4 | 0,52 | 228 | 182 | 2.372 | 0,25 | 93 | 102 | 76.935,6 | 0,72 | 220 | 159 |
| Complexo turismo | 1.090.476,4 | 4,90 | 136 | 108 | 43.299 | 4,63 | 83 | 91 | - | - | - | - |
| **Outros segmentos de actividade** | 1.461.925,9 | 6,57 | 107 | 86 | 11.486 | 1,23 | 88 | 96 | 1.012.056,3 | 9,47 | 109 | 79 |
| Complexo enerxía eléctrica | 1.349.674,9 | 6,07 | 108 | 85 | 6.868 | 0,74 | 84 | 92 | 893.957,4 | 8,36 | 109 | 79 |
| Complexo industrias extractivas | 112.251,0 | 0,50 | 104 | 82 | 4.618 | 0,49 | 94 | 103 | 118.098,9 | 1,10 | 108 | 78 |
| **Agrupamentos de actividades abertas ó exterior non ligadas directamente ó aproveitamento dos recursos productivos** | 2.755.141,7 | 12,38 | 117 | 94 | 71.289 | 7,63 | 96 | 105 | 5.365.553,6 | 50,19 | 140 | 101 |
| **Agrupamentos principais** | 891.631,5 | 4,01 | 99 | 79 | 31.372 | 3,36 | 97 | 106 | 2.972.870,3 | 27,81 | 138 | 100 |
| Construcción naval | 176.006,4 | 0,79 | 81 | 64 | 9.539 | 1,02 | 85 | 93 | 375.728,7 | 3,51 | 98 | 71 |
| Cluster da automoción | 552.197,9 | 2,48 | 103 | 82 | 9.845 | 1,05 | 89 | 98 | 2.173.614,4 | 20,33 | 145 | 104 |
| Agrupamento confección/téxtil | 163.421,2 | 0,73 | 108 | 86 | 11.988 | 1,28 | 118 | 129 | 423.527,2 | 3,96 | 158 | 114 |
| **Enclaves productivos relevantes** | 996.273,7 | 4,48 | 145 | 116 | 6.131 | 0,66 | 112 | 123 | 1.263.008,9 | 11,81 | 128 | 93 |
| Refino de petróleo | 546.650,6 | 2,46 | 181 | 144 | 585 | 0,06 | 91 | 99 | 483.886,9 | 4,53 | 148 | 107 |
| Aluminio | 107.821,6 | 0,48 | 71 | 56 | 4.018 | 0,43 | 122 | 134 | 347.156,6 | 3,25 | 94 | 68 |
| Tabaco | 273.250,2 | 1,23 | 131 | 104 | 648 | 0,07 | 121 | 132 | 277.012,5 | 2,59 | 121 | 87 |
| Papel | 68.557,5 | 0,31 | 283 | 225 | 880 | 0,09 | 88 | 97 | 154.952,9 | 1,45 | 247 | 178 |
| **Agrupamentos débiles** | 867.236,4 | 3,90 | 115 | 91 | 33.786 | 3,62 | 93 | 102 | 1.129.668,4 | 10,57 | 163 | 118 |
| Bens de consumo e obxectos persoais | 60.720,3 | 0,27 | 70 | 56 | 3.919 | 0,42 | 87 | 95 | 148.071,4 | 1,39 | 99 | 72 |
| Funcións industriais polivalentes | 806.516,2 | 3,63 | 120 | 96 | 29.867 | 3,20 | 94 | 103 | 981.597,0 | 9,18 | 180 | 130 |
| **Complexos de actividades de carácter interno** | 14.499.699,5 | 65,18 | 131 | 104 | 506.986 | 54,26 | 100 | 109 | 820.489,7 | 7,67 | 147 | 106 |
| **Complexo da construcción** | 4.451.967,1 | 20,01 | 140 | 112 | 97.778 | 10,47 | 98 | 107 | 56.242,7 | 0,53 | 255 | 184 |
| **Funcións de servicios á producción** | 5.010.006,9 | 22,52 | 125 | 100 | 123.408 | 13,21 | 99 | 109 | 747.244,4 | 6,99 | 141 | 102 |
| Complexo de actividades loxisticas | 2.151.659,4 | 9,67 | 121 | 96 | 79.189 | 8,48 | 95 | 104 | 699.728,3 | 6,55 | 143 | 103 |
| Complexo de servicios a empresas | 1.270.828,1 | 5,71 | 127 | 101 | 27.324 | 2,92 | 116 | 127 | 47.516,0 | 0,44 | 120 | 87 |
| Complejo de servicios financieros | 1.587.519,4 | 7,14 | 128 | 102 | 16.895 | 1,81 | 98 | 107 | - | - | - | - |
| **Servicios ligados ó capital humano** | 5.037.719,5 | 22,64 | 129 | 103 | 285.800 | 30,59 | 101 | 110 | 17.002,6 | 0,16 | 319 | 230 |
| Servicios de educación.e de investigación | 208.268,7 | 0,94 | 124 | 98 | 15.121 | 1,62 | 102 | 111 | - | - | - | - |
| Servicios de sanidade | 348.124,2 | 1,56 | 159 | 127 | 6.343 | 0,68 | 98 | 107 | - | - | - | - |
| Outros servicios personais | 2.088.246,6 | 9,39 | 119 | 95 | 161.527 | 17,29 | 98 | 107 | 17.002,6 | 0,16 | 319 | 230 |
| Servicios xerais das Adm. Públicas | 2.393.079,9 | 10,76 | 137 | 109 | 102.809 | 11,00 | 106 | 116 | - | - | - | - |
| **Total** | 22.246.847,7 | 100 | 126 | 100 | 934.304 | 100 | 91 | 100 | 10.690.701,1 | 100 | 139 | 100 |

Fonte: elaboración propia a partir do *Plan de Crecemento e Emprego de Galicia, 1998-2001 e Contabilidade Rexional de Galicia, Serie Homoxénea, 1990-1994* (IGE)

CADRO 2.2.a.

***Principais indicadores do peso do sector industrial no conxunto do Estado (I)***

| | *Unidade de medida* | 2000 | | 2001 | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **Galicia** | **G/E** | **Galicia** | **G/E** |
| | | *(valor absoluto)* | *(%)* | *(valor absoluto)* | *(%)* |
| **Producción** | *(en millóns de € prezos correntes)* | | | | |
| **Agricultura, silvicultura e pesca** | | 1.864,0 | 9,2 | 1.963,3 | 9,3 |
| **Enerxía** | | 1.386,4 | 7,6 | 1.429,0 | 7,4 |
| **Industria** | | 4.954,1 | 5,0 | 5.328,8 | 5,1 |
| **PIB a prezos de mercado** | | 33.386,8 | 5,5 | 35.625,9 | 5,5 |
| **Emprego** | | | | | |
| **poboación ocupada** | *(en miles de persoas)* | 986,6 | 6,8 | 987,4 | 6,7 |
| **sector primario** | | 177,1 | 17,9 | 155,2 | 15,8 |
| **industria** | | 175,5 | 6,1 | 189,6 | 6,5 |
| **paro rexistrado** | *(en miles de persoas)* | 135,3 | 8,7 | 132,0 | 8,6 |
| **sector primario** | | 3,9 | 9,0 | 3,5 | 8,7 |
| **industria** | | 23,7 | 9,3 | 23,2 | 9,5 |
| **Contratos de traballo INEM** | | | | | |
| **Sector primario** | | 19.068 | 1,4 | 18.820 | 1,3 |
| **Agricultura, gandería, caza e silvicultura** | | 8.589 | 0,6 | 8.045 | 0,5 |
| **Pesca** | | 10.479 | 43,8 | 10.775 | 43,8 |
| **Industria** | | 115.576 | 7,9 | 103.529 | 7,8 |
| **Industrias extractivas** | | 3.929 | 20,1 | 3.885 | 20,7 |
| **Industria manufactureira** | | 111.044 | 7,8 | 98.958 | 7,7 |
| **Prod. e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga** | | 603 | 3,5 | 686 | 3,9 |
| **Variables empresariais** | | | | | |
| **Número de empresas** | | 14.570 | 6,1 | 14.999 | 6,1 |
| **Industrias extractivas** | | 405 | 14,4 | 414 | 14,4 |
| **Extracción de productos enerxéticos** | | 9 | 4,2 | 9 | 4,4 |
| **Extracción doutros productos minerais agás productos enerxéticos** | | 396 | 15,2 | 405 | 15,2 |
| **Industria manufactureira** | | 14.026 | 6,0 | 14.426 | 6,0 |
| **Industria da alimentación, bebidas e tabaco** | | 2.811 | 8,5 | 2.835 | 8,5 |
| **Industria téxtil e da confección** | | 1.783 | 6,6 | 1.904 | 7,0 |
| **Industria do coiro e do calzado** | | 69 | 1,0 | 64 | 0,9 |
| **Industria da madeira e da cortiza** | | 1.891 | 9,6 | 1.908 | 9,8 |
| **Industria do papel; edición, artes gráficas e reproducción de soportes gravados** | | 893 | 3,7 | 956 | 3,8 |
| **Refinado de petróleo e tratamento de combustibles nucleares** | | 2 | 28,6 | 2 | 6,9 |
| **Industria química** | | 173 | 3,7 | 167 | 3,6 |
| **Industria da transformación do caucho e materias plásticas** | | 200 | 3,2 | 211 | 3,4 |
| **Industrias doutros productos minerais non metálicos** | | 1.010 | 8,2 | 1.035 | 8,2 |
| **Metalurxia e fabricación de productos metálicos** | | 2.279 | 5,3 | 2.352 | 5,3 |
| **Industria da construcción de maquinaria e equipo mecánico** | | 481 | 3,4 | 501 | 3,5 |
| **Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico** | | 463 | 4,4 | 461 | 4,2 |
| **Fabricación de material de transporte** | | 488 | 10,7 | 503 | 10,6 |
| **Industrias manufactureiras diversas** | | 1.483 | 5,3 | 1.527 | 5,4 |
| **Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga** | | 139 | 5,0 | 159 | 5,4 |
| | | **1999** | | **2000** | |
| **Indicadores económicos** | *(en millóns de €)* | | | | |
| **Cifra de negocios** | | 22.919,4 | 6,1 | 26.521,3 | 6,3 |
| **Ingresos de explotación** | | 23.359,0 | 6,1 | 26.997,2 | 6,3 |
| **Variación de extencias** | | -33,9 | -2,5 | 71,6 | 2,8 |
| **Total consumos** | | 14.715,7 | 6,5 | 17.716,2 | 6,8 |
| **Gastos persoal** | | 2.949,4 | 5,0 | 3.188,7 | 5,0 |
| **Gastos de explotación** | | 21.354,4 | 6,1 | 24.954,7 | 6,3 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos *IGE, Contabilidade trimestral* e *EPA* e *INEM*

CADRO 2.2.b

***Principais indicadores do peso do sector industrial no conxunto do Estado (II)***

| | *Unidade de medida* | 2000 | | 2001 | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Galicia | G/E | Galicia | G/E |
| | | *(valor absoluto)* | *(%)* | *(valor absoluto)* | *(%)* |
| **Sector exterior** | | | | | |
| **Exportacións** | *(en millóns de €)* | 8.298,8 | 6,7 | 9.270,5 | 7,2 |
| **Enerxéticos** | | 230,6 | 5,1 | 217,9 | 5,8 |
| **Non enerxéticos** | | 8.068,3 | 6,8 | 9.052,6 | 7,3 |
| **Sector primario** | | 1.801,7 | 8,2 | 1.898,6 | 7,9 |
| **Productos agrícolas** | | 1.307,5 | 7,5 | 1.500,9 | 7,8 |
| **Materias primas** | | 494,2 | 10,8 | 397,7 | 8,4 |
| **Semimanufacturas** | | 964,7 | 3,5 | 1.032,9 | 3,5 |
| **Industria química** | | 298,2 | 2,0 | 325,0 | 2,0 |
| **Metais** | | 322,9 | 3,6 | 351,8 | 3,9 |
| **Outras semimanufacturas** | | 343,7 | 8,8 | 356,1 | 8,5 |
| **Manufacturas** | | 5.301,5 | 7,6 | 6.121,2 | 8,6 |
| **Bens de equipamento** | | 4.393,9 | 8,3 | 5.064,4 | 9,6 |
| **Maquinaria** | | 308,8 | 1,5 | 315,3 | 1,5 |
| **Materiais de transporte** | | 4.085,3 | 12,7 | 4.749,1 | 14,7 |
| **Bens de consumo** | | 907,6 | 5,4 | 1.056,8 | 5,8 |
| **Peletería** | | 50,3 | 4,9 | 60,9 | 5,2 |
| **Téxtiles** | | 610,5 | 11,2 | 733,7 | 12,2 |
| **Outros bens de consumo** | | 246,8 | 2,4 | 262,2 | 2,4 |
| **Importacións** | *(en millóns de €)* | 8.895,8 | 5,3 | 9.372,8 | 5,5 |
| **Enerxéticos** | | 1.486,9 | 7,4 | 1.189,7 | 6,2 |
| **Non enerxéticos** | | 7.408,9 | 5,0 | 8.183,1 | 5,4 |
| **Sector primario** | | 1.989,3 | 8,4 | 2.310,0 | 9,1 |
| **Productos agrícolas** | | 1.479,8 | 9,4 | 1.777,0 | 10,1 |
| **Materias primas** | | 509,6 | 6,4 | 533,0 | 6,7 |
| **Semimanufacturas** | | 987,4 | 2,8 | 1.141,6 | 3,1 |
| **Industria química** | | 425,7 | 1,9 | 564,2 | 2,4 |
| **Metais** | | 522,0 | 4,4 | 526,4 | 4,5 |
| **Outras semimanufacturas** | | 39,6 | 2,5 | 51,0 | 2,9 |
| **Manufacturas** | | 4.432,0 | 5,0 | 4.731,6 | 5,3 |
| **Bens de equipamento** | | 3.505,3 | 5,1 | 3.601,0 | 5,3 |
| **Maquinaria** | | 499,7 | 1,3 | 498,9 | 1,3 |
| **Materiais de transporte** | | 3.005,7 | 9,6 | 3.102,1 | 10,1 |
| **Bens de consumo** | | 926,5 | 4,7 | 1.130,5 | 5,2 |
| **Peletería** | | 55,8 | 4,1 | 77,6 | 4,7 |
| **Téxtiles** | | 604,9 | 7,9 | 786,4 | 9,6 |
| **Outros bens de consumo** | | 265,9 | 2,4 | 266,5 | 2,3 |
| | | **1999** | | **2000** | |
| **Ciencia e tecnoloxía** | | | | | |
| **Gastos internos totais en I+D** | *(en miles de €)* | 165.092,7 | 3,3 | 209.457,0 | 3,7 |
| **Administracións** | | 31.185,8 | 3,7 | 35.984,0 | 4,0 |
| **Empresas** | | 50.168,3 | 1,9 | 67.230,0 | 2,2 |
| **Institucións de ensino superior** | | 83.735,8 | 5,6 | 105.145,0 | 6,2 |
| **Institucións privadas sen lucro** | | 2,8 | 0,01 | 1.098,0 | 2,14 |
| **Persoal total** | | 4.535 | 4,4 | 5.667 | 4,7 |
| **Persoal investigador** | | 3.304 | 5,4 | 3.982 | 5,2 |
| | | **2000** | | **2001** | |
| **Solicitude de patentes** | | | | | |
| **Vía nacional** | | 97 | 3,6 | 91 | 3,6 |
| **Via europea** | | - | | 3 | 1,0 |
| **Patentes PCT** | | 9 | 1,8 | 7 | 1,4 |
| **Solicitude de modelos e debuxos industriais** | | 58 | 2,3 | 66 | 2,5 |
| **Solicitude de marcas** | | 2.995 | 3,6 | 2.629 | 3,6 |
| **rótulos de establecementos** | | 217 | 2,9 | 201 | 3,1 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de *ICEX, INE e a Oficina Española de Patentes e Marcas*

CADRO 2.3.

**Producto Interior Bruto a prezos de mercado 1997-01**

| | 1997 | 1998 | 1999 | 2000 | 2001 |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(en miles de € Prezos correntes)* | | |
| **Agricultura** | 1.843.159 | 1.852.630 | 1.822.863 | 1.863.954 | 1.963.274 |
| **Industria** | 5.091.593 | 5.551.773 | 5.946.560 | 6.340.522 | 6.757.788 |
| Enerxía | 1.326.590 | 1.352.088 | 1.310.015 | 1.386.401 | 1.428.964 |
| Productos industriais | 3.765.003 | 4.199.685 | 4.636.545 | 4.954.121 | 5.328.824 |
| **Construción** | 2.620.028 | 2.785.950 | 3.038.519 | 3.508.812 | 3.887.625 |
| **Servicios** | 14.779.944 | 15.761.099 | 17.019.432 | 18.219.654 | 19.513.891 |
| Servicios mercado | 11.080.876 | 11.912.325 | 12.946.912 | 13.920.501 | 15.020.207 |
| Servicios non de mercado | 3.699.068 | 3.848.774 | 4.072.520 | 4.299.153 | 4.493.684 |
| **PIB a prezos de mercado** | 26.845.503 | 28.789.266 | 31.077.997 | 33.386.790 | 35.625.883 |

| | 1997 | 1998 | 1999 | 2000 | 2001 |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(%)* | | |
| **Agricultura** | 6,9 | 6,4 | 5,9 | 5,6 | 5,5 |
| **Industria** | 19,0 | 19,3 | 19,1 | 19,0 | 19,0 |
| Enerxía | 4,9 | 4,7 | 4,2 | 4,2 | 4,0 |
| Productos industriais | 14,0 | 14,6 | 14,9 | 14,8 | 15,0 |
| **Construción** | 9,8 | 9,7 | 9,8 | 10,5 | 10,9 |
| **Servicios** | 55,1 | 54,7 | 54,8 | 54,6 | 54,8 |
| Servicios mercado | 41,3 | 41,4 | 41,7 | 41,7 | 42,2 |
| Servicios non de mercado | 13,8 | 13,4 | 13,1 | 12,9 | 12,6 |
| **PIB a prezos de mercado** | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Fonte: *IGE, Contabilidade Trimestral*

CADRO 2.4.

**Poboación ocupada 1998-01: distribución segundo ramas de actividade**

| | Galicia | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1998 | 1999 | 2000 | 2001 | 01/98 | 01-98 |
| | | *(en miles de persoas)* | | | | |
| **Sector primario** | 181,7 | 173,0 | 177,1 | 155,1 | -14,7 | -26,6 |
| Agricultura, gandería, caza e silvicultura | 152,7 | 139,3 | 141,1 | 122,5 | -19,8 | -30,2 |
| Pesca e piscicultura | 29,1 | 33,8 | 36,0 | 32,7 | 12,3 | 3,6 |
| **Industria** | 162,5 | 169,0 | 175,5 | 189,7 | 16,8 | 27,2 |
| Industrias extractivas | 7,1 | 7,6 | 8,2 | 9,3 | 30,6 | 2,2 |
| Prod., transp. e distrib. de electric., gas e auga | 5,6 | 4,1 | 4,9 | 6,1 | 8,9 | 0,5 |
| Coquerías, fabric. de prod. químicos e prod. metais | 14,6 | 17,0 | 18,1 | 18,8 | 28,4 | 4,2 |
| Fabricación de productos metálicos. Construcción de máquinas e material mecánico | 15,3 | 17,7 | 16,7 | 19,2 | 25,1 | 3,9 |
| Fabricación de material de transporte | 31,6 | 31,7 | 32,8 | 34,5 | 9,1 | 2,9 |
| Industrias de productos alimenticios, bebidas e tabaco | 30,2 | 28,8 | 30,2 | 32,1 | 6,2 | 1,9 |
| Industrias do téxtil, coiro, calzado e confeccións textís | 22,1 | 22,1 | 23,3 | 27,8 | 25,8 | 5,7 |
| Industrias da madeira e cortiza | 15,4 | 17,1 | 14,0 | 16,1 | 4,9 | 0,8 |
| Industrias do papel, artes gráficas e edición e reproducción de soportes gravados | 4,2 | 4,4 | 7,4 | 8,7 | 109,0 | 4,5 |
| Outras industrias manufactureiras | 16,5 | 18,5 | 20,1 | 17,3 | 5,0 | 0,8 |
| **Construcción** | 98,1 | 104,9 | 116,6 | 118,3 | 20,6 | 20,2 |
| **Servicios** | 475,5 | 494,8 | 517,5 | 524,4 | 10,3 | 48,8 |
| Comercio por xunto e polo miúdo | 111,4 | 120,8 | 127,1 | 121,7 | 9,2 | 10,3 |
| Venda, mantem. e reparac. de vehículos de motor. Gasolineras | 25,4 | 23,2 | 28,9 | 26,5 | 4,2 | 1,1 |
| Hoteis, restaurantes e bares | 47,3 | 44,8 | 50,3 | 50,0 | 5,5 | 2,6 |
| Transportes e activ. anexas. Comunicacións | 46,0 | 45,5 | 45,2 | 46,6 | 1,5 | 0,7 |
| Institucións financeiras e de seguros | 18,4 | 20,5 | 18,8 | 17,5 | -4,9 | -0,9 |
| Educación | 50,2 | 47,7 | 45,7 | 51,4 | 2,3 | 1,2 |
| Sanidade | 40,9 | 42,9 | 43,5 | 47,5 | 16,2 | 6,6 |
| Admons. públicas, defensa e seguridad social | 48,8 | 55,4 | 57,8 | 55,5 | 13,8 | 6,7 |
| Outros servicios | 87,2 | 94,0 | 100,3 | 107,7 | 23,6 | 20,6 |
| **Total** | 917,8 | 941,7 | 986,6 | 987,4 | 7,6 | 69,6 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos *do IGE e do INE*

CADRO 2.5.

***Productividade aparente do factor traballo 1997-01***

| | 1997 | 1998 | 1999 | 2000 | 2001 |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(en miles de €. Prezos correntes)* | | |
| **Agricultura** | 9.376,4 | 10.194,7 | 10.536,8 | 10.524,9 | 12.658,1 |
| **Industria** | 33.497,3 | 34.175,3 | 35.181,5 | 36.138,6 | 35.623,6 |
| **Construción** | 26.572,3 | 28.391,8 | 28.965,9 | 30.086,3 | 32.862,4 |
| **Servicios** | 32.472,7 | 33.144,6 | 34.400,1 | 35.210,5 | 37.211,8 |
| **PIB a prezos de mercado** | 29.749,8 | 31.367,7 | 33.002,9 | 33.839,4 | 36.080,5 |
| | **1997** | **1998** | **1999** | **2000** | **2001** |
| | | | (%) | | |
| **Agricultura** | 100 | 108,73 | 112,38 | 112,25 | 135,00 |
| **Industria** | 100 | 102,02 | 105,03 | 107,89 | 106,35 |
| **Construción** | 100 | 106,85 | 109,01 | 113,22 | 123,67 |
| **Servicios** | 100 | 102,07 | 105,94 | 108,43 | 114,59 |
| **PIB a prezos de mercado** | 100 | 105,44 | 110,93 | 113,75 | 121,28 |
| | **1997** | **1998** | **1999** | **2000** | **2001** |
| | | | (%) | | |
| **Agricultura** | 31,52 | 32,50 | 31,93 | 31,10 | 35,08 |
| **Industria** | 112,60 | 108,95 | 106,60 | 106,79 | 98,73 |
| **Construción** | 89,32 | 90,51 | 87,77 | 88,91 | 91,08 |
| **Servicios** | 109,15 | 105,66 | 104,23 | 104,05 | 103,14 |
| **PIB a prezos de mercado** | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, *Contabilidade Trimestral* , e EPA

A **poboación ocupada** no sector industrial acadou no ano 2001 os 189,7 miles de persoas, un 16,8% (27,2 miles de persoas) superior ó existente no ano 1998, tal e como se deduce do **cadro 2.4.** No último ano, as ramas de actividade máis importantes polo seu número de ocupados son as de fabricación de material de transporte, con 34,5 miles de persoas, e as industrias de productos alimenticios, bebidas e tabaco, con 32,1 miles de traballadores, seguidas das industrias do téxtil, coiro, calzado e confeccións téxtiles, con 27,8 miles de persoas.

Comparado co ano 1998, aumenta o total de ocupados en tódalas ramas industriais. As ramas de actividade que experimentan un maior crecemento do emprego son as correspondentes ás industrias do téxtil, coiro e calzado e confeccións téxtiles, con 5,7 miles de ocupados, as industrias do papel, artes gráficas e edición e reproducción de soportes gravados, con 4,5 miles de persoas, e ás coquerías, fabricación de productos químicos e productos metais, con 4,2 miles de persoas ocupadas máis que en 1998.

Considerando os datos da producción nos diferentes sectores productivos e o número de persoas ocupadas nos mesmos no período 1997-01, a **productividade aparente do factor traballo** (**cadro 2.5.**) na industria supera á rexistrada para o conxunto da economía galega nos catros primeiros anos analizados, sendo inferior no ano 2001. En termos absolutos, no ano 2001 o sector industrial xerou 35,6 millóns de euros por cada 1.000 ocupados no sector fronte ós 36,1 millóns de euros no caso do conxunto da economía galega.

Atendendo á evolución da productividade aparente do factor traballo na industria ó longo do período considerado, esta descende no ano 2001 respecto ó ano anterior ata acadar un índice de 106,35 (1997=100). Comparado co resto dos sectores económicos e o conxunto da economía, este índice medra ó longo de todo o período considerado no caso do conxunto da economía galega e nos sectores da construcción e servicios, mentres que no caso do sector primario, a productividade aparente do factor traballo descendeu, respecto ó ano anterior, no ano 2000.

## Sector empresarial

Segundo o *Directorio de Empresas de Galicia*[1] presentado polo IGE, do total das 168.616 empresas que realizan algunha actividade en Galicia a 1 de xaneiro de 2000, tiñan a súa sede social no territorio galego 166.055 empresas, mentres 2.561 a tiñan fóra de Galicia. Comparado co ano anterior, o número de empresas aumenta un 3,2%, incremento que chega ó 8,6% no caso das empresas con sede social fóra de Galicia.

Centrando o estudio no sector industrial, o **cadro 2.6.** amosa que o número total de empresas industriais ascendeu a 1 de xaneiro de 2000 a 14.999 (14.570 empresas no ano anterior), das que 14.796 empresas (14.365 a 1 de xaneiro de 1999) teñen a súa sede social en Galicia. Comparado co total estatal, o peso relativo das empresas industriais galegas no total mantense no 8,9% nos dous anos considerados para o total industrial. A importancia relativa no caso das empresas con sede social en Galicia mantense no 8,9% en tanto que no caso das empresas industriais con sede social fóra de Galicia, descende desde os 8,7% de 1999 ata os 7,9% do ano 2000.

Atendendo á desagregación sectorial, o **cadro 2.6.** amosa que o subsector industrial que presenta o maior número de empresas en Galicia é o da alimentación bebidas e tabaco, seguíndolle en importancia o da metalurxia e fabricación de productos metálicos. Esta mesma situación preséntase nas provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra, mentres que na provincia de A Coruña, o subsector máis importante é o da industria téxtil e da confección, seguido da industria da metalurxia e fabricación de productos metálicos.

Do **cadro 2.6.** pode deducirse a importancia relativa do sector de industrias extractivas doutros productos minerais agás productos enerxéticos, da industria de transformación do caucho e materias plásticas e das industrias de fabricación de material de transporte na provincia de Pontevedra (acolle o 46,2%, o 47,5% e o 55,4% do total de empresas dos devanditos subsectores con sede social en Galicia, respectivamente), e a importancia das empresas pertencentes á industria téxtil e da confección e da producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga, na provincia de A Coruña (55% e 61,1%, respectivamente).

No conxunto de empresas de Galicia a 1-1-2000, seis de cada dez empresas non tiñan traballadores asalariados e tres de cada dez tiñan menos de cinco asalariados. O peso relativo das empresas con máis de 50 asalariados é, nese período de tempo, do 0,6% do total de empresas (**cadro 2.7.**).

Tendo en conta a diferenciación entre empresas galegas con sede social en Galicia e as que a teñen fóra, estas últimas presentan unha dimensión empresarial diferente á descrita. Por unha banda, a importancia relativa das empresas sen asalariados é do 42,6% e o das empresas que teñen entre un e cinco traballadores, do 27,2%. Por outra banda, as empresas con máis de 50 asalariados representan o 7,5% das empresas galegas con sede social fóra de Galicia.

Atendendo á distribución entre Galicia occidental-costa[2] e a Galicia interior, o **cadro 2.8.** reflicte que as 24 comarcas pertencentes ó primeiro grupo acollen o 66,2% do total de empresas industriais que teñen a súa sede social en Galicia (o 70,6% do total de empresas galegas con sede en Galicia).

1) O Directorio cubre tódalas actividades económicas agás a producción agraria e pesqueira, os servicios administrativos da Administración Central, Autónoma e Local (incluída a Seguridade Social), as actividades das Comunidades de propietarios e o Servicio doméstico. No caso das empresas con actividades asociativas a información procede basicamente do rexistro de contas de cotización á S.S., polo que a cobertura neste caso pode ser escasa. A unidade básica de análise é a empresa, que se define como unha organización sometida a unha autoridade rectora que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ámbalas dúas e constituída con miras a exercer nun ou varios lugares unha ou varias actividades económicas por conta dunha mesma empresa.

2) A Galicia occidental-costa está formado por 24 comarcas: Barbanza, A Barcala, Bergantiños, Betanzos, A Coruña, Eume, Ferrol, Fisterra, Muros, Noia, Ortegal, Santiago, O Sar, Terra de Soneira, e Xallas, na provincia de A Coruña; A Mariña Central, A Mariña Occidental, e A Mariña Oriental, na provincia de Lugo; e O Baixo Miño, Caldas, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo, na provincia de Pontevedra.

CADRO 2.6.

***Empresas industriais existentes en Galicia a 1 de xaneiro de 1999 e 2000: distribución por ramas de actividade*** (1)

| | 1999 | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia | Fóra de Galicia | Total |
| **Industrias extractivas** | 58 | 73 | 81 | 182 | 394 | 11 | 405 |
| Extracción de productos enerxéticos | 2 | 6 | - | - | 8 | 1 | 9 |
| Extracción doutros productos minerais agás productos enerxéticos | 56 | 67 | 81 | 182 | 386 | 10 | 396 |
| **Industria manufactureira** | 5.528 | 1.887 | 2.036 | 4.411 | 13.862 | 164 | 14.026 |
| Industria da alimentación, bebidas e tabaco | 972 | 454 | 578 | 771 | 2.775 | 36 | 2.811 |
| Industria téxtil e da confección | 973 | 172 | 166 | 469 | 1.780 | 3 | 1.783 |
| Industria do coiro e do calzado | 29 | 13 | 10 | 16 | 68 | 1 | 69 |
| Industria da madeira e da cortiza | 663 | 259 | 326 | 638 | 1.886 | 5 | 1.891 |
| Industria do papel; edición, artes gráficas e reproducción de soportes gravados | 413 | 72 | 55 | 341 | 881 | 12 | 893 |
| Refinado de petróleo e tratamento de combustibles nucleares | - | - | - | - | - | 2 | 2 |
| Industria química | 64 | 10 | 23 | 65 | 162 | 11 | 173 |
| Industria da transformación do caucho e materias plásticas | 70 | 13 | 24 | 86 | 193 | 7 | 200 |
| Industrias doutros productos minerais non metálicos | 319 | 142 | 179 | 351 | 991 | 19 | 1.010 |
| Metalurxia e fabricación de productos metálicos | 792 | 382 | 351 | 734 | 2.259 | 20 | 2.279 |
| Industria da construcción de maquinaria e equipo mecánico | 191 | 68 | 31 | 172 | 462 | 19 | 481 |
| Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico | 191 | 45 | 59 | 159 | 454 | 9 | 463 |
| Fabricación de material de transporte | 158 | 40 | 16 | 261 | 475 | 13 | 488 |
| Industrias manufactureiras diversas | 693 | 217 | 218 | 348 | 1.476 | 7 | 1.483 |
| **Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga** | 65 | 13 | 9 | 22 | 109 | 30 | 139 |
| **Total industrial** | 5.651 | 1.973 | 2.126 | 4.615 | 14.365 | 205 | 14.570 |
| **Total Galicia** | 67.434 | 21.207 | 20.519 | 51.828 | 160.988 | 2.358 | 163.346 |
| **Empresas industriais/total empresas** *(%)* | 8,4 | 9,3 | 10,4 | 8,9 | 8,9 | 8,7 | 8,9 |

| | 2000 | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia | Fóra de Galicia | Total |
| **Industrias extractivas** | 62 | 74 | 84 | 182 | 402 | 12 | 414 |
| Extracción de productos enerxéticos | 2 | 6 | - | - | 8 | 1 | 9 |
| Extracción doutros productos minerais agás productos enerxéticos | 60 | 68 | 84 | 182 | 394 | 11 | 405 |
| **Industria manufactureira** | 5.666 | 1.931 | 2.087 | 4.584 | 14.268 | 158 | 14.426 |
| Industria da alimentación, bebidas e tabaco | 963 | 453 | 605 | 776 | 2.797 | 38 | 2.835 |
| Industria téxtil e da confección | 1.046 | 171 | 176 | 509 | 1.902 | 2 | 1.904 |
| Industria do coiro e do calzado | 27 | 13 | 12 | 12 | 64 | - | 64 |
| Industria da madeira e da cortiza | 667 | 267 | 315 | 655 | 1.904 | 4 | 1.908 |
| Industria do papel; edición, artes gráficas e reproducción de soportes gravados | 446 | 74 | 56 | 361 | 937 | 19 | 956 |
| Refinado de petróleo e tratamento de combustibles nucleares | - | - | - | - | - | 2 | 2 |
| Industria química | 62 | 11 | 22 | 66 | 161 | 6 | 167 |
| Industria da transformación do caucho e materias plásticas | 69 | 14 | 24 | 97 | 204 | 7 | 211 |
| Industrias doutros productos minerais non metálicos | 324 | 146 | 181 | 366 | 1.017 | 18 | 1.035 |
| Metalurxia e fabricación de productos metálicos | 818 | 391 | 363 | 760 | 2.332 | 20 | 2.352 |
| Industria da construcción de maquinaria e equipo mecánico | 201 | 72 | 33 | 178 | 484 | 17 | 501 |
| Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico | 183 | 47 | 62 | 163 | 455 | 6 | 461 |
| Fabricación de material de transporte | 157 | 44 | 18 | 272 | 491 | 12 | 503 |
| Industrias manufactureiras diversas | 703 | 228 | 220 | 369 | 1.520 | 7 | 1.527 |
| **Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga** | 77 | 17 | 9 | 23 | 126 | 33 | 159 |
| **Total industrial** | 5.805 | 2.022 | 2.180 | 4.789 | 14.796 | 203 | 14.999 |
| **Total Galicia** | 69.358 | 21.854 | 20.969 | 53.874 | 166.055 | 2.561 | 168.616 |
| **Empresas industriais/total empresas** *(%)* | 8,4 | 9,3 | 10,4 | 8,9 | 8,9 | 7,9 | 8,9 |

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do *IGE, Directorio de empresas e unidades locais de de Galicia*

CADRO 2.7.

***Número de empresas en Galicia 2000: distribución segundo a súa dimensión empresarial***

| | Galicia | | | | | Fóra de Galicia | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total | | |
| **Sen asalariados** | 42.576 | 12.940 | 13.065 | 30.896 | 99.477 | 1.090 | 100.567 |
| **De 1 a 5 asalariados** | 21.025 | 7.446 | 6.433 | 17.741 | 52.645 | 697 | 53.342 |
| **De 6 a 9 asalariados** | 2.480 | 733 | 689 | 2.296 | 6.198 | 186 | 6.384 |
| **De 10 a 19 asalariados** | 1.833 | 466 | 462 | 1.646 | 4.407 | 229 | 4.636 |
| **De 20 a 49 asalariados** | 1.035 | 214 | 237 | 977 | 2.463 | 156 | 2.619 |
| **De 50 a 99 asalariados** | 252 | 34 | 55 | 194 | 535 | 85 | 620 |
| **De 100 a 499 asalariados** | 145 | 21 | 25 | 113 | 304 | 94 | 398 |
| **500 ou máis asalariados** | 12 | - | 3 | 11 | 26 | 24 | 50 |
| **Total** | 69.358 | 21.854 | 20.969 | 53.874 | 166.055 | 2.561 | 168.616 |

Fonte: IGE, *Directorio de Empresas e Unidades Locais de Galicia 2000.*

CADRO 2.9.

***Empresas en Galicia a 1/1/2000: distribución segundo áreas funcionais e número de asalariados***

| | Ferrol | A Coruña | Santiago | Monforte | Lugo | A Mariña | Ourense | Verín | O Barco | Vigo | Pontevedra | Lalín | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Sen asalariados** | 6.624 | 22.655 | 13.297 | 2.084 | 8.204 | 2.652 | 10.514 | 1.207 | 1.344 | 17.058 | 11.261 | 2.577 | 99.477 |
| **De 1 a 5 asalariados** | 3.134 | 10.916 | 6.975 | 1.072 | 4.825 | 1.549 | 5.299 | 538 | 596 | 10.118 | 6.204 | 1.419 | 52.645 |
| **De 6 a 9 asalariados** | 324 | 1.365 | 791 | 72 | 479 | 182 | 576 | 52 | 61 | 1.394 | 768 | 134 | 6.198 |
| **De 10 a 19 asalariados** | 245 | 977 | 611 | 44 | 319 | 103 | 383 | 40 | 39 | 1.026 | 513 | 107 | 4.407 |
| **De 20 a 49 asalariados** | 144 | 609 | 282 | 21 | 146 | 47 | 190 | 12 | 35 | 614 | 304 | 59 | 2.463 |
| **De 50 a 99 asalariados** | 31 | 139 | 82 | 2 | 27 | 5 | 36 | 3 | 16 | 123 | 59 | 12 | 535 |
| **De 100 a 499 asalariados** | 21 | 78 | 46 | 2 | 16 | 3 | 16 | 2 | 7 | 80 | 29 | 4 | 304 |
| **500 ou máis asalariados** | 1 | 8 | 3 | | | | 3 | - | - | 9 | 2 | - | 26 |
| **Total** | 10.524 | 36.747 | 22.087 | 3.297 | 14.016 | 4.541 | 17.017 | 1.854 | 2.098 | 30.422 | 19.140 | 4.312 | 166.055 |

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do *IGE, Directorio de empresas de Galicia*

Nestas comarcas salienta, por unha banda, o elevado peso relativo no total galego das empresas pertencentes ó subsector fabricación de material de transporte, co 92,5% das empresas, e das industrias do papel, edición, artes gráficas e reproducción de soportes gravados, co 84,3%. Pola contra, a importancia relativa das industrias extractivas (e a dos seus compoñentes), das industrias de alimentación, bebidas e tabaco, e da industria do coiro e do calzado está en torno ó 55%.

En termos absolutos, entre as 9.794 empresas industriais destas comarcas, os subsectores máis importantes son os da industria da alimentación, bebidas e tabaco, con 1.556 empresas; industria da metalurxia e fabricación de productos metálicos, con 1.447 firmas; e a industria téxtil e da confección de calzado, con 1.434 empresas industriais. Na Galicia interior salienta o subsector da industria da alimentación, bebidas e tabaco, con 1.241 empresas; industria da metalurxia e fabricación de productos metálicos, con 885 compañías; e o subsector industria da madeira e da cortiza, con 754 firmas.

O devandito **cadro 2.8.** amosa a concentración da actividade industrial nas áreas funcionais de A Coruña e Vigo, onde están emprazadas o 39,6% do total das empresas con sede social en Galicia. Atendendo ás distintas ramas de actividade, Vigo e A Coruña acollen máis da metade das empresas galegas no caso das industrias de transformación do caucho e materias plásticas (64,7%), da industria da construcción de maquinaria e equipo mecánico (53,7%), da industria do papel, edición, artes gráficas e reproducción de soportes gravados (52,7%) e da industria téxtil e da confección (50,9%). A porcentaxe no caso da industria de fabricación de material de transporte e de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico é do 49,5% e do 49%, respectivamente.

Atendendo ó peso relativo das empresas industriais no total de empresas emprazadas en cada unha das áreas funcionais, o devandito cadro reflicte que as áreas funcionais de O Barco e Lalín son as que presentan un valor máis elevado, co 12,8% e 12,2%, respectivamente. No outro extremo atópase Ferrol, cun peso relativo do 6,6%, e Pontevedra, co 8,0%.

O **cadro 2.9.** reflicte a **dimensión empresarial** daquelas empresas con sede social en Galicia e a súa distribución segundo áreas funcionais. Cómpre salientar que as empresas ubicadas nas áreas funcionais deVerín e O Barco son as que presentan o peso relativo máis elevado no caso das empresas sen asalariados e o máis reducido no caso das empresas que teñen entre un e cinco traballadores, co 65,1% e 29% e 64,1% e 28,4%, respectivamente.

No caso das empresas sen asalariados, Vigo é a área funcional co peso relativo máis baixo, co 56,1% das empresas emprazadas en Vigo, e no caso das empresas entre un e cinco asalariados, Lugo e A Mariña son as áreas funcionais con importancia relativa máis elevada, co 34,4% e 34,1%, respectivamente.

## Indicadores económico-financeiros

Segundo a *Encuesta industrial anual de empresas* do INE, os ingresos de explotación da

CADRO 2.10.

***Principais variables económicas da industria nas CC.AA. 1999-00***

| | 1999 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Cifra de negocios | Ingresos de explotación | Variación de existencias | Total consumos | Gastos de persoal | Gastos de explotación |
| | | | *(en miles de €)* | | | |
| **Andalucía** | 30.784.465,0 | 31.338.586,2 | 329.919,6 | 19.928.629,8 | 4.522.940,6 | 29.845.179,3 |
| **Aragón** | 15.590.145,8 | 15.771.242,8 | - 5.379,1 | 9.758.315,0 | 2.249.954,9 | 14.524.148,7 |
| **Asturias** | 8.007.242,2 | 8.356.021,5 | - 38.591,0 | 4.542.509,6 | 1.607.803,5 | 7.885.465,1 |
| **Baleares** | 2.460.771,9 | 2.502.806,7 | 1.568,6 | 1.228.805,3 | 497.151,2 | 2.171.739,2 |
| **Canarias** | 4.882.880,8 | 4.963.584,7 | - 6.929,7 | 2.561.976,4 | 782.493,7 | 4.319.612,2 |
| **Cantabria** | 4.454.996,2 | 4.524.473,2 | 3.756,3 | 2.404.276,8 | 816.949,7 | 4.102.027,8 |
| **Castela - A Mancha** | 14.121.921,3 | 14.399.949,5 | 83.095,9 | 9.113.735,5 | 1.929.891,9 | 13.310.104,2 |
| **Castela e León** | 23.429.417,1 | 23.730.902,8 | 5.006,4 | 14.754.053,8 | 3.342.186,2 | 21.816.162,4 |
| **Cataluña** | 98.347.367,0 | 99.988.917,3 | 318.145,8 | 58.122.005,5 | 16.136.027,1 | 92.561.784,0 |
| **C. Valenciana** | 40.628.833,0 | 41.054.632,0 | 171.841,4 | 24.608.723,1 | 6.414.950,8 | 37.966.794,1 |
| **Extremadura** | 2.522.586,0 | 2.594.587,3 | 60.780,4 | 1.642.415,8 | 384.713,9 | 2.431.039,9 |
| **Galicia** | 22.919.398,3 | 23.359.020,6 | - 33.873,0 | 14.715.715,3 | 2.949.424,8 | 21.354.368,8 |
| **Madrid** | 49.152.957,6 | 50.012.056,3 | 74.669,7 | 28.811.330,3 | 7.940.920,5 | 45.741.492,7 |
| **Murcia** | 7.952.087,3 | 8.130.672,1 | 61.699,9 | 5.152.825,4 | 1.127.558,8 | 7.534.041,3 |
| **Navarra** | 10.791.833,4 | 10.945.920,9 | 31.949,8 | 6.753.428,8 | 1.665.596,9 | 10.165.092,0 |
| **País Vasco** | 33.809.551,3 | 34.245.705,8 | 279.542,7 | 19.709.759,2 | 6.055.046,7 | 31.739.485,3 |
| **La Rioja** | 3.917.829,6 | 3.965.201,4 | 11.088,7 | 2.346.838,1 | 601.054,2 | 3.602.526,7 |
| **Total industria** | 373.774.283,9 | 379.884.281,1 | 1.348.292,5 | 226.155.343,6 | 59.024.665,5 | 351.071.063,7 |

| | 2000 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Cifra de negocios | Ingresos de explotación | Variación de existencias | Total consumos | Gastos de persoal | Gastos de explotación |
| | | | *(en miles de €)* | | | |
| **Andalucía** | 35.278.094,3 | 35.858.137,1 | 19.737,2 | 22.847.300,9 | 4.714.170,7 | 33.286.797,0 |
| **Aragón** | 17.601.012,1 | 17.868.480,5 | 131.687,8 | 11.496.970,9 | 2.488.725,0 | 16.846.177,0 |
| **Asturias** | 9.287.692,5 | 9.660.277,9 | 168.980,6 | 5.321.884,1 | 1.731.564,0 | 9.016.906,5 |
| **Baleares** | 2.820.459,7 | 2.856.322,0 | -234,4 | 1.573.648,0 | 499.465,1 | 2.580.361,3 |
| **Canarias** | 5.583.793,1 | 5.665.302,4 | 6.701,3 | 3.422.084,8 | 767.498,5 | 5.203.424,6 |
| **Cantabria** | 4.887.160,0 | 4.979.012,7 | 20.795,0 | 2.730.091,5 | 875.939,1 | 4.583.456,5 |
| **Castela - A Mancha** | 15.407.546,3 | 15.804.941,5 | 217.830,8 | 10.353.665,6 | 1.911.729,4 | 14.633.154,2 |
| **Castela e León** | 25.551.560,8 | 25.870.842,5 | 147.824,9 | 16.420.420,0 | 3.593.667,7 | 24.016.101,1 |
| **Cataluña** | 110.310.518,9 | 112.135.912,9 | 592.399,6 | 67.827.599,7 | 17.248.650,7 | 105.079.525,9 |
| **C. Valenciana** | 44.874.148,1 | 45.382.790,6 | 252.268,8 | 27.648.077,4 | 7.064.188,1 | 42.438.654,7 |
| **Extremadura** | 3.015.271,7 | 3.098.433,8 | 39.967,3 | 1.933.239,6 | 421.237,4 | 2.859.910,1 |
| **Galicia** | 26.521.251,8 | 26.997.247,4 | 71.610,6 | 17.716.232,1 | 3.188.735,8 | 24.954.653,6 |
| **Madrid** | 56.181.097,0 | 57.245.886,1 | 345.672,1 | 34.548.321,4 | 8.676.811,8 | 53.016.095,1 |
| **Murcia** | 9.531.745,5 | 9.655.560,0 | 97.358,0 | 6.187.948,5 | 1.232.513,6 | 9.038.194,3 |
| **Navarra** | 12.055.269,1 | 12.227.513,1 | 91.732,5 | 7.800.542,1 | 1.797.212,5 | 11.468.981,8 |
| **País Vasco** | 36.759.150,4 | 37.238.391,5 | 291.028,1 | 21.894.612,5 | 6.521.943,0 | 34.902.335,5 |
| **La Rioja** | 4.346.267,1 | 4.413.778,8 | 69.753,5 | 2.615.754,9 | 642.626,2 | 4.057.060,1 |
| **Total industria** | 420.012.032,3 | 426.958.830,7 | 2.565.113,7 | 262.338.387,8 | 63.376.672,3 | 397.981.783,3 |

Fonte: *INE* , *Encuesta Industrial Anual de Empresas*

CADRO 2.11.

***Ingresos de explotación, gastos de persoal e persoas ocupadas na industria: taxas de crecemento 1998-00***

| | 00/99 | | | 99/98 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Ingresos de explotación | Gastos de persoal | Persoas ocupadas | Ingresos de explotación | Gastos de persoal | Persoas ocupadas |
| | | % | | | % | |
| **Andalucía** | 14,4 | 4,2 | 0,9 | 2,2 | 4,7 | 3,7 |
| **Aragón** | 13,3 | 10,6 | 5,8 | 2,2 | 4,1 | 0,2 |
| **Asturias** | 15,6 | 7,7 | 4,9 | 3,5 | 0,8 | -1,0 |
| **Baleares** | 14,1 | 0,5 | -1,6 | 6,6 | 3,7 | -2,8 |
| **Canarias** | 14,1 | -1,9 | -8,9 | 5,6 | 2,0 | 6,2 |
| **Cantabria** | 10,0 | 7,2 | 4,1 | -2,9 | 2,2 | -0,2 |
| **Castela - A Mancha** | 9,8 | -0,9 | -6,3 | 17,9 | 11,1 | 7,0 |
| **Castela e León** | 9,0 | 7,5 | 0,3 | 8,8 | 3,6 | 1,5 |
| **Cataluña** | 12,1 | 6,9 | 0,2 | 7,7 | 4,9 | 4,7 |
| **C. Valenciana** | 10,5 | 10,1 | 2,3 | 8,4 | 5,5 | 2,6 |
| **Extremadura** | 19,4 | 9,5 | -0,3 | -0,3 | 3,9 | 3,2 |
| **Galicia** | 15,6 | 8,1 | 5,0 | 16,5 | 3,7 | -2,6 |
| **Madrid** | 14,5 | 9,3 | 5,7 | 9,2 | 3,5 | -0,2 |
| **Murcia** | 18,8 | 9,3 | 4,0 | 13,8 | 9,7 | 7,5 |
| **Navarra** | 11,7 | 7,9 | 3,1 | 5,6 | 6,6 | 4,0 |
| **País Vasco** | 8,7 | 7,7 | 0,1 | 12,3 | 6,2 | 4,6 |
| **La Rioja** | 11,3 | 6,9 | -0,3 | 2,5 | 8,4 | 8,6 |
| **Total España** | 12,4 | 7,4 | 1,5 | 8,3 | 4,9 | 2,9 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos *INE* , *Encuesta Industrial Anual de Empresas*

CADRO 2.12.

***Principais variables económicas da industria galega 1999-00: distribución segundo actividade económica***

**1999** (en miles de €)

| | Cifra de negocios | Ingresos de explotación | Variación existencias | Total consumo | Gastos persoal | Gastos de explotación |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Industrias extractivas, enerxía e auga | 4.280.654,6 | 4.375.055,6 | 6.923,7 | 2.496.952,9 | 313.968,7 | 3.573.161,2 |
| Alimentación, bebidas e tabaco | 3.918.869,4 | 3.951.642,6 | - 10.223,2 | 2.758.952,1 | 398.873,7 | 3.731.095,2 |
| Industria téxtil, confección, coiro e calzado | 1.125.275,0 | 1.136.802,4 | 16.593,9 | 690.142,2 | 221.190,5 | 1.037.593,3 |
| Madeira e corcho | 1.209.140,2 | 1.222.164,1 | 4.970,4 | 770.154,9 | 159.929,3 | 1.122.017,5 |
| Pepel, edición, artes gráficas | 600.266,8 | 609.907,1 | 18,0 | 275.774,4 | 115.051,7 | 539.306,2 |
| Industria química | 570.823,3 | 576.983,6 | 2.890,9 | 309.262,8 | 88.871,7 | 539.889,2 |
| Caucho e materias plásticas | 538.188,3 | 543.296,9 | 2.993,0 | 351.255,5 | 80.565,7 | 518.330,9 |
| Productos minerais non metálicos diversos | 1.064.296,3 | 1.072.331,8 | 1.466,5 | 592.513,8 | 209.506,8 | 1.002.458,1 |
| Metalurxia e fabricación de prod. metálicos | 1.940.680,1 | 1.971.662,3 | - 10.421,5 | 1.047.125,4 | 341.939,8 | 1.747.995,6 |
| Maquinaria e equipo mecánico | 518.192,6 | 521.143,6 | 661,1 | 316.979,8 | 120.545,0 | 493.521,1 |
| Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico | 587.771,8 | 595.759,3 | - 6.827,5 | 339.848,3 | 102.196,1 | 523.517,6 |
| Material de transporte | 6.266.404,6 | 6.482.180,0 | - 41.596,0 | 4.599.335,3 | 728.727,2 | 6.251.848,1 |
| Industrias manufactureiras diversas | 298.835,2 | 300.091,4 | - 1.316,2 | 167.417,9 | 68.064,6 | 273.628,8 |
| **Total industrial** | 22.919.398,3 | 23.359.020,6 | - 33.873,0 | 14.715.715,3 | 2.949.424,8 | 21.354.368,8 |

**2000** (en miles de €)

| | Cifra de negocios | Ingresos de explotación | Variación existencias | Total consumo | Gastos persoal | Gastos de explotación |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Industrias extractivas, enerxía e auga | 4.265.551,2 | 4.332.497,9 | 29.690,0 | 2.660.013,5 | 292.506,6 | 3.632.060,4 |
| Alimentación, bebidas e tabaco | 4.301.876,4 | 4.355.817,2 | 4.555,7 | 3.076.959,6 | 423.118,5 | 4.099.149,0 |
| Industria téxtil, confección, coiro e calzado | 1.865.036,7 | 1.886.775,3 | 15.397,9 | 1.270.377,3 | 270.846,1 | 1.785.330,5 |
| Madeira e corcho | 1.385.176,6 | 1.405.581,0 | 9.682,3 | 932.211,8 | 184.372,5 | 1.340.599,6 |
| Pepel, edición, artes gráficas | 791.334,6 | 800.608,2 | 5.637,5 | 361.166,2 | 140.360,4 | 662.165,1 |
| Industria química | 729.682,8 | 736.702,6 | 5.403,1 | 425.967,3 | 88.463,0 | 676.607,4 |
| Caucho e materias plásticas | 544.871,6 | 550.136,4 | 5.204,8 | 326.055,1 | 88.102,4 | 512.783,5 |
| Productos minerais non metálicos diversos | 1.106.511,4 | 1.116.187,7 | 2.374,0 | 593.150,9 | 237.610,1 | 1.053.946,8 |
| Metalurxia e fabricación de prod. metálicos | 2.538.849,4 | 2.571.033,6 | 29.016,9 | 1.471.277,6 | 386.931,6 | 2.261.091,7 |
| Maquinaria e equipo mecánico | 458.999,0 | 463.212,0 | - 619,0 | 258.916,0 | 132.847,7 | 445.512,2 |
| Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico | 705.107,4 | 718.828,5 | 9.892,7 | 454.755,8 | 113.140,5 | 657.555,3 |
| Material de transporte | 7.576.514,9 | 7.807.021,0 | - 44.258,5 | 5.758.645,6 | 760.731,1 | 7.597.327,9 |
| Industrias manufactureiras diversas | 251.752,0 | 252.833,8 | - 372,6 | 126.741,4 | 69.705,4 | 230.518,2 |
| **Total industrial** | 26.521.251,8 | 26.997.247,4 | 71.610,6 | 17.716.232,1 | 3.188.735,8 | 24.954.653,6 |

Fonte: *INE* , *Encuesta Industrial Anual de Empresas*

CADRO 2.13.

***Principais variables económicas da industria 1999-00: taxas de crecemento segundo actividade económica***

**99/98**

| | Galicia | | | España | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Ingresos de explotación | Gastos persoal | Persoas ocupadas | Ingresos de explotación | Gastos persoal | Persoas ocupadas |
| | | | *(%)* | | | |
| **Industrias extractivas, enerxía e auga** | 50,5 | -6,4 | -9,8 | 24,3 | -1,9 | -3,3 |
| **Alimentación, bebidas e tabaco** | -4,4 | 1,6 | -7,1 | -0,5 | 3,6 | 2,8 |
| **Industria téxtil, confección, coiro e calzado** | 1,0 | -4,7 | -7,0 | 4,6 | 6,0 | 1,3 |
| **Madeira e corcho** | 0,7 | 2,1 | -3,9 | 9,9 | 8,7 | 3,3 |
| **Pepel, edición, artes gráficas** | 36,3 | 9,7 | 4,0 | 3,0 | 2,8 | -0,7 |
| **Industria química** | 10,7 | 25,7 | -3,1 | 4,5 | 4,2 | 2,1 |
| **Caucho e materias plásticas** | 15,7 | 8,5 | 9,0 | 2,5 | 2,2 | 2,9 |
| **Productos minerais non metálicos diversos** | 26,7 | 4,8 | 4,3 | 14,8 | 7,4 | 6,3 |
| **Metalurxia e fabricación de prod. metálicos** | 20,1 | 6,1 | 3,5 | 11,0 | 8,2 | 5,6 |
| **Maquinaria e equipo mecánico** | 20,5 | -0,4 | -2,1 | 8,5 | 6,6 | 4,9 |
| **Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico** | 11,8 | 9,5 | -2,0 | 7,6 | 5,7 | 3,9 |
| **Material de transporte** | 18,0 | 9,2 | 0,4 | 11,5 | 5,1 | 2,1 |
| **Industrias manufactureiras diversas** | 7,6 | -8,5 | -8,9 | 5,5 | 5,8 | 3,5 |
| **Total industrial** | 16,5 | 3,7 | -2,6 | 8,3 | 4,9 | 2,9 |

**00/99**

| | Galicia | | | España | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Ingresos de explotación | Gastos persoal | Persoas ocupadas | Ingresos de explotación | Gastos persoal | Persoas ocupadas |
| | | | *(%)* | | | |
| **Industrias extractivas, enerxía e auga** | -1,0 | -6,8 | 4,1 | 32,7 | 1,1 | -0,1 |
| **Alimentación, bebidas e tabaco** | 10,2 | 6,1 | 1,2 | 1,5 | 2,2 | -3,5 |
| **Industria téxtil, confección, coiro e calzado** | 66,0 | 22,4 | 15,6 | 4,9 | 2,2 | -2,0 |
| **Madeira e corcho** | 15,0 | 15,3 | 6,8 | 11,0 | 7,9 | 2,7 |
| **Pepel, edición, artes gráficas** | 31,3 | 22,0 | 12,4 | 18,6 | 15,2 | 9,1 |
| **Industria química** | 27,7 | -0,5 | 12,0 | 15,9 | 4,8 | 1,7 |
| **Caucho e materias plásticas** | 1,3 | 9,4 | 6,0 | 11,8 | 13,9 | 7,8 |
| **Productos minerais non metálicos diversos** | 4,1 | 13,4 | 6,8 | 5,5 | 7,5 | 2,1 |
| **Metalurxia e fabricación de prod. metálicos** | 30,4 | 13,2 | 5,6 | 13,4 | 11,4 | 2,8 |
| **Maquinaria e equipo mecánico** | -11,1 | 10,2 | 4,5 | 8,4 | 10,6 | 5,4 |
| **Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico** | 20,7 | 10,7 | 6,1 | 12,1 | 8,7 | 1,1 |
| **Material de transporte** | 20,4 | 4,4 | 1,5 | 10,8 | 6,7 | 2,1 |
| **Industrias manufactureiras diversas** | -15,7 | 2,4 | -18,4 | 10,8 | 8,0 | 0,0 |
| **Total industrial** | 15,6 | 8,1 | 5,0 | 12,4 | 7,4 | 1,5 |

Fonte: *INE* , *Encuesta Industrial Anual de Empresas*

CADRO 2.14.

***Sectores productivos 2000***

| | Empresas | Ingresos de explotación | V.E.B. c.f. | Cash-flow | Activo total | Emprego medio |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(en millóns de €)* | | | |
| **Sector primario** | 2.750 | 10.706,1 | 1.454,3 | 448,3 | 6.418,3 | 20 |
| Complexo Mar-Industria | 731 | 3.674,1 | 535,0 | 162,9 | 2.599,1 | 27 |
| Complexo Agro-Gandeiro | 1.213 | 5.000,2 | 523,0 | 153,9 | 2.249,6 | 18 |
| Complexo Silvicultura-Madeira | 806 | 2.031,8 | 396,3 | 131,5 | 1.569,6 | 18 |
| **Industria** | 3.685 | 20.515,9 | 3.503,9 | 1.205,0 | 12.149,6 | 30 |
| Enerxía | 141 | 517,4 | 182,8 | 82,8 | 1.298,0 | 15 |
| Bens intermedios | 887 | 3.413,1 | 741,9 | 236,6 | 2.647,9 | 25 |
| Bes de equipamento | 1.889 | 11.460,7 | 1.618,0 | 419,7 | 4.947,3 | 25 |
| Bens de consumo | 768 | 5.124,8 | 961,2 | 466,0 | 3.256,3 | 47 |
| **Subtotal** | 6.435 | 31.222,1 | 4.958,2 | 1.653,4 | 18.567,9 | |
| **Total** | 12.394 | 41.574,1 | 8.008,5 | 2.452,1 | 31.852,8 | 23 |
| **Subtotal/total Galicia** | 51,9 | 75,1 | 61,9 | 67,4 | 58,3 | |

Fonte: *Ardán*

industria galega no ano 2000 ascenderon a 26.997,2 millóns de euros (o 6,3% do total estatal), un 15,6% máis que o rexistrado no ano anterior. Comparado co resto das comunidades autónomas, **cadro 2.10.**, Galicia é a sexta comunidade autónoma, por detrás de Andalucía, Cataluña, C. Valenciana, Madrid e o País Vasco.

Atendendo ás diferentes actividades económicas, **cadro 2.12.**, o "material de transporte", con 7.807 millóns de euros, é a actividade máis importante, acollendo máis da cuarta parte dos ingresos de explotación da industria galega no ano 2000. Séguelle en importancia as actividades de "alimentación, bebidas e tabaco", con 4.355,8 millóns de euros (16,1%), e a de "industrias extractivas, enerxía e auga", 4.332,5 millóns de euros (16,0%). No conxunto do estado estas porcentaxes ascendían ó 14,1%, 15,6% e 14,1%, respectivamente. Estas tres ramas de actividade acollen en Galicia o 61% dos ingresos de explotación, fronte ó 43,8% no conxunto do estado.

Comparado co ano anterior, sobresáe, por unha banda, o forte crecemento experimentado polos ingresos de explotación das industrias do subsector da "industria téxtil, confección, coiro e calzado", que medran un 66%, e por outra banda, o descenso no caso das "industrias manufactureiras diversas", das "industrias de maquinaria e equipo" e das "industrias extractivas, enerxía e auga".

Entre as diferentes actividades económicas, as actividades de material de transporte son as que presentan o maior volume de gastos de persoal, 760,7 millóns de euros (o 23,9% do total dos gastos de persoal da industria galega), seguidas das actividades de alimentación, bebidas e tabaco, con 423,1 millóns de euros, e de metalurxia e fabricación de productos metálicos, con 386,9 millóns de euros.

A *Encuesta Industrial de Empresas* (EIE) reflicte que a poboación ocupada no sector industrial no ano 2000 ascendeu a 157.373 persoas, 7.488 ocupados máis (5,0%) que no ano anterior. A *Enquisa de poboación activa* amosa un crecemento do 3,8% respecto a 1999, sendo a poboación ocupada de 175,5 miles de persoas (o 6,1% do total estatal).

A análise das variables empresariais da economía galega realízase, fundamentalmente, a partires da información que proporciona o servicio de estudios **Ardán**, que considera as empresas con domicilio social en Galicia –o que implica deixar fóra algunhas empresas importantes, polo que as cifras poden presentar algunha limitación do alcance–, das que se teñen datos no dous últimos anos consecutivos, e que presentan unha facturación superior ós corenta millóns de pesetas.

Tendo en conta estas limitacións, o conxunto de empresas industriais (industria e industrias relacionadas co sector primario) consideradas no período 1999-00 foi de 6.435 empresas, o que representa o 51,9% do total de empresas consideradas.

O **cadro 2.14.**, que recolle os datos relativos á distribución da actividade segundo os grandes grupos de actividade, reflicte que estas empresas tiñan no ano 2000 uns ingresos de explotación de 31.222,1 millóns de euros e xeraron un valor engadido bruto de 4.958,2 millóns de euros.

As 2.750 empresas relacionadas co sector primario presentaron no ano 2000 uns ingresos de explotación de 10.706,1 millóns de euros (o 25,8% do total galego) e xeraron un VEB de 1.454,3 millóns de euros (o 18,2% do VEB galego xerado polo total das empresas consideradas). O emprego medio das empresas deste subsector foi de 20 traballadores, inferior ós 23 rexistrado no conxunto de empresas galegas.

O sector industrial, composto por 3.685 empresas, acolle o 49,3% dos ingresos de explotación e o 43,8% do VEB xerado pola empresas da selección, sendo ademais o sector de actividade co maior emprego medio, con 30 traballadores por empresa.

Esta importancia do sector industrial debe ponderarse tendo en conta os datos da Seguridade Social (CNAE) e os datos da Encuesta Industrial de Empresas. Atendendo á primeira fonte, os grupos industriais acollían no ano 2000 o 14,6% das empresas en alta no réxime xeral (12.754 empresas), fronte ó 29,7% das empresas consideradas por Ardán (neste 29,7% inclúense as actividaes relacionadas coa distribución).

CADRO 2.15.

**_Sectores productivos 1999-00: taxas de crecemento nominal_**

| | Sector Primario | Industria | Industria e industrias relacionadas co S. Primario | Construcción | Servicios | Galicia |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Ingresos de explotación** | 8,3 | 18,0 | 14,5 | 16,6 | 12,2 | 14,6 |
| **VEB** | 7,5 | 10,9 | 9,9 | 15,2 | 6,0 | 10,4 |
| **Gastos de persoal** | 9,6 | 10,9 | 10,5 | 13,1 | 16,7 | 12,2 |
| **Rtdo. neto do exercicio** | 13,2 | 24,4 | 21,5 | 24,7 | -10,7 | 18,1 |
| **Rtdo. de actividades ordinarias** | 2,8 | 21,6 | 17,1 | 17,9 | -55,9 | 9,5 |
| **Rtdo. antes de impostos** | 10,5 | 19,1 | 16,8 | 25,3 | -15,2 | 14,5 |
| **Rendibilidade Económica** | ↓ | ↓ | ↓ | ↑ | ↓ | ↓ |
| **Rendibilidade Financeira** | ↓ | ↓ | ↓ | ↑ | ↓ | ↓ |
| **Gastos persoal / ingresos** | ↑ | ↑ | ↑ | ↓ | ↑ | ↑ |
| **Carga financeira / ingresos** | ↑ | ↑ | ↑ | ↑ | ↑ | ↑ |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos *Ardán*

CADRO 2.16.

**_Evolución da actividade empresarial na industria e sector primario e industrias relacionadas 1999-00: ingresos, custos e resultados_**

| | 1999 | | 2000 | | 00/99 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(%)* |
| **Ingresos de explotación** | 27.270,6 | 100 | 31.222,1 | 100 | 14,5 |
| **Consumo e outros gastos de explotación** | 22.757,8 | 83,5 | 26.263,8 | 84,1 | 15,4 |
| **Valor engadido bruto a custo dos factores** | 4.512,9 | 16,5 | 4.958,2 | 15,9 | 9,9 |
| **Gastos de persoal** | 2.673,6 | 9,8 | 2.953,5 | 9,5 | 10,5 |
| **Resultado económico bruto da explotación** | 1.839,3 | 6,7 | 2.004,8 | 6,4 | 9,0 |
| **Amortizacións** | 695,5 | 2,6 | 791,6 | 2,5 | 13,8 |
| **Resultado económico neto da explotación** | 1.143,8 | 4,2 | 1.213,2 | 3,9 | 6,1 |
| **Resultado financeiro** | -87,4 | -0,3 | 23,6 | 0,1 | 127,0 |
| **Ingresos financeiros** | 193,1 | 0,7 | 407,1 | 1,3 | 110,8 |
| **Gastos financeiros** | 280,5 | 1,0 | 383,6 | 1,2 | 36,7 |
| **Resultado de actividades ordinarias** | 1.056,4 | 3,9 | 1.236,8 | 4,0 | 17,1 |
| **Resultado de actividades extraordinarias** | 22,8 | 0,1 | 23,7 | 0,1 | 4,0 |
| **Resultado antes de impostos** | 1.079,2 | 4,0 | 1.260,5 | 4,0 | 16,8 |
| **Impostos** | 322,7 | 1,2 | 341,3 | 1,1 | 5,8 |
| **Resultado neto do exercicio** | 756,6 | 2,8 | 919,2 | 2,9 | 21,5 |
| **Cash-flow** | 1.409,3 | 5,2 | 1.653,4 | 5,3 | 17,3 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.17.

**_Investimento e financiamento na empresa galega 1999-00: taxas de crecemento nominal_**

| | Sector Primario | Industria | Industria e industrias relacionadas co S. Primario | Construcción | Servicios | Galicia |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(%)* | | | |
| **Activo total** | 11,0 | 14,2 | 13,1 | 11,8 | 13,0 | 12,7 |
| **Activo fixo (neto)** | 12,1 | 14,9 | 13,9 | 14,4 | 12,7 | 13,6 |
| **Circulante neto** | 10,1 | 13,8 | 12,5 | 11,1 | 13,6 | 12,1 |
| **Financiamento permanente** | 9,4 | 14,3 | 12,6 | 41,2 | 10,3 | 17,0 |
| **Fondos propios** | 10,7 | 15,5 | 13,9 | 15,2 | 9,4 | 13,4 |
| **Recursos alleos l/p** | 5,3 | 10,8 | 8,7 | 87,2 | 12,0 | 24,5 |
| **Ingresos distribuidos en varios exercicios** | 13,9 | 14,7 | 14,1 | -2,9 | 3,7 | 9,2 |
| **Acreedores a curto plazo** | 12,5 | 14,2 | 13,6 | -3,9 | 20,0 | 8,5 |
| **Fondo de rotación** | -4,0 | 11,4 | 6,2 | 84,9 | -14,2 | 31,5 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos *Ardán*

Respecto ós datos da *Encuesta Industrial de Empresas*, que recolle unha serie de variables referidas ás empresas nas que a súa actividade principal é considerada industrial (inclúe as actividades de "alimentación, bebidas e tabaco" e as de "madeira e cortiza", que se analizan dentro das industrias relacionadas co sector primario), destaca que os ingresos de explotación das 3.685 empresas consideradas por Ardán representan o 76% do valor indicado na EIE. Os gastos de persoal das empresas de Ardán supoñen o 92,6% dos gastos de persoal das empresas industriais da EIE.

Considerando as empresas do sector industrial e as do sector primario e industrias relacionadas no seu conxunto, a evolución positiva da maioría dos conceptos da conta de explotación agregada das 6.435 empresas no ano 2000 permite afirmar que este foi un bo ano para esas empresas. O resultado neto do exercicio aumentou un 21,5% (un 16,8% no caso do resultado antes de impostos), o que significa un claro crecemento no beneficio destas empresas. O seu peso relativo no total dos ingresos de explotación medra desde o 2,8% do ano 1999 ata o 2,9% do 2000.

Constátase un crecemento do 17,1% do resultado de actividades ordinarias –aquelas directamente relacionadas coa actividade das empresas, xa que exclúe os resultados extraordinarios e o imposto de sociedades– e un aumento do resultado de actividades extraordinarias. Tamén salienta que os resultados financeiros medran un 127% (pasa de –87,4 millóns de euros a 23,6 millóns de euros no ano 2000) e a facturación das empresas o fai nun 14,5%.

Os gastos financeiros medraron no ano 2000 un 36,7%, polo que na estructura de custos das empresas aumentou o seu peso relativo no total dos ingresos de explotación, que no ano 2000 equivalen ó 1,2% dos ingresos, fronte ó 1,0% do ano anterior.

Respecto ós gastos de persoal, que experimentan un crecemento do 10,5%, presentan unha caída do seu peso relativo na estructura de custos con respecto ós ingresos de explotación, pasando de se-lo 9,8% en 1999 ó 9,5% no ano 2000.

A análise do balance agrupado das 6.435 empresas consideradas permite coñece-la súa situación financeira e patrimonial nos anos 1999 e 2000. O trazo fundamental é a boa situación financeira e patrimonial das empresas, despois dun período con resultados positivos.

Mentres o financiamento permanente medra un 12,6%, os fondos propios incrementáronse nun 13,9% e os recursos alleos a longo prazo o fixeron nun 8,7%. O fondo de rotación, que aínda ten un valor absoluto alto e positivo, reduciu o seu peso na estructura do balance, pasando do 8,7% ó 8,2% do ano 2000.

A estructura financeira e patrimonial reflectida na análise de Ardán mostra unha situación de solvencia: o financiamento permanente, con 9.306,3 millóns de euros, representa o 49,9% do total das fontes de financiamento e, dentro deste, os fondos propios significan o 35% e os recursos alleos o 12,8%. O activo fixo neto acada os 7.745,9 millóns de euros, o que propicia un fondo de rotación de 1.516,6 millóns de euros. No ano 2000 o peso dos fondos propios no balance medrou 0,3 puntos, mentres o dos recursos alleos a longo prazo descendeu en 0,5 puntos.

Da análise do balance das empresas despréndese que o activo total medra un 13,1%, sendo o crecemento do activo fixo neto do 13,9%, o que representa un aumento da súa contribución ó activo total en 0,3 puntos, mentres que o circulante neto medra nun 12,5%. O inmobilizado material neto –que é a partida do activo que reflicte os investimentos productivos- medra nun 11,6%, polo que a súa contribución descende dende os 27,9% ata os 27,5% do 2000.

Atendendo á **distribución xeográfica** das empresas galegas consideradas por Ardán, o **cadro 2.19.** amosa os oito principais núcleos de localización segundo o VEB a custo de factores xerado polas empresas emprazadas nestes municipios. En conxunto, no ano 2000 acollen o 63,9% do VEB total xerado polas empresas galegas estudiadas fronte ó 63,2% do ano anterior, sendo esta porcentaxe do 46,6% no caso concreto do sector primario e industrias relacionadas, e do 70,1% no caso da industria.

CADRO 2.18.

***Evolución do investimento e do financiamento na industria e sector primario e industrias relacionadas 1999-00***

| | 1999 | | 2000 | | 00/99 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(%)* |
| **Activo total** | 16.421,2 | 100 | 18.567,9 | 100 | 13,1 |
| **Activo fixo (neto)** | 6.800,4 | 41,4 | 7.745,0 | 41,7 | 13,9 |
| Gastos amortizables | 89,6 | 0,5 | 107,2 | 0,6 | 19,6 |
| Inmobilizado inmaterial | 476,6 | 2,9 | 498,7 | 2,7 | 4,6 |
| Inmobilizado material | 4.576,8 | 27,9 | 5.106,3 | 27,5 | 11,6 |
| Outro inmobilizado | 1.652,2 | 10,1 | 2.021,9 | 10,9 | 22,4 |
| Outro activo fixo | 5,3 | 0,0 | 10,9 | 0,1 | 106,9 |
| **Circulante neto** | 9.620,8 | 58,6 | 10.822,9 | 58,3 | 12,5 |
| Existencias | 2.770,7 | 16,9 | 3.097,3 | 16,7 | 11,8 |
| Debedores | 4.972,7 | 30,3 | 5.647,5 | 30,4 | 13,6 |
| Tesourería | 685,0 | 4,2 | 727,8 | 3,9 | 6,2 |
| Outro activo circulante | 1.192,4 | 7,3 | 1.350,2 | 7,3 | 13,2 |
| **Fontes de financiamento** | 16.421,2 | 100 | 18.567,9 | 100 | 13,1 |
| **Financiamento permanente** | 8.227,9 | 50,1 | 9.261,6 | 49,9 | 12,6 |
| Fondos propios | 5.706,3 | 34,7 | 6.502,0 | 35,0 | 13,9 |
| Recursos alleos l/p | 2.183,1 | 13,3 | 2.373,4 | 12,8 | 8,7 |
| Ingresos distribuidos en varios exercicios | 338,5 | 2,1 | 386,3 | 2,1 | 14,1 |
| **Acreedores a curto plazo** | 8.193,3 | 49,9 | 9.306,3 | 50,1 | 13,6 |
| **Fondo de rotación** | 1.427,4 | 8,7 | 1.516,6 | 8,2 | 6,2 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.19.

***Núcleos de localización empresarial máis importantes pola súa xeración do VEB 1999-00***

| Núcleos | 1999 | 2000 | | | | | 00/99 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Total | S. Primario | Industria | Construcción | Servicios | |
| | | *(en millóns de €)* | | | | | *(%)* |
| **Vigo** | 1.617,5 | 1.790,7 | 262,3 | 1.056,0 | 242,2 | 230,2 | 10,7 |
| **A Coruña** | 1.090,0 | 1.222,2 | 144,1 | 325,7 | 337,5 | 414,8 | 12,1 |
| **Arteixo** | 660,8 | 776,9 | 34,6 | 639,6 | 61,1 | 41,5 | 17,6 |
| **Santiago** | 414,3 | 399,7 | 103,9 | 126,8 | 90,1 | 78,9 | -3,5 |
| **Pontevedra** | 257,3 | 299,3 | 40,4 | 48,1 | 171,7 | 39,1 | 16,3 |
| **O Porriño** | 214,6 | 254,2 | 38,7 | 166,5 | 35,1 | 35,1 | 18,4 |
| **Ourense** | 177,5 | 193,7 | 21,4 | 42,6 | 86,5 | 43,2 | 9,2 |
| **Lugo** | 155,9 | 181,1 | 33,0 | 52,4 | 54,9 | 40,8 | 16,2 |
| **Subtotal** | 4.587,9 | 5.117,8 | 678,4 | 2.457,8 | 1.079,1 | 923,7 | 11,6 |
| **Galicia** | 7.256,3 | 8.008,5 | 1.454,3 | 3.503,9 | 1.781,4 | 1.268,9 | 10,4 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir dos datos de *Ardán*

Vigo e A Coruña son os dous principais núcleos de localización de Galicia, cun un total de 1.790,7 e 1.222,2 millóns de euros xerados, o que supón o 22,4% e 15,3% do VEB total xerado polas empresas seleccionadas polo Ardán.

Considerando as empresas relacionadas co sector primario e as empresas industriais no seu conxunto, Vigo e Arteixo son os dous principais núcleos de localización de Galicia, xerando un total de 1.318,3 e 674,2 millóns de euros, o que supón o 26,6% e 13,6% do VEB total xerado polas 6.345 empresas seleccionadas. En Vigo, Arteixo e O Porriño, salienta a importancia relativa do sector industrial, que representa o 59%, o 82,3% e o 65,5%, respectivamente, do VEB xerado nos ditos municipios (a media galega é do 43,8%).

CADRO 2.20.

***Industrias agrarias a 1-9-1998 (1): distribución segundo sectores***

| Sectores | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| **Cárnicas** | 49 | 51 | 56 | 65 | 221 |
| **Vinícolas e de alcohois** | 79 | 77 | 70 | 59 | 285 |
| **Manipulación e procesado de flores, tubérculos e productos hortofrutícolas** | 53 | 71 | 65 | 53 | 242 |
| **Alimentación animal** | 40 | 35 | 4 | 24 | 103 |
| **Lácteas** | 36 | 38 | 8 | 19 | 101 |
| **Outras agroindustrias (2)** | 28 | 44 | 32 | 20 | 124 |
| **Total** | 285 | 316 | 235 | 240 | 1.076 |

(1) os datos foron extraídos de rexistros administrativos, polo que o feito de aparecer non implica que tódalas industrias estén activas
(2) comprende: manipulación de mel, clasificación e envasado de ovos e outras actividades
Fonte: *Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, Directorio da agroindustria galega*

CADRO 2.21.

***Industrias agrarias a 1-1-1998: distribución segundo intervalos de emprego***

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| **de 1 a 5 traballadores** | 200 | 255 | 189 | 163 | 807 |
| **de 6 a 10 traballadores** | 31 | 30 | 22 | 36 | 119 |
| **de 11 a 25 traballadores** | 19 | 16 | 13 | 20 | 68 |
| **de 26 a 50 traballadores** | 17 | 9 | 5 | 11 | 42 |
| **máis de 50 traballadores** | 10 | 6 | 4 | 10 | 30 |
| **Outros** | 8 | | 2 | | 10 |
| **Total** | **285** | **316** | **235** | **240** | **1.076** |

Fonte: *Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, Directorio da agroindustria galega*

## SECTOR PRIMARIO E INDUSTRIAS RELACIONADAS

Este apartado presenta unha aproximación á situación económico-financeira das industrias englobadas baixo o epígrafe sector primario considerado no seu conxunto, que englobaría ós subsectores agro-gandeiros, mar-industria e silvicultura-madeira. O estudio do sector primario partirá da información facilitada, fundamentalmente, por Ardán.

Unha primeira aproximación ás industrias agrogandeiras está recollida nos **cadros 2.20.** e **2.21.**, onde se amosa que a 1 de setembro de 1998 había en Galicia un total de 1.076 empresas, das que 807 acollían a 5 ou menos traballadores, e tan só 72 empresas tiñan 26 ou máis traballadores.

Atendendo á desagregación segundo subsectores, o máis importante en canto ó número de empresas é o subsector vinícola e de alcois, con 285 empresas (26,5%), das que 77 están emprazadas na provincia de Lugo e 70 na de Ourense. Como reflicte o **cadro 2.20.**, este subsector é o que presenta o maior número de industrias en tódalas provincias agás en Pontevedra, onde é superado polas industrias cárnicas (65 empresas fronte a 59 firmas do subsector vinícola e de alcois).

A provincia de Lugo é a que acolle o maior número de industrias, con 316 (o 29,4% do total de industrias agrarias de Galicia), seguida de A Coruña, con 285 empresas, e Pontevedra e Ourense, con 240 e 235 empresas, respectivamente.

Segundo o criterio de selección de empresas de Ardán, o sector primario e industrias relacionadas está formado no ano 2000 por un total de 2.750 empresas, **cadro 2.14.,** que presentan un emprego medio de 20 traballadores por empresa, e que xeraron un VEB total a custo de factores de 1.454,3 millóns de euros. Comparado coa situación empresarial do conxunto de empresas analizadas polo Ardán, este sector acolle o 22,2% das empresas e xera o 18,2% do VEB a custo de factores.

CADRO 2.22.

**_Sector primario 1999-00: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB_**

| Núcleos | 1999 | 2000 | 00/99 |
|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | | *(%)* |
| **Vigo** | 236,87 | 262,29 | 10,7 |
| **A Coruña** | 129,78 | 144,11 | 11,0 |
| **Santiago** | 100,42 | 103,90 | 3,5 |
| **Pontevedra** | 34,26 | 40,38 | 17,9 |
| **Redondela** | 40,34 | 39,73 | -1,5 |
| **O Porriño** | 35,72 | 38,66 | 8,2 |
| **Carballo** | 37,51 | 37,62 | 0,3 |
| **Cangas** | 29,90 | 37,01 | 23,8 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.23.

**_Sector primario 1999-00: taxas de crecemento nominal_**

| | Sector Primario | Agro-gandeiro | Mar industria | Silvicultura madeira |
|---|---|---|---|---|
| | | *(%)* | | |
| **Ingresos de explotación** | 8,32 | 7,10 | 8,10 | 11,89 |
| **VEB** | 7,54 | 8,18 | 9,53 | 4,19 |
| **Gastos de persoal** | 9,57 | 8,77 | 9,72 | 10,55 |
| **Rtdo. neto do exercicio** | 13,20 | 27,81 | 10,43 | 1,75 |
| **Rtdo. de actividades ordinarias** | 2,82 | 11,77 | 5,71 | -8,29 |
| **Rtdo. antes de impostos** | 10,50 | 23,81 | 10,69 | -2,65 |
| **Rendibilidade Económica** | ↓ | ↓ | ↓ | ↓ |
| **Rendibilidade Financeira** | ↓ | ↓ | ↓ | ↓ |
| **Gastos persoal / ingresos** | ↑ | ↑ | ↑ | ↑ |
| **Carga financeira / ingresos** | ↑ | = | ↑ | ↑ |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos *Ardán*

CADRO 2.24.

**_Evolución da actividade no sector primario 1999-00: ingresos, custos e resultados_**

| | 1999 | | 2000 | | 00/99 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(%)* |
| **Ingresos de explotación** | 9.883,60 | 100 | 10.706,13 | 100 | 8,32 |
| **Consumo e outros gastos de explotación** | 8.531,28 | 86,32 | 9.251,79 | 86,42 | 8,45 |
| **Valor engadido bruto a custo dos factores** | 1.352,32 | 13,68 | 1.454,33 | 13,58 | 7,54 |
| **Gastos de persoal** | 827,95 | 8,38 | 907,14 | 8,47 | 9,57 |
| **Resultado económico bruto da explotación** | 524,37 | 5,31 | 547,19 | 5,11 | 4,35 |
| **Amortizacións** | 219,01 | 2,22 | 241,40 | 2,25 | 10,22 |
| **Resultado económico neto da explotación** | 305,36 | 3,09 | 305,80 | 2,86 | 0,14 |
| **Resultado financeiro** | -52,03 | -0,53 | -45,32 | -0,42 | 12,90 |
| Ingresos financeiros | 66,24 | 0,67 | 114,72 | 1,07 | 73,19 |
| Gastos financeiros | 118,27 | 1,20 | 160,04 | 1,49 | 35,32 |
| **Resultado de actividades ordinarias** | 253,33 | 2,56 | 260,48 | 2,43 | 2,82 |
| **Resultado de actividades extraordinarias** | 33,43 | 0,34 | 56,38 | 0,53 | 68,67 |
| **Resultado antes de impostos** | 286,76 | 2,90 | 316,86 | 2,96 | 10,50 |
| **Impostos** | 92,06 | 0,93 | 96,47 | 0,90 | 4,79 |
| **Resultado neto do exercicio** | 194,70 | 1,97 | 220,39 | 2,06 | 13,20 |
| **Cash-flow** | 399,17 | 4,04 | 448,33 | 4,19 | 12,32 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.25.

***Investimento e financiamento nas empresas do sector primario 1999-00: taxas de crecemento nominal***

| | Sector Primario | Agro-gandeiro | Mar industria | Silvicultura madeira |
|---|---|---|---|---|
| **Activo total** | 10,95 | 11,90 | 9,43 | 12,15 |
| **Activo fixo (neto)** | 12,06 | 14,52 | 11,64 | 9,64 |
| **Circulante neto** | 10,14 | 10,16 | 7,83 | 14,29 |
| **Financiamento permanente** | 9,42 | 10,68 | 7,47 | 11,27 |
| Fondos propios | 10,72 | 11,01 | 9,44 | 12,16 |
| Recursos alleos l/p | 5,29 | 7,81 | 3,19 | 6,38 |
| Ingresos distribuidos en varios exercicios | 13,85 | 22,40 | 8,94 | 34,41 |
| **Acreedores a curto plazo** | 12,51 | 12,89 | 11,74 | 13,14 |
| **Fondo de rotación** | -4,02 | -21,26 | -7,11 | 22,04 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos *Ardán*

CADRO 2.26.

***Evolución do investimento e do financiamento no sector primario 1999-00***

| | 1999 | | 2000 | | 00/99 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(%)* |
| **Activo total** | 5.784,95 | 100 | 6.418,33 | 100 | 10,95 |
| **Activo fixo (neto)** | 2.444,03 | 42,25 | 2.738,74 | 42,67 | 12,06 |
| Gastos amortizables | 26,59 | 0,46 | 33,08 | 0,52 | 24,42 |
| Inmobilizado inmaterial | 119,24 | 2,06 | 135,36 | 2,11 | 13,52 |
| Inmobilizado material | 1.594,28 | 27,56 | 1.724,46 | 26,87 | 8,17 |
| Outro inmobilizado | 702,50 | 12,14 | 842,91 | 13,13 | 19,99 |
| Outro activo fixo | 1,43 | 0,02 | 2,93 | 0,05 | 105,38 |
| **Circulante neto** | 3.340,92 | 57,75 | 3.679,59 | 57,33 | 10,14 |
| Existencias | 997,71 | 17,25 | 1.108,77 | 17,28 | 11,13 |
| Debedores | 1.858,29 | 32,12 | 2.027,45 | 31,59 | 9,10 |
| Tesourería | 276,46 | 4,78 | 283,36 | 4,41 | 2,50 |
| Outro activo circulante | 208,47 | 3,60 | 260,00 | 4,05 | 24,72 |
| **Fontes de financiamento** | 5.784,95 | 100,00 | 6.418,33 | 100,00 | 10,95 |
| **Financiamento permanente** | 2.923,63 | 50,54 | 3.199,05 | 49,84 | 9,42 |
| Fondos propios | 1.876,72 | 32,44 | 2.077,87 | 32,37 | 10,72 |
| Recursos alleos l/p | 826,10 | 14,28 | 869,78 | 13,55 | 5,29 |
| Ingresos distribuidos en varios exercicios | 220,81 | 3,82 | 251,40 | 3,92 | 13,85 |
| **Acreedores a curto plazo** | 2.861,32 | 49,46 | 3.219,28 | 50,16 | 12,51 |
| **Fondo de rotación** | 479,60 | 8,29 | 460,30 | 7,17 | -4,02 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.27.

***Sector primario 1999-00: estudio económico-financeiro***

***Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación***

| | Crecemento dos ingresos | | V.E.B.c.f. / ingresos | | Gastos persoal / ingresos | | Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos | | Carga financeira / ingresos | | Cash-flow / ingresos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| | (%) | | | | | | | | | | | |
| **2000** | 5,90 | 8,26 | 16,39 | 26,00 | 11,70 | 17,90 | 2,01 | 3,08 | 0,81 | 1,01 | 2,84 | 3,40 |
| **1999** | 6,52 | 10,90 | 16,06 | 26,32 | 11,34 | 17,88 | 2,10 | 3,16 | 0,76 | 0,94 | 2,82 | 3,44 |

***Rendibilidade e magnitudes asociadas***

| | Rendibilidade económica | | Marxe | | Rotación de activos | | Rendibilidade financeira antes de impostos | | Coste neto da débeda | | Coeficente de endebedamento | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| | (%) | | | | | | (%) | | | | | |
| **2000** | 5,39 | 6,15 | 2,45 | 3,38 | 2,11 | 1,84 | 11,87 | 15,97 | 2,25 | 2,34 | 2,16 | 2,49 |
| **1999** | 5,58 | 6,33 | 2,48 | 3,40 | 2,17 | 1,85 | 13,53 | 17,99 | 2,08 | 2,19 | 2,26 | 2,59 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.28.

***Complexo agro-gandeiro 2000: actividades que comprende o grupo***

| | Empresas | Ingresos de explotación | V.E.B. c.f. | Cash-flow | Activo total | Emprego medio |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | *(en millóns de €)* | | | | |
| **Produción agrícola** | 23 | 14,30 | 5,61 | 1,74 | 67,32 | 14 |
| **Produción gandeira** | 36 | 40,57 | 6,89 | 3,40 | 31,10 | 10 |
| **Produción avícola** | 16 | 58,83 | 10,46 | 4,13 | 25,35 | 29 |
| **Industria cárnica** | 62 | 269,87 | 37,77 | 8,51 | 133,29 | 27 |
| **Industria láctea** | 23 | 503,18 | 41,22 | 14,19 | 245,23 | 52 |
| **Produción de alimentación animal** | 31 | 209,46 | 28,22 | 11,76 | 118,81 | 19 |
| **Fariñas, pan, dulces e pastelerías** | 110 | 123,90 | 46,64 | 11,41 | 79,59 | 19 |
| **Fabr. de bebidas con base alcohólica exc. viño** | 10 | 73,31 | 28,82 | 13,43 | 65,79 | 31 |
| **Fabricantes de viños e brandy** | 40 | 67,51 | 13,51 | 6,01 | 74,64 | 9 |
| **Fabr. de bebidas refrescantes non alcoh. e augas min.** | 19 | 140,00 | 36,22 | 13,42 | 123,62 | 43 |
| **Fabricantes doutros productos alimenticios** | 38 | 107,76 | 24,06 | 7,67 | 82,21 | 23 |
| **Distr. xeral maiorista de pdtos. aliment. e bebidas** | 283 | 1.546,22 | 68,54 | 19,20 | 546,76 | 14 |
| **Distr. especializada maior. pdtos. aliment. e bebidas** | 216 | 978,87 | 72,54 | 16,63 | 352,81 | 12 |
| **Distr. Maiorista de gando e ptos. de granxa** | 111 | 238,23 | 23,08 | 7,99 | 107,00 | 7 |
| **Distr. Maiorista de bebidas alcohólicas** | 31 | 32,56 | 4,16 | 0,59 | 16,93 | 7 |
| **Distr. detallista de pdtos. alimenticios e bebidas** | 148 | 576,32 | 69,19 | 12,48 | 168,07 | 30 |
| **Servicios para agricultura** | 10 | 14,30 | 4,13 | 0,85 | 6,64 | 24 |
| **Servicios para gandeiría** | 6 | 5,04 | 1,97 | 0,45 | 4,42 | 20 |
| **Total** | 1.213 | 5.000,22 | 523,04 | 153,88 | 2.249,60 | 18 |
| **Peso do grupo no conxunto de empresas galegas** *(%)* | 9,79 | 12,03 | 6,53 | 6,28 | 7,06 | |

Fonte: *Ardán*

O devandito **cadro 2.14.** amosa que son as actividades relacionadas co subsector agro-gandeiro as que engloban un maior número de empresas (1.213 empresas) xerando o 46,7% do total de ingresos de explotación do sector primario e o 36% do valor engadido bruto a custo de factores do sector. As 731 empresas pertencentes ó subsector mar-industria, xeran o 36,8% do valor engadido bruto.

Os principais **núcleos de localización** segundo ó valor engadido bruto xerado polas empresas, **cadro 2.22.**, son Vigo cun total de 262,3 millóns de euros, un 10,7% máis que no ano anterior, seguido de A Coruña, cun valor engadido bruto xerado de 144,1 millóns de pesetas, un 11% superior ó do ano anterior.

Respecto á **evolución da actividade**: ingresos, custos e resultados, os **cadros 2.23.** e **2.24.** reflicten que no ano 2000 as empresas do sector primario consideradas no seu conxunto presentaron un crecemento do seu resultado neto do exercicio do 13,2% para situarse nos 220,4 millóns de euros. O resultado antes de impostos medrou un 10,5%, ascendendo a 316,9 millóns de euros.

O crecemento do VEB a custo de factores no ano 2000 foi do 7,5%, oito décimas menos do que o fan os ingresos de explotación, polo que o peso relativo do VEB descende dende o 13,68% de 1999 ata o 13,58% do ano 2000. O resultado de actividades ordinarias experimentaron un crecemento do 2,8% respecto ó ano anterior, polo que o seu peso relativo no total dos ingresos de explotación descenden dende os 2,56% ata as 2,43% do ano 2000.

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, os **cadros 2.25.** e **2.26.**, amosan que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 12,5% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 460,3 millóns de euros, un 4% inferior ó existente o ano anterior. O 87,5% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 49,8% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 10,7% respecto ó ano anterior, supoñen o 32,4% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 5,3%, cun peso relativo do 13,6% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 6.418,3 millóns de pesetas, un 11% superior

ó valor de 1999, dos que 2.738,7 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 12,1% superior en relación ó ano anterior). Os 3.679,6 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 10,1% en relación a 1999.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro 2.27.** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un crecemento respecto ós ingresos do VEB, unha medra do peso relativo dos gastos de persoal e un crecemento da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 2,4 puntos inferior, que no caso da evolución do VEB sobre os ingresos ascende a 9,6 puntos porcentuais.

O devandito **cadro 2.27.** amosa un descenso tanto da rendibilidade económica como da financeira antes de impostos. A primeira por mor do descenso da marxe e da rotación de activos, e a segunda influenciada pola caída da rendibilidade económica e polo crecemento do custo neto da débeda.

## Complexo agro-gandeiro

O subsector agro-gandeiro está constituído, seguindo a metodoloxía empregada polo Ardán, por un total de 1.213 empresas, sendo o seu emprego medio de 20 traballadores por empresa, segundo os datos facilitados polas mesmas. Estas empresas tiveron uns ingresos de explotación de 5.000,2 millóns de euros (o 11% do total galego) e xeraron un VEB total a custo de factores de 523 millóns de euros (o 6%).

O **cadro 2.28.** reflicte que as actividades relacionadas coa de distribución de productos alimenticios e bebidas son as que engloban o maior número de empresas, con 789 empresas (o 65% das empresas pertencentes ó sector primario), xerando o 67,4% dos ingresos de explotación e o 45,4% do VEB a custo de factores.

No caso das actividades productivas (424 empresas), as 110 empresas do grupo de actividades de fariñas, pan, doces e pastelerías lácteas son as que xeran un maior VEB, con 46,6 millóns de euros (o 8,9% do total xerado polo subsector agrogandeiro), e presentan uns ingresos de explotación de 123,9 millóns de euros, o 2,5% dos ingresos totais do subsector. O emprego medio nestas empresas lácteas ascendeu a 19 traballadores por empresa.

Xunto a estas empresas, salientan as da industria láctea (23 empresas), que crean no ano 2000 un VEB de 41,2 millóns de euros, e as 62 empresas pertencentes á industria cárnica, con 37,8 millóns de euros. Estas actividades acollen o 7,9% e 7,2% do VEB xerado por este subsector, e o 10,1% e 5,4% dos ingresos de explotación, respectivamente.

O principal **núcleo de localización** segundo ó valor engadido bruto xerado polas empresas, **cadro 2.29.**, é A Coruña cun total de 87,1 millóns de euros, un 13% máis que no ano anterior, seguido de Vigo, cun valor engadido bruto xerado de 78,6 millóns de euros (un 19,3% máis que no ano 1999). Estes dous núcleos de localización acollen en conxunto o 31,7% do valor engadido bruto xerado polo sector, fronte ó 29,6% do ano anterior.

A **conta de explotación agregada** das 1.213 empresas pertencentes a este subsector, **cadro 2.30.**, reflicte que no ano 2000 as empresas do complexo agrogandeiro presentaron un crecemento do seu resultado neto do exercicio do 27,8% para situarse nos 81,3 millóns de euros. O resultado antes de impostos medrou un 23,8%, ascendendo a 118,3 millóns de euros.

O resultado de actividades ordinarias medrou no ano 2000 un 11,8% respecto ó ano precedente, para acada-los 103,9 millóns de euros, o que significa o 2,08% dos ingresos de explotación, que medraron un 7,1%. Nese ano, o VEB a custo de factores medrou un 8,8%, polo que a súa importancia relativa no total dos ingresos de explotación, aumenta dende o 10,36% de 1999 ata o 10,46% de 2000.

Xunto a este crecemento do resultado neto do exercicio e do resultado de actividades ordinarias, hai que salienta-lo importante crecemento do resultado de actividades extraordinarias, que aumentan un 489,2% para situarse nos 14,2

CADRO 2.29.

***Complexo agro-gandeiro 1999-00: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB***

| Núcleos | 1999 | 2000 | 00/99 |
|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | | *(%)* |
| **A Coruña** | 77,09 | 87,13 | 13,0 |
| **Vigo** | 65,85 | 78,57 | 19,3 |
| **Arteixo** | 32,91 | 31,45 | - 4,4 |
| **O Porriño** | 23,26 | 23,71 | 1,9 |
| **Santiago** | 22,85 | 23,27 | 1,8 |
| **Lugo** | 15,22 | 18,85 | 23,8 |
| **Pontevedra** | 11,62 | 15,39 | 32,5 |
| **Ourense** | 13,00 | 14,58 | 12,2 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.30.

***Evolución da actividade no complexo agro-gandeiro 1999-00: ingresos, custos e resultados***

| | 1999 | | 2000 | | 00/99 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(%)* |
| **Ingresos de explotación** | 4.668,83 | 100 | 5.000,22 | 100 | 7,10 |
| **Consumo e outros gastos de explotación** | 4.185,33 | 89,64 | 4.477,18 | 89,54 | 6,97 |
| **Valor engadido bruto a custo dos factores** | 483,50 | 10,36 | 523,04 | 10,46 | 8,18 |
| **Gastos de persoal** | 315,08 | 6,75 | 342,71 | 6,85 | 8,77 |
| **Resultado económico bruto da explotación** | 168,42 | 3,61 | 180,33 | 3,61 | 7,07 |
| **Amortizacións** | 71,28 | 1,53 | 77,98 | 1,56 | 9,40 |
| **Resultado económico neto da explotación** | 97,14 | 2,08 | 102,35 | 2,05 | 5,36 |
| **Resultado financeiro** | -4,18 | -0,09 | 1,55 | 0,03 | 137,11 |
| **Ingresos financeiros** | 30,93 | 0,66 | 44,75 | 0,89 | 44,68 |
| **Gastos financeiros** | 35,12 | 0,75 | 43,20 | 0,86 | 23,02 |
| **Resultado de actividades ordinarias** | 92,96 | 1,99 | 103,90 | 2,08 | 11,77 |
| **Resultado de actividades extraordinarias** | 2,40 | 0,05 | 14,16 | 0,28 | 489,21 |
| **Resultado antes de impostos** | 95,36 | 2,04 | 118,06 | 2,36 | 23,81 |
| **Impostos** | 31,75 | 0,68 | 36,76 | 0,74 | 15,78 |
| **Resultado neto do exercicio** | 63,61 | 1,36 | 81,30 | 1,63 | 27,81 |
| **Cash-flow** | 128,76 | 2,76 | 153,88 | 3,08 | 19,52 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.31.

***Evolución do investimento e do financiamento no complexo agro-gandeiro 1999-00***

| | 1999 | | 2000 | | 00/99 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(%)* |
| **Activo total** | 2.010,34 | 100 | 2.249,60 | 100 | 11,9 |
| **Activo fixo (neto)** | 801,89 | 39,89 | 918,32 | 40,82 | 14,5 |
| **Gastos amortizables** | 14,12 | 0,70 | 19,50 | 0,87 | 38,0 |
| **Inmobilizado inmaterial** | 52,59 | 2,62 | 54,08 | 2,40 | 2,8 |
| **Inmobilizado material** | 541,19 | 26,92 | 598,02 | 26,58 | 10,5 |
| **Outro inmobilizado** | 193,01 | 9,60 | 245,12 | 10,90 | 27,0 |
| **Outro activo fixo** | 0,97 | 0,05 | 1,60 | 0,07 | 64,6 |
| **Circulante neto** | 1.208,46 | 60,11 | 1.331,29 | 59,18 | 10,2 |
| **Existencias** | 342,53 | 17,04 | 369,39 | 16,42 | 7,8 |
| **Debedores** | 657,42 | 32,70 | 737,71 | 32,79 | 12,2 |
| **Tesourería** | 114,30 | 5,69 | 125,21 | 5,57 | 9,5 |
| **Outro activo circulante** | 94,20 | 4,69 | 98,97 | 4,40 | 5,1 |
| **Fontes de financiamento** | 2.010,34 | 100,00 | 2.249,60 | 100,00 | 11,9 |
| **Financiamento permanente** | 898,28 | 44,68 | 994,22 | 44,20 | 10,7 |
| **Fondos propios** | 611,54 | 30,42 | 678,86 | 30,18 | 11,0 |
| **Recursos alleos l/p** | 243,96 | 12,14 | 263,00 | 11,69 | 7,8 |
| **Ingresos distribuidos en varios exercicios** | 42,79 | 2,13 | 52,37 | 2,33 | 22,4 |
| **Acreedores a curto plazo** | 1.112,06 | 55,32 | 1.255,38 | 55,80 | 12,9 |
| **Fondo de rotación** | 96,40 | 4,80 | 75,91 | 3,37 | -21,3 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.32.

***Complexo agro-gandeiro 1999-00: estudio económico-financeiro***

***Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación***

| | Crecemento dos ingresos | | V.E.B.c.f. / ingresos | | Gastos persoal / ingresos | | Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos | | Carga financeira / ingresos | | Cash-flow / ingresos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| | | | | | | | (%) | | | | | |
| **2000** | 5,13 | 8,26 | 12,53 | 26,00 | 9,35 | 17,90 | 1,58 | 3,08 | 0,49 | 1,01 | 2,37 | 3,40 |
| **1999** | 4,86 | 10,90 | 12,49 | 26,32 | 9,09 | 17,88 | 1,76 | 3,16 | 0,49 | 0,94 | 2,37 | 3,44 |

***Rendibilidade e magnitudes asociadas***

| | Rendibilidade económica | | Marxe | | Rotación de activos | | Rendibilidade financeira antes de impostos | | Coste neto da débeda | | Coeficente de endebedamento | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| | | (%) | | | | | | | (%) | | | |
| **2000** | 5,07 | 6,15 | 1,82 | 3,38 | 2,66 | 1,84 | 11,74 | 15,97 | 1,71 | 2,34 | 2,21 | 2,49 |
| **1999** | 5,23 | 6,33 | 1,92 | 3,40 | 2,70 | 1,85 | 13,32 | 17,99 | 1,71 | 2,19 | 2,30 | 2,59 |

Fonte: *Ardán*

millóns de euros, o 0,3% dos ingresos de explotación.

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 2.31.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 7,9% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 75,9 millóns de euros, un 21,3% inferior ó existente o ano anterior. O 94,3% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 44,2% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 11% respecto ó ano anterior, supoñen o 30,2% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 7,8%, cun peso relativo do 11,7% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 2.249,6 millóns de euros, un 11,9% superior ó valor de 1999, dos que 918,3 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 14,5% superior ó ano anterior). Os 1.331,3 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 10,2% en relación a 1999.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro 2.32.** reflicte unha aceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un crecemento respecto ós ingresos do VEB, unha medra do peso relativo dos gastos de persoal e o mantemento da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 3,2 puntos inferior, que no caso da evolución do VEB sobre os ingresos ascende a 13,5 puntos porcentuais.

Ó igual que o acontecido no conxunto das empresas galegas consideradas polo Ardán, as rendibilidades económica e financeira antes de impostos descenden no ano 2000 respecto a 1999. O devandito cadro 2.32. amosa que a rendibilidade económica acadou no ano 2000 un 5,1% fronte ó 6,2% da economía galega, en tanto que no caso da rendibilidade financeira antes de impostos, as porcentaxes foron do 11,7% e do 16% no caso das empresas do subsector agro-gandeiro e no caso xeral de Galicia, respectivamente.

## Complexo mar-industria

Tal e como reflicte o **cadro 2.33.**, o subsector mar-industria está constituído, seguindo a metodoloxía empregada polo Ardán, por un total de 731 empresas que presentan un emprego medio de 27 traballadores por empresa, segundo os datos facilitados polas mesmas. Os seus ingresos de explotación ascenderon a 3.674,1 millóns de euros (o

CADRO 2.33.

***Complexo mar-industria 2000: actividades que comprende o grupo***

| | Empresas | Ingresos de explotación | V.E.B. c.f. | Cash-flow | Activo total | Emprego medio |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | *(en millóns de €)* | | | | |
| **Extracción pesqueira e actividades relacionadas** | 250 | 663,41 | 206,82 | 71,43 | 896,67 | 24 |
| **Acuicultura** | 32 | 70,53 | 19,02 | 8,59 | 120,76 | 17 |
| **Elab., manip., depós. e conservación de pescado** | 80 | 1.169,79 | 192,15 | 49,72 | 824,93 | 115 |
| **Almacenes frigoríficos de depósito** | 20 | 58,91 | 19,01 | 5,87 | 89,44 | 23 |
| **Distribución maiorista de pescados e mariscos** | 336 | 1.696,25 | 96,29 | 26,98 | 661,76 | 9 |
| **Distribución minorista de pescados e mariscos** | 13 | 15,20 | 1,66 | 0,29 | 5,59 | 10 |
| **Total** | 731 | 3.674,09 | 534,95 | 162,89 | 2.599,13 | 27 |
| **Peso do grupo no conxunto de empresas galegas** *(%)* | 5,90 | 8,84 | 6,68 | 6,64 | 8,16 | |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.34.

***Complexo mar-industria 1999-00: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB***

| Núcleos | 1999 | 2000 | 00/99 |
|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | | *(%)* |
| **Vigo** | 148,27 | 158,36 | 6,8 |
| **Cangas** | 28,33 | 35,38 | 24,9 |
| **Ribeira** | 33,44 | 33,83 | 1,2 |
| **A Coruña** | 32,15 | 33,50 | 4,2 |
| **Carballo** | 25,75 | 28,62 | 11,2 |
| **Boiro** | 16,91 | 24,55 | 45,2 |
| **Redondela** | 22,18 | 24,21 | 9,2 |
| **Marín** | 23,19 | 23,34 | 0,6 |

Fonte: *Ardán*

8,1% do total galego) e xeraron un VEB total a custo de factores de 535 millóns de euros (o 6,1%).

O **cadro 2.33.** reflicte que o grupo de actividades relacionadas coa distribución por xunto de peixes e mariscos é o que engloba o maior número de empresas (336 empresas) e o que presenta o maior volume de ingresos de explotación, con 1.696,3 millóns de euros (o 46,2% dos ingresos de explotación totais do subsector mar-industria). Comparado co resto das actividades englobadas neste subsector, este é o grupo de actividades con menor emprego medio por empresa segundo os seus propios datos.

En termos do VEB xerado, o grupo de actividades máis importante corresponde ó de extracción pesqueira e actividades relacionadas. As 250 empresas pertencentes a esta industria xeran un total de 206,8 millóns de euros, que representan o 38,7% do total xerado polo subsector.

O principal **núcleo de localización** segundo ó valor engadido bruto a custo de factores xerado polas empresas, **cadro 2.34.**, é Vigo cun total de 158,4 millóns de euros, un 6,8% máis que no ano anterior, seguido de Cangas, cun valor engadido bruto xerado de 35,4 millóns de euros, un 24,9% máis que en 1999.

A **conta de explotación agregada** das 731 empresas pertencentes a este subsector, **cadro 2.35.**, reflicte que no ano 2000 as empresas do subsector mar-industria consideradas no seu conxunto presentaron unha medra do seu resultado neto do exercicio do 10,4% para situarse nos 72,5 millóns de euros. O resultado antes de impostos creceu un 10,7%, acadando os 103,5 millóns de euros.

O resultado de actividades ordinarias aumentou no ano 2000 un 5,7% respecto ó ano precedente, para acada-los 71,8 millóns de euros, o que significa o 2% dos ingresos de explotación, que medraron un 8,1% respecto ó ano 1999. O VEB a custo de factores experimentou unha medra do 9,5%, polo que a súa importancia relativa nos ingresos de explotación, medrou dende o 14,4% de 1999 ata o 14,6% de 2000.

CADRO 2.35.

**Evolución da actividade no complexo mar-industria 1998-99: ingresos, custos e resultados**

| | 1999 | | 2000 | | 00/99 |
|---|---|---|---|---|---|
| | (en millóns de €) | (%) | (en millóns de €) | (%) | (%) |
| **Ingresos de explotación** | 3.398,88 | 100 | 3.674,09 | 100 | 8,1 |
| **Consumo e outros gastos de explotación** | 2.910,46 | 85,63 | 3.139,14 | 85,44 | 7,9 |
| **Valor engadido bruto a custo dos factores** | 488,42 | 14,37 | 534,95 | 14,56 | 9,5 |
| **Gastos de persoal** | 307,64 | 9,05 | 337,54 | 9,19 | 9,7 |
| **Resultado económico bruto da explotación** | 180,78 | 5,32 | 197,41 | 5,37 | 9,2 |
| **Amortizacións** | 85,02 | 2,50 | 93,53 | 2,55 | 10,0 |
| **Resultado económico neto da explotación** | 95,76 | 2,82 | 103,88 | 2,83 | 8,5 |
| **Resultado financeiro** | -27,87 | -0,82 | -32,11 | -0,87 | -15,2 |
| Ingresos financeiros | 23,26 | 0,68 | 44,36 | 1,21 | 90,7 |
| Gastos financeiros | 51,13 | 1,50 | 76,47 | 2,08 | 49,6 |
| **Resultado de actividades ordinarias** | 67,89 | 2,00 | 71,77 | 1,95 | 5,7 |
| **Resultado de actividades extraordinarias** | 25,57 | 0,75 | 31,68 | 0,86 | 23,9 |
| **Resultado antes de impostos** | 93,46 | 2,75 | 103,45 | 2,82 | 10,7 |
| **Impostos** | 27,78 | 0,82 | 30,92 | 0,84 | 11,3 |
| **Resultado neto do exercicio** | 65,68 | 1,93 | 72,53 | 1,97 | 10,4 |
| **Cash-flow** | 145,73 | 4,29 | 162,89 | 4,43 | 11,8 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.36.

**Evolución do investimento e do financiamento no complexo mar-industria 1999-00**

| | 1999 | | 2000 | | 00/99 |
|---|---|---|---|---|---|
| | (en millóns de €) | (%) | (en millóns de €) | (%) | (%) |
| **Activo total** | 2.375,11 | 100 | 2.599,13 | 100 | 9,4 |
| **Activo fixo (neto)** | 999,83 | 42,10 | 1.116,20 | 42,95 | 11,6 |
| Gastos amortizables | 7,04 | 0,30 | 7,35 | 0,28 | 4,3 |
| Inmobilizado inmaterial | 33,67 | 1,42 | 41,93 | 1,61 | 24,5 |
| Inmobilizado material | 648,13 | 27,29 | 694,16 | 26,71 | 7,1 |
| Outro inmobilizado | 310,63 | 13,08 | 371,55 | 14,30 | 19,6 |
| Outro activo fixo | 0,36 | 0,01 | 1,22 | 0,05 | 242,1 |
| **Circulante neto** | 1.375,28 | 57,90 | 1.482,93 | 57,05 | 7,8 |
| Existencias | 354,70 | 14,93 | 385,57 | 14,83 | 8,7 |
| Debedores | 817,00 | 34,40 | 857,29 | 32,98 | 4,9 |
| Tesourería | 112,10 | 4,72 | 112,10 | 4,31 | 0,0 |
| Outro activo circulante | 91,48 | 3,85 | 127,96 | 4,92 | 39,9 |
| **Fontes de financiamento** | 2.375,11 | 100,00 | 2.599,13 | 100,00 | 9,4 |
| **Financiamento permanente** | 1.285,42 | 54,12 | 1.381,48 | 53,15 | 7,5 |
| Fondos propios | 735,48 | 30,97 | 804,90 | 30,97 | 9,4 |
| Recursos alleos l/p | 391,89 | 16,50 | 404,39 | 15,56 | 3,2 |
| Ingresos distribuidos en varios exercicios | 158,05 | 6,65 | 172,18 | 6,62 | 8,9 |
| **Acreedores a curto plazo** | 1.089,69 | 45,88 | 1.217,65 | 46,85 | 11,7 |
| **Fondo de rotación** | 285,59 | 12,02 | 265,27 | 10,21 | -7,1 |

Fonte: *Ardán*

Xunto a este crecemento do resultado neto do exercicio e do resultado de actividades ordinarias, hai que salienta-lo importante aumento experimentado polos gastos financeiros, que medran un 49,6% no ano 2000 respecto ó ano precedente (o seu peso relativo pasa do 1,5% ó 2,1% do ano 2000), e polos ingresos financeiros, que aumentan un 90,7% respecto ó ano 1999 (o peso relativo é do 1,2% fronte ó 0,7% do ano anterior).

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 2.36.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 17,9% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 265,3 millóns de euros, un 7,1% inferior ó existente o ano anterior. O 82,1% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 53,2%

CADRO 2.37.

***Complexo mar-industria 1999-00: estudio económico-financeiro***

***Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación***

| | Crecemento dos ingresos | | V.E.B.c.f. / ingresos | | Gastos persoal / ingresos | | Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos | | Carga financeira / ingresos | | Cash-flow / ingresos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| | (%) | | | | | | | | | | | |
| **2000** | 5,05 | 8,26 | 16,76 | 26,00 | 10,94 | 17,90 | 1,45 | 3,08 | 0,91 | 1,01 | 3,14 | 3,40 |
| **1999** | 6,51 | 10,90 | 15,31 | 26,32 | 10,16 | 17,88 | 1,72 | 3,16 | 0,78 | 0,94 | 3,04 | 3,44 |

***Rendibilidade e magnitudes asociadas***

| | Rendibilidade económica | | Marxe | | Rotación de activos | | Rendibilidade financeira antes de impostos | | Coste neto da débeda | | Coeficente de endebedamento | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| | (%) | | | | | | (%) | | | | | |
| **2000** | 4,92 | 6,15 | 2,30 | 3,38 | 1,71 | 1,84 | 10,55 | 15,97 | 2,24 | 2,34 | 1,67 | 2,49 |
| **1999** | 5,35 | 6,33 | 2,46 | 3,40 | 1,71 | 1,85 | 12,36 | 17,99 | 2,05 | 2,19 | 1,71 | 2,59 |

Fonte: *Ardán*

corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 9,4% respecto ó ano anterior, supoñen o 31% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 3,2%, cun peso relativo do 15,6% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 2.599,1 millóns de euros, un 9,4% superior ó valor de 1999, dos que 1.116,2 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 11,6% superior respecto ó ano anterior). Os 1.482,9 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 7,8% en relación a 1999.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro 2.37.** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un crecemento respecto ós ingresos do VEB, un aumento do peso relativo dos gastos de persoal e unha medra da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 3,2 puntos inferior, que no caso da evolución do VEB sobre os ingresos ascende a 9,2 puntos porcentuais.

O devandito **cadro 2.37.** amosa a caída da rendibilidade económica no ano 2000 por mor da evolución da marxe, e o decrecemento da rendibilidade financeira antes de impostos influenciada pola evolución da rendibilidade económica e o crecemento do custo da débeda.

## Complexo silvicultura-madeira

O subsector silvicultura-madeira está constituído, seguindo a metodoloxía empregada polo Ardán, por un total de 806 empresas, **cadro 2.38.**, que presentan un emprego medio de 18 traballadores por empresa, segundo os seus propios datos. Estas empresas tiveron uns ingresos de explotación de 2.031,8 millóns de euros (o 4,5% do total galego) e xeraron un VEB total a custo de factores de 396,3 millóns de euros (o 4,5%).

O devandito cadro reflicte que as actividades de fabricación de chapas, taboleiros, aglomerados e fibras son as que xeran un maior VEB e ingresos de explotación. As 17 empresas deste grupo de actividades acollen o 31% do VEB do sector (122,9 millóns de euros) e o 32,4% dos ingresos de explotación (658 millóns de euros).

En termos do número de empresas, as actividades de distribución polo miúdo de mobles e as de distribución por xunto de madeiras e chapas son as máis importantes, con 162 e 134 empresas,

CADRO 2.38.

**Complexo silvicultura-madeira 2000: actividades que comprende o grupo**

| | Empresas | Ingresos de explotación | V.E.B. c.f. | Cash-flow | Activo total | Emprego medio |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | *(en millóns de €)* | | | | |
| Explotación de zonas de madeira | 5 | 4,39 | 0,89 | 0,23 | 2,20 | 12 |
| Aserrado e preparación da madeira | 122 | 174,48 | 33,65 | 6,72 | 125,93 | 15 |
| Fabricantes de papel, artígos de papel e cartón | 25 | 75,25 | 15,20 | 4,72 | 60,72 | 22 |
| Fabr. de chapas, taboleiros, aglomerados e fibras | 17 | 658,03 | 122,93 | 69,65 | 625,77 | 128 |
| Fabr. de estruct. de madeira e pezas de carpint. | 119 | 170,26 | 45,60 | 9,19 | 127,68 | 18 |
| Fabricantes de mobles | 111 | 149,86 | 50,44 | 8,69 | 102,75 | 21 |
| Fabricación doutros productos de madeira | 31 | 36,74 | 9,62 | 1,67 | 25,83 | 16 |
| Fabricación de colchóns | 7 | 13,11 | 5,62 | 2,03 | 11,13 | 32 |
| Fabricación de persianas, toldos e visillos | 9 | 13,73 | 3,43 | 0,59 | 10,28 | 20 |
| Distribución maiorista de madeiras e chapas | 134 | 463,38 | 54,15 | 16,96 | 297,17 | 14 |
| Distribución maiorista de mobles | 38 | 110,97 | 21,86 | 5,22 | 77,93 | 20 |
| Distribución maiorista papel imprenta, industr. e uso pers. | 9 | 8,03 | 1,39 | 0,21 | 3,80 | 4 |
| Distribución minorista de mobles | 162 | 138,84 | 26,07 | 4,56 | 87,59 | 8 |
| Servicios forestais | 17 | 14,74 | 5,48 | 1,12 | 10,81 | 19 |
| **Total** | 806 | 2.031,82 | 396,34 | 131,55 | 1.569,60 | 18 |
| **Peso do grupo no conxunto de empresas galegas** *(%)* | 6,50 | 4,89 | 4,95 | 5,36 | 4,93 | |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.39.

***Complexo silvicultura-madeira 1999-00: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB***

| Núcleos | 1999 | 2000 | 00/99 |
|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | | *(%)* |
| **Santiago** | 77,25 | 80,32 | 4,0 |
| **Vigo** | 22,75 | 25,36 | 11,5 |
| **A Coruña** | 20,54 | 23,49 | 14,4 |
| **San Cibrao das Viñas** | 21,80 | 22,21 | 1,9 |
| **Pontevedra** | 15,02 | 16,02 | 6,7 |
| **Lugo** | 15,16 | 13,73 | -9,5 |
| **Cambre** | 11,33 | 12,79 | 12,9 |
| **Mos** | 8,76 | 11,39 | 30,1 |

Fonte: *Ardán*

respectivamente. Estas 296 empresas, en conxunto, xeran un valor engadido bruto a custo de factores de 80,2 millóns de euros, o 20,2% do VEB total xerado neste subsector.

O principal **núcleo de localización** segundo ó valor engadido bruto a custo de factores xerado polas empresas, **cadro 2.39.**, é Santiago cun total de 80,3 millóns de euros, un 4% máis que no ano anterior, seguido de Vigo, cun valor engadido bruto xerado de 25,4 millóns de pesetas, un 11,5% máis que en 1999.

A **conta de explotación agregada** das 806 empresas pertencentes a este subsector, **cadro 2.40.**, reflicte que no ano 2000 as empresas do subsector silvicultura-madeira consideradas no seu conxunto presentaron un crecemento do seu resultado neto do exercicio do 1,8% para situarse nos 66,6 millóns de euros. O resultado antes de impostos caeu un 2,7%, acadando os 95,3 millóns de euros.

O resultado de actividades ordinarias no ano 2000 rexistrou un descenso do 8,3% respecto ó ano precedente, para acada-los 84,8 millóns de euros, o que significa o 4,2% dos ingresos de explotación, que medraron un 11,9% respecto ó ano precedente. O valor engadido bruto a custo de factores aumenta un 4,2%, polo que a súa importancia relativa no total dos ingresos de explotación, descende dende o 21% de 1999 ata o 19,5% do 2000.

Asemade hai que salienta-la mellora dos resultados financeiros, que pasan de –20 millóns de euros de 1999 ós –14,8 millóns de euros do 2000. Os gastos financeiros medran un 26,1% no

CADRO 2.40.

**Evolución da actividade no complexo silvicultura-madeira 1999-00: ingresos, custos e resultados**

| | 1999 | | 2000 | | 00/99 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(%)* |
| **Ingresos de explotación** | 1.815,89 | 100 | 2.031,82 | 100 | 11,9 |
| **Consumo e outros gastos de explotación** | 1.435,49 | 79,05 | 1.635,48 | 80,49 | 13,9 |
| **Valor engadido bruto a custo dos factores** | 380,40 | 20,95 | 396,34 | 19,51 | 4,2 |
| **Gastos de persoal** | 205,23 | 11,30 | 226,89 | 11,17 | 10,6 |
| **Resultado económico bruto da explotación** | 175,17 | 9,65 | 169,45 | 8,34 | -3,3 |
| **Amortizacións** | 62,71 | 3,45 | 69,88 | 3,44 | 11,4 |
| **Resultado económico neto da explotación** | 112,46 | 6,19 | 99,57 | 4,90 | -11,5 |
| **Resultado financeiro** | -19,98 | -1,10 | -14,76 | -0,73 | 26,1 |
| Ingresos financeiros | 12,05 | 0,66 | 25,61 | 1,26 | 112,5 |
| Gastos financeiros | 32,03 | 1,76 | 40,37 | 1,99 | 26,0 |
| **Resultado de actividades ordinarias** | 92,48 | 5,09 | 84,81 | 4,17 | -8,3 |
| **Resultado de actividades extraordinarias** | 5,46 | 0,30 | 10,53 | 0,52 | 93,0 |
| **Resultado antes de impostos** | 97,94 | 5,39 | 95,34 | 4,69 | -2,6 |
| **Impostos** | 32,53 | 1,79 | 28,79 | 1,42 | -11,5 |
| **Resultado neto do exercicio** | 65,41 | 3,60 | 66,56 | 3,28 | 1,8 |
| **Cash-flow** | 124,68 | 6,87 | 131,55 | 6,47 | 5,5 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.41.

**Evolución do investimento e do financiamento no complexo silvicultura-madeira 1999-00**

| | 1999 | | 2000 | | 00/99 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(%)* |
| **Activo total** | 1.399,50 | 100 | 1.569,60 | 100 | 12,2 |
| **Activo fixo (neto)** | 642,31 | 45,90 | 704,22 | 44,87 | 9,6 |
| Gastos amortizables | 5,42 | 0,39 | 6,24 | 0,40 | 15,1 |
| Inmobilizado inmaterial | 32,98 | 2,36 | 39,35 | 2,51 | 19,3 |
| Inmobilizado material | 404,96 | 28,94 | 432,28 | 27,54 | 6,7 |
| Outro inmobilizado | 198,85 | 14,21 | 226,23 | 14,41 | 13,8 |
| Outro activo fixo | 0,10 | 0,01 | 0,11 | 0,01 | 15,2 |
| **Circulante neto** | 757,18 | 54,10 | 865,38 | 55,13 | 14,3 |
| Existencias | 300,48 | 21,47 | 353,81 | 22,54 | 17,7 |
| Debedores | 383,87 | 27,43 | 432,45 | 27,55 | 12,7 |
| Tesourería | 50,06 | 3,58 | 46,04 | 2,93 | -8,0 |
| Outro activo circulante | 22,78 | 1,63 | 33,07 | 2,11 | 45,2 |
| **Fontes de financiamento** | 1.399,50 | 100,00 | 1.569,60 | 100,00 | 12,2 |
| **Financiamento permanente** | 739,92 | 52,87 | 823,35 | 52,46 | 11,3 |
| Fondos propios | 529,70 | 37,85 | 594,11 | 37,85 | 12,2 |
| Recursos alleos l/p | 190,25 | 13,59 | 202,39 | 12,89 | 6,4 |
| Ingresos distribuidos en varios exercicios | 19,98 | 1,43 | 26,85 | 1,71 | 34,4 |
| **Acreedores a curto plazo** | 659,58 | 47,13 | 746,25 | 47,54 | 13,1 |
| **Fondo de rotación** | 97,61 | 6,97 | 119,13 | 7,59 | 22,0 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.42.

**Complexo silvicultura-madeira 1999-00: estudio económico-financeiro**

**Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación**

| | Crecemento dos ingresos | | V.E.B.c.f. / ingresos | | Gastos persoal / ingresos | | Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos | | Carga financeira / ingresos | | Cash-flow / ingresos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| | (%) | | | | | | | | | | | |
| **2000** | 7,34 | 8,26 | 22,92 | 26,00 | 16,85 | 17,90 | 3,12 | 3,08 | 1,39 | 1,01 | 3,48 | 3,40 |
| **1999** | 9,58 | 10,90 | 22,60 | 26,32 | 16,09 | 17,88 | 3,00 | 3,16 | 1,24 | 0,94 | 3,40 | 3,44 |

**Rendibilidade e magnitudes asociadas**

| | Rendibilidade económica | | Marxe | | Rotación de activos | | Rendibilidade financeira antes de impostos | | Coste neto da débeda | | Coeficente de endebedamento | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| | (%) | | | | | | (%) | | | | | |
| **2000** | 6,08 | 6,15 | 3,49 | 3,38 | 1,75 | 1,84 | 13,50 | 15,97 | 2,95 | 2,34 | 2,53 | 2,49 |
| **1999** | 6,18 | 6,33 | 3,33 | 3,40 | 1,75 | 1,85 | 15,15 | 17,99 | 2,74 | 2,19 | 2,68 | 2,59 |

Fonte: *Ardán*

ano 2000 respecto ó ano anterior (o seu peso relativo pasa do 1,8% ó 2% do ano 2000), en tanto que os ingresos financeiros o fan nun 112,5% (o peso relativo é do 1,3% fronte ó 0,7% do ano anterior).

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 2.41.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 13,8% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 119,1 millóns de euros, un 22% superior ó existente o ano anterior. O 86,2% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 52,5% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 12,2% respecto ó ano anterior, supoñen o 37,9% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 6,4%, cun peso relativo do 12,9% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 1.569,6 millóns de euros, un 12,2% superior ó valor de 1999, dos que 704, 2 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 9,6% superior ó do ano anterior). Os 865,4 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 14,3% en relación a 1999.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro 2.42.** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un aumento respecto ós ingresos do VEB e dos gastos de persoal e unha subida da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 1 punto inferior, que no caso da evolución do VEB sobre os ingresos ascende a 3,1 puntos porcentuais.

O devandito **cadro 2.42.** amosa que as rendibilidades económica e financeira antes de impostos presentan no 2000 un descenso respecto á de 1999. Neste período de tempo prodúcese unha medra do custo neto da débeda e unha caída do coeficiente de endebedamento.

## SECTOR INDUSTRIAL

Atendendo ó *Índice de Producción Industrial de Galicia* (IPIGA), que trata de reproduci-la evolución da industria en termos reais, no ano 2001 prodúcese un aumento da actividade industrial . A taxa de crecemento industrial entre os anos 2000 e

CADRO 2.43.

***Indice de Producción Industrial de Galicia 1999-01***

| | 1999 | 2000 | 2001 | 00/99 | 01/00 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(Base 1990=100)* | | | *(%)* | |
| **Índice Xeral** | 136,2 | 152,4 | 162,0 | 11,8 | 6,3 |
| **Por ramas de actividade:** | | | | | |
| Enerxía e Auga | 100,9 | 114,4 | 120,2 | 13,4 | 5,1 |
| Extracción e transformación de minerais non enerxéticos. Industria Química | 153,7 | 156,5 | 156,3 | 1,8 | -0,2 |
| Ind. Transformación de Metais. Macánica de precisión | 175,5 | 220,1 | 246,1 | 25,4 | 11,8 |
| Outras industrias manufactureiras | 137,8 | 140,2 | 145,6 | 1,7 | 3,9 |
| **Por destino económico:** | | | | | |
| Bens de consumo | 125,0 | 136,5 | 144,8 | 9,2 | 6,1 |
| Bens intermedios | 135,7 | 154,6 | 162,4 | 13,9 | 5,1 |
| Bens de equipamento | 165,7 | 179,3 | 200,6 | 8,2 | 11,9 |
| IPIGA sen enerxía | 154,8 | 172,3 | 183,8 | 11,3 | 6,7 |

Fonte: *IGE*

2001 foi do 6,3%, fronte ó 11,8% do ano precedente.

Atendendo ás diferentes ramas de actividade, o **cadro 2.43.** amosa o importante crecemento da “industria de transformación de metais. Mecánica de precisión”, que medra un 11,8% respecto ó ano 2000, e da relativa á enerxía e auga, que medra un 5,1% (cando entre os anos 1999 e 2000 a taxa de crecemento foi do 13,4%).

Segundo o destino económico, o índice xeral, sen contar co sector enerxético, medra un 6,7%. Os bens de equipamento son os que presentan a maior taxa de crecemento, cun 11,9%, superando á industria de bens de consumo e bens intermedios, con 6,1% e 5,1%, respectivamente.

Tendo en consideración os criterios de selección considerados polo Ardán, o sector industrial galego (sen considera-las industrias relacionadas co sector primario, analizadas no apartado anterior) está formado por 3.685 empresas, que supoñen o 29,7% do total das empresas seleccionadas para o conxunto de Galicia. Estas empresas xeraron un VEB a custo de factores de 3.503,9 millóns de euros no ano 2000, o 43,8% do total xerado polas empresas galegas consideradas, sendo o seu emprego medio de 30 traballadores por empresa segundo os seus propios datos.

O **cadro 2.14.** reflicte os catro grandes grupos nos que se divide este sector: industria enerxética, industria de bens de equipamento, de bens intermedios e de bens de consumo. O subsector máis importante, atendendo ás variables consideradas é o de bens de equipamento, que acolle un total de 1.889 empresas (o 51,3% das empresas industrias consideradas no estudio do Ardán) e que xeran o 55,9% (11.460,7 millóns de euros) do total dos ingresos de explotación e o 46,2% (1.618 millóns de euros) do valor engadido bruto a custo de factores do sector industrial.

Vigo, por mor, fundamentalmente, do papel das industrias relacionadas coa automoción, é o principal **núcleo de localización** das empresas segundo a xeración do valor engadido bruto, con 1.056 millóns de euros, un 10,7% máis que no ano anterior. O VEB xerado polas empresas de automoción en Vigo ascendeu no ano 2000 a 783,7 millóns de euros, o que representa o 74,2% do VEB xerado neste municipio polo sector industrial.

Séguelle en importancia Arteixo, cun VEB xerado de 639,6 millóns de euros, dos que o 92% (588,3 millóns de euros) é aportado polas empresas do sector téxtil. Cómpre salientar tamén, **cadro 2.48.**, o caso de Narón, onde as empresas englobadas dentro da industria auxiliar, aportan o 86,7% (77,7 millóns de euros) do VEB total xerado neste municipio (89,6 millóns de euros).

A **conta de explotación agregada** das empresas do sector industrial amosa que no ano 2000 as empresas do sector industrial, consideradas no seu conxunto, presentaron un crecemento do seu resultado neto do exercicio do 24,4% en relación ó ano anterior para situarse nos 698,8 millóns de euros (**cadro 2.45.**). Asemade, amosa que o resultado antes de impostos medrou un

CADRO 2.44.

***Resumo do sector industrial 1999-00: taxas de crecemento nominal***

| | Sector Industrial | Enerxía | Bens de equipamento | Bens intermedios | Bens de consumo |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(%)* | | |
| **Ingresos de explotación** | 18,00 | 3,31 | 18,20 | 15,74 | 20,84 |
| **VEB** | 10,86 | 14,13 | 6,38 | 10,59 | 18,88 |
| **Gastos de persoal** | 10,87 | 3,04 | 8,41 | 7,54 | 20,03 |
| **Rtdo. neto do exercicio** | 24,36 | 8,43 | -14,99 | 26,98 | 61,31 |
| **Rtdo. de actividades ordinarias** | 21,57 | 8,10 | -5,46 | 21,70 | 50,82 |
| **Rtdo. antes de impostos** | 19,07 | 8,38 | -13,08 | 25,36 | 52,83 |
| **Rendibilidade Económica** | ↓ | ↓ | ↓ | ↓ | ↑ |
| **Rendibilidade Financeira** | ↓ | ↓ | ↓ | ↓ | ↓ |
| **Gastos persoal / ingresos** | ↑ | ↑ | ↑ | ↑ | ↑ |
| **Carga financeira / ingresos** | ↑ | ↑ | ↑ | ↓ | ↑ |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos *Ardán*

CADRO 2.45.

***Evolución da actividade no sector industrial 1999-00: ingresos, custos e resultados***

| | 1999 | | 2000 | | 00/99 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(%)* |
| **Ingresos de explotación** | 17.387,0 | 100,00 | 20.515,9 | 100,00 | 18,00 |
| **Consumo e outros gastos de explotación** | 14.226,5 | 81,82 | 17.012,1 | 82,92 | 19,58 |
| **Valor engadido bruto a custo dos factores** | 3.160,5 | 18,18 | 3.503,9 | 17,08 | 10,86 |
| **Gastos de persoal** | 1.845,6 | 10,62 | 2.046,3 | 9,97 | 10,87 |
| **Resultado económico bruto da explotación** | 1.314,9 | 7,56 | 1.457,6 | 7,10 | 10,85 |
| **Amortizacións** | 476,5 | 2,74 | 550,2 | 2,68 | 15,47 |
| **Resultado económico neto da explotación** | 838,4 | 4,82 | 907,4 | 4,42 | 8,22 |
| **Resultado financeiro** | -35,4 | -0,20 | 68,9 | 0,34 | 294,79 |
| **Ingresos financeiros** | 126,9 | 0,73 | 292,4 | 1,43 | 130,46 |
| **Gastos financeiros** | 162,2 | 0,93 | 223,5 | 1,09 | 37,78 |
| **Resultado de actividades ordinarias** | 803,1 | 4,62 | 976,3 | 4,76 | 21,57 |
| **Resultado de actividades extraordinarias** | -10,6 | -0,06 | -32,7 | -0,16 | -207,84 |
| **Resultado antes de impostos** | 792,5 | 4,56 | 943,6 | 4,60 | 19,07 |
| **Impostos** | 230,6 | 1,33 | 244,9 | 1,19 | 6,18 |
| **Resultado neto do exercicio** | 561,9 | 3,23 | 698,8 | 3,41 | 24,36 |
| **Cash-flow** | 1.010,1 | 5,81 | 1.205,0 | 5,87 | 19,30 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.46

***Investimento e financiamento nas empresas do sector industrial 1999-00: taxas de crecemento nominal***

| | Sector Industrial | Enerxía | Bens de equipamento | Bens intermedios | Bens de consumo |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(%)* | | |
| **Activo total** | 14,23 | 12,11 | 12,72 | 20,48 | 12,62 |
| **Activo fixo (neto)** | 14,92 | 12,43 | 9,36 | 26,20 | 14,27 |
| **Circulante neto** | 13,75 | 11,34 | 13,98 | 16,82 | 10,89 |
| **Financiamento permanente** | 14,30 | 15,45 | 10,29 | 23,73 | 11,40 |
| **Fondos propios** | 15,52 | 8,25 | 9,61 | 24,74 | 18,29 |
| **Recursos alleos l/p** | 10,81 | 21,61 | 13,97 | 18,09 | -11,78 |
| **Ingresos distribuidos en varios exercicios** | 14,65 | 8,29 | 4,82 | 33,17 | 20,50 |
| **Acreedores a curto plazo** | 14,16 | 0,79 | 14,41 | 17,12 | 13,92 |
| **Fondo de rotación** | 11,44 | 50,37 | 12,11 | 15,57 | -324,07 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos *Ardán*

CADRO 2.47.

*Evolución do investimento e do financiamento no sector industrial 1999-00*

| | 1999 (en millóns de €) | 1999 (%) | 2000 (en millóns de €) | 2000 (%) | 00/99 (%) |
|---|---|---|---|---|---|
| **Activo total** | 10.636,3 | 100,00 | 12.149,6 | 100,00 | 14,23 |
| **Activo fixo (neto)** | 4.356,4 | 40,96 | 5.006,3 | 41,21 | 14,92 |
| Gastos amortizables | 63,0 | 0,59 | 74,1 | 0,61 | 17,62 |
| Inmobilizado inmaterial | 357,4 | 3,36 | 363,4 | 2,99 | 1,68 |
| Inmobilizado material | 2.982,5 | 28,04 | 3.381,9 | 27,84 | 13,39 |
| Outro inmobilizado | 949,7 | 8,93 | 1.179,0 | 9,70 | 24,15 |
| Outro activo fixo | 3,8 | 0,04 | 7,9 | 0,07 | 107,50 |
| **Circulante neto** | 6.279,9 | 59,04 | 7.143,3 | 58,79 | 13,75 |
| Existencias | 1.773,0 | 16,67 | 1.988,6 | 16,37 | 12,16 |
| Debedores | 3.114,4 | 29,28 | 3.620,1 | 29,80 | 16,24 |
| Tesourería | 408,5 | 3,84 | 444,4 | 3,66 | 8,78 |
| Outro activo circulante | 983,9 | 9,25 | 1.090,2 | 8,97 | 10,80 |
| **Fontes de financiamento** | 10.636,3 | 100,00 | 12.149,6 | 100,00 | 14,23 |
| **Financiamento permanente** | 5.304,2 | 49,87 | 6.062,6 | 49,90 | 14,30 |
| Fondos propios | 3.829,6 | 36,01 | 4.424,1 | 36,41 | 15,52 |
| Recursos alleos l/p | 1.357,0 | 12,76 | 1.503,6 | 12,38 | 10,81 |
| Ingresos distribuidos en varios exercicios | 117,6 | 1,11 | 134,9 | 1,11 | 14,65 |
| **Acreedores a curto plazo** | 5.332,0 | 50,13 | 6.087,0 | 50,10 | 14,16 |
| **Fondo de rotación** | 947,8 | 8,91 | 1.056,3 | 8,69 | 11,44 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.48.

*Sector industrial 1999-00: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB*

| Núcleos | 1999 (en millóns de €) | 2000 (en millóns de €) | 00/99 (%) |
|---|---|---|---|
| **Vigo** | 972,34 | 1.056,03 | 8,61 |
| **Arteixo** | 530,04 | 639,62 | 20,67 |
| **A Coruña** | 294,86 | 325,70 | 10,46 |
| **O Porriño** | 134,70 | 166,52 | 23,63 |
| **Santiago** | 111,98 | 126,82 | 13,25 |
| **Narón** | 81,61 | 89,55 | 9,73 |
| **San Cibrao das Viñas** | 66,86 | 70,26 | 5,09 |
| **Ferrol** | 66,82 | 56,70 | -15,14 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.49.

*Sector industrial 1999-00: estudio económico-financeiro*

*Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación*

(%)

| | Crecemento dos ingresos: Empresa do sector | Crecemento dos ingresos: Empresa galega | V.E.B.c.f. / ingresos: Empresa do sector | V.E.B.c.f. / ingresos: Empresa galega | Gastos persoal / ingresos: Empresa do sector | Gastos persoal / ingresos: Empresa galega | Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos: Empresa do sector | Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos: Empresa galega | Carga financeira / ingresos: Empresa do sector | Carga financeira / ingresos: Empresa galega | Cash-flow / ingresos: Empresa do sector | Cash-flow / ingresos: Empresa galega |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **2000** | 7,51 | 8,26 | 21,06 | 26,00 | 14,81 | 17,90 | 3,04 | 3,08 | 1,00 | 1,01 | 3,03 | 3,40 |
| **1999** | 11,27 | 10,90 | 20,73 | 26,32 | 14,20 | 17,88 | 3,21 | 3,16 | 0,93 | 0,94 | 3,17 | 3,44 |

*Rendibilidade e magnitudes asociadas*

| | Rendibilidade económica (%): Empresa do sector | Rendibilidade económica (%): Empresa galega | Marxe: Empresa do sector | Marxe: Empresa galega | Rotación de activos: Empresa do sector | Rotación de activos: Empresa galega | Rendibilidade financeira antes de impostos (%): Empresa do sector | Rendibilidade financeira antes de impostos (%): Empresa galega | Coste neto da débeda: Empresa do sector | Coste neto da débeda: Empresa galega | Coeficente de endebedamento: Empresa do sector | Coeficente de endebedamento: Empresa galega |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **2000** | 6,34 | 6,15 | 3,30 | 3,38 | 1,89 | 1,84 | 15,85 | 15,97 | 2,33 | 2,34 | 2,42 | 2,49 |
| **1999** | 6,67 | 6,33 | 3,34 | 3,40 | 1,93 | 1,85 | 18,33 | 17,99 | 2,21 | 2,19 | 2,52 | 2,59 |

Fonte: *Ardán*

19,1%, ascendendo a 943,6 millóns de euros, e que o resultado de actividades ordinarias medrou un 21,6% para situarse en 976,3 millóns de euros.

O crecemento do VEB no ano 2000 foi do 10,9%, 7,1 puntos menos do que o fan os ingresos de explotación, polo que o seu peso relativo descende dende o 18,2% de 1999 ata o 17,1% do ano 2000. Asemade, o devandito cadro reflicte unha medra do resultado financeiro (294,8%), xa que os ingresos financeiros crecen un 130,5% e os gastos se incrementan un 37,8% respecto ó ano anterior.

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 2.47.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 14,8% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 1.056,3 millóns de euros, un 11,4% superior ó existente o ano anterior. O 85,2% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 49,9% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 15,5% respecto ó ano anterior, supoñen o 36,4% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 10,8%, cun peso relativo do 12,4% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 12.149,6 millóns de euros, un 14,2% superior ó valor de 1999, dos que 5.006,3 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 14,9% superior respecto ó ano anterior). Os 7.143,3 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 13,8% en relación a 1999.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro 2.49.** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un crecemento respecto ós ingresos do VEB, e unha medra do peso relativo dos gastos de persoal e da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é, ó contrario do acontecido no ano anterior, lixeiramente inferior (0,8 puntos porcentuais), mentres que no caso da evolución do VEB sobre os ingresos segue sendo inferior (4,9 puntos porcentuais).

As rendibilidades económica e financeira antes de impostos descenden no ano 2000. A primeira por mor da evolución seguida pola marxe de actividade e a rotación de activos, e a segunda pola evolución seguida pola rendibilidade económica, e a medra do custo da débeda neste ano.

Ó contrario do acontecido ano anterior, o devandito **cadro 2.49.** amosa que neste ano a rendibilidades financeira das empresas do sector industrial consideradas é lixeiramente inferior ás rexistradas polas 12.394 empresas galegas analizadas por Ardán, consideradas no seu conxunto.

## Enerxía

No concernente á xeración de electricidade no ano 2001, o **gráfico 2.1.** reflicte a distribución da potencia instalada segundo as diferentes fontes enerxéticas. As fontes de producción máis importantes son a producción hidráulica, que representa o 39,8% da potencia instalada total, e a térmica clásica, co 34,6%. A enerxía eólica supón o 13,9% da potencia instalada total e a coxeración (productos petrolíferos) o 8,9%.

A partires dos datos facilitados polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), o Ministerio de Industria y Energía, UNESA, o IGE, a Consellería de Industria, Unión Fenosa, Gas Galicia e Ardán, o presente apartado analiza a situación da enerxía eléctrica e a coxeración, as enerxías renovables, o gas natural, os productos petrolíferos, e finalmente, a situación do sector enerxético como sector productivo.

***• A enerxía eléctrica***

A producción bruta de electricidade en Galicia no ano 2001 ascendeu a 28.991 GWh, o que representa o 13,6% da xeración bruta no conxunto do estado. O **cadro 2.50.** reflicte o predominio da producción térmica clásica ó representa-lo 52,4% da producción eléctrica de Galicia fronte ó 29,3% da producción hidroeléctrica e o 18,3% da enerxía vertida ó sistema (réxime especial).

Comparado co total estatal, a importancia relativa da producción hidroeléctrica galega no ano 2001 foi do 21,6%, sendo o peso relativo da

GRÁFICO 2.1.

***Xeración de electricidade 2001: potencia instalada***




Fonte: *Xunta de Galicia, Instituto Enerxético de Galicia*

CADRO 2.50.

***Producción bruta e dispoñible de electricidade 2001***

| | Potencia instalada | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total Galicia | Total España |
| | | | *(en mWh.)* | | | |
| **Hidroeléctrica** | 138 | 471 | 1.994 | 76 | 2.679 | 16.586 |
| **Térmica nuclear** | - | - | - | - | - | 7.816 |
| **Térmica clásica** | 2.501 | - | - | - | 2.501 | 19.779 |
| **Réxime especial** | 1.071 | 337 | 95 | 260 | 1.763 | 10.386 |
| **Total** | 3.710 | 808 | 2.089 | 336 | 6.943 | 54.567 |

| | Xeración bruta | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total Galicia | Total España |
| | | | *(en GWh.)* | | | |
| **Hidroeléctrica** | 545 | 1.939 | 5.808 | 216 | 8.508 | 39.424 |
| **Térmica nuclear** | - | - | - | - | - | 63.708 |
| **Térmica clásica** | 15.187 | - | - | - | 15.187 | 80.489 |
| **Réxime especial (1)** | 3.190 | 1.475 | 184 | 447 | 5.296 | 30.121 |
| **Total** | 18.922 | 3.414 | 5.992 | 663 | 28.991 | 213.742 |

**(1) enerxía vertida ó sistema**
Fonte: *Ministerio de Industria y Energía*

producción térmica clásica e da enerxía vertida ó sistema, do 18,9% e 17,6%, respectivamente.

Atendendo á distribución provincial, cómpre salientar que a provincia de A Coruña acolle ó 65,5% da producción eléctrica total galega do ano 2001, seguida de Ourense co 20,7%. A Coruña abrangue a totalidade da xeración da enerxía de producción térmica clásica, en tanto que no caso da producción hidroeléctrica, a provincia de Ourense acolle o 68,3% da producción hidroeléctrica galega.

Pola banda da demanda de electricidade, o **cadro 2.52.** reflicte un descenso da mesma na zona noroeste, ó contrario do acontecido no total estatal. A zona noroeste demandou un total de 26.587 millóns de kilowatios hora (o 14,3% do total estatal), un 1,2% menos que o demandado no ano anterior.

Respecto ó consumo eléctrico por comunidades autónomas, Galicia é a sexta comunidade con maior consumo, co 7,6% do consumo total, por detrás de Cataluña (18,4%), Andalucía (13,5%), Madrid (11,4%), C. Valenciana (9,8%) e País Vasco (8,0%).

No concernente á distribución da enerxía eléctrica entre vivendas e industrias, o **cadro 2.52.** amosa que no ano 2001 aumenta o consumo de enerxía eléctrica no caso das vivendas (4,3% respecto ó ano anterior) ó contrario do acontecido na industria (-10,3%).

Outra forma de obter enerxía eléctrica é a chamada c**oxeración**, que consiste na transformación da enerxía desprendida nos procesos productivos das propias empresas. En Galicia funcionan un total de 95 plantas de coxeneración (**cadro 2.53.**), cunha potencia nominal de 577.123 Kw (un 13,7% máis que no ano precedente). O maior número de plantas e a producción máis importante corresponde á provincia de A Coruña, que acolle 54 plantas de coxeneración, cunha potencia nominal de 427.587 Kw, o 74,1% do total producido en Galicia.

Un último aspecto a ter en conta á hora da análise da enerxía eléctrica é o referente á súa calidade de subministración medida a través do TIEPI (Tempo de Interrupción Equivalente á Potencia Instalada). O **cadro 2.54.** amosa unha medra do 35,5% do TIEPI no ano 2001, acadando os 321,2 minutos (237,1 minutos no ano anterior). No medio rural o TIEPI acadou os 732,3 minutos, fronte ós 390,6 minutos do medio semiurbano ou os 119,1 minutos do medio urbano.

***• Enerxías renovables***

En relación ás enerxías renovables hai que salientar que a potencia instalada no ano 2001 ascendeu a 3.952 Mw, un 10,1% máis que a potencia instalada no ano precedente. A producción eléctrica foi de 979 Ktep e a producción térmica de 227,2 Ktep, mentres que no ano anterior a producción eléctrica foi de 776 Ktep e a térmica, de 153Ktep.

A enerxía renovable con maior potencia instalada é a **hidráulica**, que, con 2.785 Mw, representa o 70,5% do total da potencia instalada neste tipo de enerxías e o 39,1% da potencia eléctrica instalada coa totalidade de fontes de enerxía (6.996 Mw). A producción eléctrica foi de 745 Ktep, que supón o 76,8% da producción eléctrica xerada polas enerxías renovables.

A potencia instalada das centrais minihidráulicas instaladas en Galicia no ano 2001 foi de 162Mw (25 máis que no ano anterior), o que representa o 4,1% da potencia instalada na totalidade de enerxías renovables. A achega da enerxía producida nestas centrais ó balance enerxético galego acadou no ano 2001 as 44 Ktep, fronte ás 43 Ktep do ano anterior.

No caso das enerxía **eólica**, os datos do **cadro 2.55.** reflicte o desenvolvemento desta fonte enerxética nos últimos anos. A potencia instalada en Galicia nos parques eólicos ascendeu a 971Mw, o que supón un crecemento do 57,3% respecto á potencia instalada no ano 2000. Comparado co total da potencia instalada coa totalidade de fontes de enerxía renovable, os parque eólicos acollen o 24,6% da potencia instalada, e o 13,9% da potencia total instalada en Galicia.

En Galicia había a 31 de decembro do 2001

CADRO 2.51.

**Demanda de electricidade 2000-01: distribución segundo zonas xeográficas**

| | 2000 (en mill. de Kwh) | Índice (1) | 2001 (en mill. de Kwh) | Índice (1) | 01/00 (%) |
|---|---|---|---|---|---|
| **Catalana** | 32.788 | 116 | 36.001 | 127 | 9,8 |
| **Centro-Levante** | 51.869 | 130 | 55.036 | 138 | 6,1 |
| **Centro-Norte** | 24.636 | 107 | 24.732 | 108 | 0,4 |
| **Noroeste** | 26.921 | 120 | 26.587 | 118 | -1,2 |
| **Aragonesa** | 4.606 | 112 | 4.047 | 98 | -12,1 |
| **Andaluza** | 27.557 | 137 | 28.850 | 143 | 4,7 |
| **Peninsular** | 168.377 | 122 | 175.253 | 127 | 4,1 |
| **Extrapeninsular** | 10.117 | 161 | 10.840 | 173 | 7,1 |
| **Total** | 178.494 | 124 | 186.093 | 129 | 4,3 |

(1) Base 1991 =100
Fonte: *UNESA*

CADRO 2.52.

***Índice de enerxía eléctrica distribuída 2000-01* (1)**

| | Vivendas | Industria (1990=100) | Total |
|---|---|---|---|
| **2000** | 181,7 | 120,7 | 137,3 |
| **2001** | 189,6 | 108,3 | 123,3 |
| **01/00** *(%)* | 4,3 | -10,3 | -10,2 |

(1) media anual
Fonte: *IGE*

CADRO 2.53.

***Plantas de coxeración en funcionamento 2000-01***

| | 2000 Plantas | 2000 Potencia nominal (en Kw) | 2001 Plantas | 2001 Potencia nominal (en Kw) | 01/00 Potencia nominal (%) |
|---|---|---|---|---|---|
| **A Coruña** | 50 | 366.182 | 54 | 427.587 | 16,8 |
| **Lugo** | 11 | 34.190 | 12 | 36.990 | 8,2 |
| **Ourense** | 6 | 32.336 | 6 | 32.336 | - |
| **Pontevedra** | 19 | 75.020 | 23 | 80.210 | 6,9 |
| **Total** | 86 | 507.728 | 95 | 577.123 | 13,7 |

Fonte: *Consellería de Industria*

CADRO 2.54.

***Tempo de interrupción equivalente á producción instalada 2000-01***

| | 2000 (en minutos) | 2001 (en minutos) | 01/00 (%) |
|---|---|---|---|
| **Urbana** | 52,9 | 115,9 | 119,1 |
| **Semiurbana** | 138,4 | 390,6 | 182,2 |
| **Rural** | 385,4 | 732,3 | 90,0 |
| **Total** | 237,1 | 321,2 | 35,5 |

Fonte: *Unión Fenosa*

CADRO 2.55.

**_Enerxías renovables en Galicia 2000-01: potencia e producción_**

| | 2000 (1) | | | 2001 (1) | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Potencia instalada | Producción eléctrica | Producción térmica | Potencia instalada | Producción eléctrica | Producción térmica |
| | *(MW)* | *(Ktep)* | | *(MW)* | *(Ktep)* | |
| **Hidráulica** | 2.803 | 614 | - | 2.785 | 745 | - |
| **Minihidráulica** | 137 | 43 | - | 162 | 44 | - |
| **Eólica** | 617 | 113 | - | 971 | 176 | - |
| **Biomasa** | 33 | 5 | 153 | 34 | 5 | 227 |
| **Solar** | 0,1 | - | - | 0,2 | - | 0,2 |
| **Total** | 3.590 | 776 | 153 | 3.952 | 970 | 227 |

(1) datos referidos a 31 de decembro
Fonte: *Xunta de Galicia, Instituto Enerxético de Galicia e Libro branco da enerxía de Galicia, setembro 2000*

CADRO 2.56.

**_Principais magnitudes económicas de Gas Galicia nos exercicios 2000-01_**

| | 2000 | 2001 |
|---|---|---|
| **Concellos con concesión administrativas** | 38 | 39 |
| **Número de usuarios** | 57.604 | 72.505 |
| | *(millóns de Tm.)* | |
| **Vendas de gas** | | |
| Mercado doméstico-comercial | 325,7 | 456,9 |
| Mercado industrial | 238,1 | 336,5 |
| | *(miles de €)* | |
| **Ingresos por vendas de gas** | 19.057,5 | 28.755,2 |
| | *(km.)* | |
| **Lonxitude de redes** | 582,7 | 716,989 |
| Rede Media Presión "A" | 328,9 | 334,85 |
| Rede Media Presión "B" | 253,8 | 377,6 |
| Rede Alta Presión | 0 | 4,539 |
| | *(persoas)* | |
| **Persoal medio** | 65 | 65 |

Fonte: *Gas Galicia*

un total de 31 parques eólicos en funcionamento, que xeraban unha potencia de 970,58Mw, sendo os parques eólicos mais importantes os de Masgalan-Ameixeiras, con 99,00Mw, e os da Serra do Cando, Monte Seixo e Outeiro do Coto, con 64,02Mw e o de Paxareiras II, cunha potencia de 63,00Mw. Xunto a estes parques en funcionamento, nesa data había un total de 7 parques eólicos en construcción, que terán unha potencia instalada de 215,99Mw, salientando o parque de Faladoira-P. Loba-Caxado-C. Teixido 2F, que terá unha potencia de 69,30Mw.

Finalmente, a **biomasa** aportou unha potencia instalada de 34Mw, unha producción eléctrica de 5 Ktep e unha producción térmica de 227 Ktep.

**• _Gas natural_**

Ó finaliza-lo ano 2001, o número de áreas con autorización era de 39: 15 en A Coruña, 2 en Lugo, 4 en Ourense e 18 en Pontevedra. O número de usuarios ascendía a 72.505 (57.604 usuarios o ano anterior). A lonxitude da rede de transporte e distribución de gas natural en Galicia no ano 2001 foi de 717 km., dos que 334,9 km corresponden á rede de media presión "A" e 377,6 km á rede de media presión "B" (**cadro 2.56.**).

O 57,8% das vendas de gas diríxese ó mercado doméstico ou comercial, que acolle 456,9 Mte, dirixíndose o 42,4% restante (336,5 Mte) ó mercado industrial. No ano 2001, os ingresos por vendas de gas ascenderon a 28.755,2 miles de euros.

**• _Productos petrolíferos_**

En relación á oferta de productos petrolíferos, o **cadro 2.57.** reflicte o movemento de crus e a obtención de productos petrolíferos. No ano 2001 descargáronse en Galicia 5.000 miles de toneladas de crus (307 miles de toneladas menos),

CADRO 2.57.

**_Movemento de crus e obtención de productos petrolíferos nas CC.AA. 2001_**

| | Andalucía | Canarias | Castela - A Mancha | Cataluña | Comunidade Valenciana | Galicia | País Vasco | Murcia | Total España |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | *(en miles de toneladas)* | | | | |
| **Crus descargados** | 15.556 | 4.213 | - | 7.744 | 4.561 | 5.000 | 8.481 | 11.429 | 56.984 |
| Nacionales | - | - | - | 311 | - | - | - | - | 311 |
| Importados | 15.556 | 4.213 | - | 7.433 | 4.561 | 5.000 | 8.481 | 11.429 | 56.673 |
| **Crus destilados** | 15.039 | 4.210 | 7.312 | 7.933 | 4.634 | 4.996 | 8.632 | 3.656 | 56.412 |
| **Productos obtidos** | 15.290 | 4.342 | 7.414 | 9.060 | 4.695 | 5.564 | 9.424 | 4.227 | 60.016 |
| Gas refinado | 450 | 94 | 265 | 78 | 153 | 193 | 241 | 54 | 1.528 |
| Butano | 315 | 60 | 98 | 166 | 50 | 209 | 92 | 43 | 1.033 |
| Propano | 147 | 21 | 76 | 42 | 60 | 59 | 90 | 35 | 530 |
| Gasolinas | 2.294 | 527 | 1.096 | 959 | 1.174 | 1.027 | 1.879 | 590 | 9.546 |
| Querosenos | 1.406 | 629 | 747 | 709 | 281 | 79 | 119 | 257 | 4.227 |
| Gasóleos | 5.229 | 1.131 | 2.669 | 2.799 | 1.882 | 2.219 | 3.919 | 1.450 | 21.298 |
| Fuel óleos | 3.340 | 1.591 | 898 | 1.429 | 726 | 933 | 2.244 | 914 | 12.075 |
| Outros | 2.109 | 289 | 1.565 | 2.878 | 369 | 845 | 840 | 884 | 9.779 |

Fonte: *Ministerio de Industria y Energía*

CADRO 2.58.

**_Consumo de productos petrolíferos 2000-01_**

***2000***

| | Gasolinas | Gasóleos | Querosenos | Fuel óleos | Asfaltos | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(en toneladas métricas)* | | | |
| **A Coruña** | 155.566 | 683.700 | 28.792 | 302.621 | - | 1.170.679 |
| **Lugo** | 54.528 | 305.549 | - | 30.854 | - | 390.931 |
| **Ourense** | 53.546 | 214.401 | - | 22.841 | 102 | 290.890 |
| **Pontevedra** | 146.004 | 599.132 | 12.149 | 83.783 | - | 841.068 |
| **Total** | 409.644 | 1.802.782 | 40.941 | 440.099 | 102 | 2.693.568 |
| **Total España** | 7.738.678 | 22.222.365 | 4.252.376 | 6.735.306 | 1.142.870 | 42.091.595 |
| **Galicia/España** *(%)* | 5,3 | 8,1 | 1,0 | 6,5 | 0,0 | 6,4 |

***2001***

| | Gasolinas | Gasóleos | Querosenos | Fuel óleos | Asfaltos | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(en toneladas métricas)* | | | |
| **A Coruña** | 157.619 | 729.318 | 25.135 | 336.509 | - | 1.248.581 |
| **Lugo** | 54.691 | 329.148 | - | 24.883 | - | 408.722 |
| **Ourense** | 52.691 | 238.402 | - | 13.757 | 1.766 | 306.616 |
| **Pontevedra** | 182.263 | 647.073 | 11.220 | 88.003 | - | 928.559 |
| **Total** | 447.264 | 1.943.941 | 36.355 | 463.152 | 1.766 | 2.892.478 |
| **Total España** | 7.966.197 | 23.067.195 | 3.973.720 | 8.919.821 | 1.273.396 | 45.200.329 |
| **Galicia/España** *(%)* | 5,6 | 8,4 | 0,9 | 5,2 | 0,1 | 6,4 |

Fonte: *Asociación Española de Operadores Petrolíferos*

o que supón o 8,8% do total descargado en España. Os productos petrolíferos obtidos a partir do cru en Galicia representan o 9,3% do total de productos obtidos en España, predominando a producción de gasóleos, que supón o 39,9% do total de productos obtidos en Galicia, seguido das gasolinas e os fuel óleos, co 18,5% e o 16,8%, respectivamente.

Respecto á demanda de productos petrolíferos, o **cadro 2.58.** reflicte que o peso relativo do consumo de Galicia no total español é do 6,4%. Destaca, por unha banda, o peso relativo do consumo de gasóleos no total estatal, que representan o 8,4%, e por outra, a escasa importancia relativa do consumo do queroseno e dos asfaltos co 0,9% e 0,1%, respectivamente. O devandito cadro indica que o consumo de gasóleos representa o 67,2% do total de productos petrolíferos consumidos en Galicia, sendo a importancia relativa do consumo de fuel óleo e das gasolinas do 16% e do 15,5%, respectivamente.

CADRO 2.59.

***Complexo electricidade, enerxía e auga 2000: actividades que comprende o grupo***

| | Empresas | Ingresos de explotación | V.E.B. c.f. | *Cash-flow* | Activo total | Emprego medio |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(en millóns de €)* | | | |
| **Extracción de hulla e lignito** | 2 | 92,1 | 64,5 | 23,9 | 273,6 | 318 |
| **Distrib. de carbón, miner., petról e pdtos. petr.** | 46 | 170,5 | 8,5 | 1,8 | 50,7 | 7 |
| **Producción e distribución de enerxía eléctrica** | 51 | 172,1 | 82,8 | 48,8 | 819,3 | 10 |
| **Dsitribución de gas, combustible e auga** | 42 | 82,6 | 26,9 | 8,4 | 154,5 | 10 |
| **Total** | 141 | 517,4 | 182,8 | 82,8 | 1.298,0 | 15 |
| **Peso do grupo no conxunto de empresas galegas** *(%)* | 1,1374637 | 1,2 | 2,3 | 3,4 | 4,1 | |

Fonte: *Ardán*

### • *Indicadores empresariais*

O sector enerxético estaba composto, segundo o estudio de Ardán, por 141 empresas (**cadro 2.59.**), que xeraron un VEB a custo de factores de 182,8 millóns de euros (o 2,3% do total xerado polas empresas galegas consideradas), sendo o seu emprego medio de 15 traballadores por empresa. Cómpre salientar que neste subsector industrial non se atopan empresas como Endesa ou Unión Fenosa, xa que aínda que teñen unha importancia significativa en Galicia, teñen a súa razón social fóra da comunidade galega.

O grupo de actividades máis importante dentro deste subsector polo seu VEB a custo de factores é o de producción e distribución de enerxía eléctrica, onde as 51 empresas consideradas xeran un VEB de 82,8 millóns de euros. Séguenlle en importancia as dúas empresas pertencentes ó grupo de actividade extracción de hulla e lignito, que xeran un VEB cun valor de 64,5 millóns de euros. Entre ámbalas dúas actividades acaparan o 80,6% do VEB xerado polas empresas consideradas neste sector.

O principal núcleo de localización das empresas segundo o seu VEB xerado foi A Coruña, que con 86,5 millóns de euros acolle o 47,3% do valor engadido bruto do sector. Séguelle en importancia Santiago, con 31,8 millóns de euros, e Lugo, con 15,6 millóns de euros. Nestes tres núcleos de actividade concéntrase o 73,3% do VEB do sector en Galicia (o 70% en 1999).

A conta de explotación agregada das 141 empresas do subsector enerxético, **cadro 2.61.**, amosa que no ano 2000 rexistrouse unha medra do seu resultado neto do exercicio do 8,4% para situarse nos 31,2 millóns de euros. Asemade, amosa que o resultado antes de impostos aumentou un 8,4%, situándose nos 45,2 millóns de euros, e que o resultado de actividades ordinarias medrou un 8,1% ata os 49,8 millóns de euros.

No ano 2000 prodúcese unha medra do VEB a custo de factores do 14,1% respecto ó ano precedente, polo que dado o crecemento dos ingresos de explotación (3,3%), o peso relativo do VEB aumenta dende o 32% de 1999 ata o 35,3% do ano 2000. Asemade, o devandito cadro reflicte un empeoramento do resultado financeiro (-45,8%), que acada os –18,2 millóns de euros.

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 2.62.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 28,7% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 107 millóns de euros, un 50,4% superior ó existente o ano anterior. O 71,3% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 79,5%

CADRO 2.60.

**Complexo electricidade, enerxía e auga 1999-00: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

| Núcleos | 1999 | 2000 | 00/99 |
|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | | *(%)* |
| **A Coruña** | 75,9 | 86,5 | 13,9 |
| **Santiago** | 19,1 | 31,8 | 66,1 |
| **Lugo** | 17,1 | 15,6 | -8,9 |
| **Muras** | 4,4 | 7,9 | 80,9 |
| **Vigo** | 3,8 | 5,3 | 40,8 |
| **Cee** | 4,5 | 4,6 | 1,8 |
| **Ortigueira** | 4,3 | 3,8 | -13,5 |
| **Pontevedra** | 3,1 | 2,7 | -13,7 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.61.

**Evolución da actividade no complexo electricidade, enerxía e auga 1999-00: ingresos, custos e resultados**

| | 1999 | | 2000 | | 00/99 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(%)* |
| **Ingresos de explotación** | 500,8 | 100,00 | 517,4 | 100,00 | 3,3 |
| **Consumo e outros gastos de explotación** | 340,7 | 68,03 | 334,6 | 64,68 | -1,8 |
| **Valor engadido bruto a custo dos factores** | 160,1 | 31,97 | 182,8 | 35,32 | 14,1 |
| **Gastos de persoal** | 59,8 | 11,95 | 61,7 | 11,92 | 3,0 |
| **Resultado económico bruto da explotación** | 100,3 | 20,02 | 121,1 | 23,41 | 20,8 |
| **Amortizacións** | 41,8 | 8,35 | 53,2 | 10,28 | 27,2 |
| **Resultado económico neto da explotación** | 58,5 | 11,68 | 67,9 | 13,13 | 16,1 |
| **Resultado financeiro** | -12,5 | -2,49 | -18,2 | -3,51 | -45,8 |
| Ingresos financeiros | 5,5 | 1,11 | 11,5 | 2,23 | 108,3 |
| Gastos financeiros | 18,0 | 3,59 | 29,7 | 5,74 | 65,1 |
| **Resultado de actividades ordinarias** | 46,0 | 9,19 | 49,8 | 9,62 | 8,1 |
| **Resultado de actividades extraordinarias** | -4,3 | -0,87 | -4,6 | -0,89 | -5,4 |
| **Resultado antes de impostos** | 41,7 | 8,32 | 45,2 | 8,73 | 8,4 |
| **Impostos** | 12,9 | 2,57 | 13,9 | 2,69 | 8,3 |
| **Resultado neto do exercicio** | 28,8 | 5,75 | 31,2 | 6,04 | 8,4 |
| **Cash-flow** | 69,9 | 13,96 | 82,8 | 16,00 | 18,4 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.62.

**Evolución do investimento e do financiamento no complexo electricidade, enerxía e auga 1999-00**

| | 1999 | | 2000 | | 00/99 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Resultado neto do exercicio** | 218,8 | 5,16 | 353,0 | 6,89 | 61,3 |
| ***Cash-flow*** | 315,2 | 7,43 | 466,0 | 9,09 | 47,8 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.88.

**Evolución do investimento e do financiamento no sector de bens de consumo 1999-00**

| | 1999 | | 2000 | | 00/99 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(%)* |
| **Activo total** | 2.891,4 | 100 | 3.256,3 | 100 | 12,6 |
| **Activo fixo (neto)** | 1.477,9 | 51,11 | 1.688,8 | 51,86 | 14,3 |
| Gastos amortizables | 24,9 | 0,86 | 25,2 | 0,78 | 1,4 |
| Inmobilizado inmaterial | 169,1 | 5,85 | 187,5 | 5,76 | 10,9 |
| Inmobilizado material | 781,8 | 27,04 | 908,8 | 27,91 | 16,2 |
| Outro inmobilizado | 501,7 | 17,35 | 566,8 | 17,40 | 13,0 |
| Outro activo fixo | 0,4 | 0,01 | 0,5 | 0,01 | 15,1 |
| **Circulante neto** | 1.413,6 | 48,89 | 1.567,5 | 48,14 | 10,9 |
| Existencias | 409,7 | 14,17 | 493,8 | 15,16 | 20,5 |
| Debedores | 586,1 | 20,27 | 671,4 | 20,62 | 14,5 |
| Tesourería | 89,8 | 3,10 | 108,4 | 3,33 | 20,8 |
| Outro activo circulante | 328,0 | 11,34 | 294,0 | 9,03 | -10,4 |
| **Fontes de financiamento** | 2.891,4 | 100,00 | 3.256,3 | 100,00 | 12,6 |
| **Financiamento permanente** | 1.490,5 | 51,55 | 1.660,4 | 50,99 | 11,4 |
| Fondos propios | 1.134,7 | 39,24 | 1.342,3 | 41,22 | 18,3 |
| Recursos alleos l/p | 342,6 | 11,85 | 302,3 | 9,28 | -11,8 |
| Ingresos distribuidos en varios exercicios | 13,2 | 0,46 | 15,9 | 0,49 | 20,5 |
| **Acreedores a curto plazo** | 1.400,9 | 48,45 | 1.595,9 | 49,01 | 13,9 |
| **Fondo de rotación** | 12,7 | 0,44 | -28,4 | -0,87 | -324,1 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.89.

**Sector de bens de consumo 1999-00: estudio económico-financeiro**

**Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación**

| | Crecemento dos ingresos | | V.E.B.c.f. / ingresos | | Gastos persoal / ingresos | | Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos | | Carga financeira / ingresos | | Cash-flow / ingresos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| | (%) | | | | | | | | | | | |
| **2000** | 8,77 | 8,26 | 22,15 | 26,00 | 16,72 | 17,90 | 3,14 | 3,08 | 1,09 | 1,01 | 3,07 | 3,40 |
| **1999** | 10,29 | 10,90 | 22,02 | 26,32 | 16,05 | 17,88 | 3,25 | 3,16 | 1,04 | 0,94 | 3,22 | 3,44 |

**Rendibilidade e magnitudes asociadas**

| | Rendibilidade económica | | Marxe | | Rotación de activos | | Rendibilidade financeira antes de impostos | | Coste neto da débeda | | Coeficente de endebedamento | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| | (%) | | | | | | (%) | | | | | |
| **2000** | 6,13 | 6,15 | 3,36 | 3,38 | 1,83 | 1,84 | 15,47 | 15,97 | 2,39 | 2,34 | 2,49 | 2,49 |
| **1999** | 6,07 | 6,33 | 3,35 | 3,40 | 1,88 | 1,85 | 17,12 | 17,99 | 2,29 | 2,19 | 2,63 | 2,59 |

Fonte: *Ardán*

nente cubre o 98,3% do activo fixo neto financiándose o restante 1,7% e o circulante neto polos acreedores a curto prazo. O fondo de rotación foi de –28,4 millóns de euros, un 324,1% inferior ó existente o ano anterior. No concernente ás fontes de financiamento, o 51% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 18,3% respecto ó ano anterior, supoñen o 41,2% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo, que se reducen nun 11,8%, teñen un peso relativo do 9,3% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 3.256,3 millóns de euros, un 12,6% superior ó valor de 1999, dos que 1.688,8 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 14,3% superior respecto ó ano anterior). Os 1.567,5 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 10,9% en relación a 1999.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro 2.89.** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un aumento respecto ós ingresos do VEB e dos gastos de persoal, e unha lixeira medra da carga financeira.

A rendibilidade económica é superior á do ano anterior, influenciada pola evolución da marxe de actividade, mentres que a rendibilidade financeira antes de impostos descende por mor do incremento do custo neto da débeda. Tal e como reflicte o devandito **cadro 2.89.**, as rendibilidades económica e financeira son inferiores ás rexistradas polo total das 12.394 empresas galegas analizadas por Ardán.

• ***Téxtil-confección***

O grupo de actividades do téxtil-confección comprende, entre outras, as actividades relacionadas co tecido e confección de prendas de vestir en téxtiles; a fabricación de artigos e tecidos de puntos; a confección de prendas de coiro e peletería; fabricación de complementos e accesorios; distribución por xunto e polo miúdo de téxtiles e prendas de vestir; distribución por xunto e polo miúdo de xoiería e reloxería; e servicios de lavandería. Atendendo ós criterios de selección de empresas de Ardán, este grupo de actividades está formado por 560 empresas (o 4,5% das empresas consideradas) que manteñen a un emprego medio de 55 traballadores por empresa. Estas xeran o 10,4% dos ingresos de explotación e o 10,6% do VEB do total das empresas galegas consideradas polo Ardán.

Dentro das actividades do grupo salientan as 152 empresas relacionadas coa distribución minorista de téxtiles e prendas de vestir, que son as que presenta o maior VEB con 411,5 millóns de euros (o 48,4% do total xerado polo subsector téxtil) e os maiores ingresos de explotación, con 1.513,9 millóns de euros (o 35,1%). As 186 empresas relacionadas coas actividades de tecido e confección de prendas de vestir en téxtil, xeraron un VEB de 228,8 millóns de euros, o 26,9% do VEB total deste subsector (**cadro 2.90.**).

A provincia de A Coruña é a provincia que xera un maior valor engadido, salientando a área de Arteixo (por mor de INDITEX), que con 588,3 millóns de euros (un 22% máis que no ano 1999), aporta o 69,1% do VEB xerado por esta actividade en Galicia no ano 2000. Séguelle en importancia A Coruña, que con 41 millóns, aporta o 4,8% do total xerado polas empresas pertencentes a este subsector. (cadro 2.91.)

A **conta de explotación agregada** das empresas deste subsector amosan que no ano 2000 experimentouse un importante crecemento do seu resultado neto do exercicio (63,2%) e do resultado antes de impostos (54,6%), acadando, en termos absolutos, os 348 e 414,6 millóns de euros, respectivamente. O resultado de actividades ordinarias medrou un 51,7% para acada-los 440,4 millóns de euros.

O valor engadido bruto a custo de factores medrou no ano 2000 cinco puntos porcentuais por debaixo do que o fan os ingresos de explotación (18,3% e 23,3%, respectivamente) polo que a importancia relativa do VEB pasa do 20,6% de 1999 ata o 19,7% do ano 2000.

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 2.93.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre o 99,9% do activo fixo neto finan-

CADRO 2.90.

**Complexo téxtil e da confección 2000: actividades que comprende o grupo**

| | Empresas | Ingresos de explotación | V.E.B. c.f. | *Cash-flow* | Activo total | Emprego medio |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | *(en millóns de €)* | | | | |
| Tecido e confección de prendas de vestir en téxtil | 186 | 1.010,0 | 228,8 | 58,2 | 568,4 | 54 |
| Fabricación de artículos e tecidos de puntos | 28 | 90,6 | 34,2 | 9,6 | 104,4 | 62 |
| Confección de prendas de coiro e peletería | 10 | 26,3 | 5,9 | 1,1 | 24,3 | 54 |
| Fabricación de complentos e accesorios | 9 | 12,5 | 3,4 | -0,1 | 16,8 | 19 |
| Fabricación doutros productos textís | 23 | 131,1 | 21,4 | 7,1 | 83,8 | 37 |
| Distr. maiorista de téxtiles e prendas de vestir | 102 | 1.464,2 | 127,2 | 204,4 | 1.308,5 | 21 |
| Distr. Mai. De xoiería e reloxería | 18 | 18,4 | 3,5 | 0,4 | 16,7 | 6 |
| Distr. minorista de téxtiles e prendas de vestir | 152 | 1.513,9 | 411,5 | 164,5 | 760,5 | 96 |
| Distribución minorista de xoias | 17 | 27,6 | 7,2 | 1,8 | 23,7 | 19 |
| Servicios de lavandería | 15 | 16,6 | 7,8 | 1,4 | 14,1 | 31 |
| **Total** | 560 | 4.311,1 | 851,1 | 448,5 | 2.921,3 | 55 |
| **Peso do grupo no conxunto de empresas galegas** *(%)* | 4,5 | 10,4 | 10,6 | 18,3 | 9,2 | |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.91.

**Complexo téxtil e da confección 1999-00: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

| Núcleos | 1999 | 2000 | 00/99 |
|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | | *(%)* |
| Arteixo | 482,1 | 588,3 | 22,0 |
| A Coruña | 37,0 | 41,0 | 11,0 |
| San Cibrao das Viñas | 31,9 | 33,6 | 5,3 |
| Vigo | 21,8 | 25,0 | 14,8 |
| Ferrol | 20,9 | 21,5 | 3,1 |
| Lalín | 13,9 | 15,1 | 8,6 |
| Pereiro de Aguiar | 9,8 | 14,1 | 43,9 |
| Ordes | 10,0 | 11,9 | 19,0 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.92.

**Evolución da actividade no complexo téxtil e da confección 1999-00: ingresos, custos e resultados**

| | 1999 | | 2000 | | 00/99 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(%)* |
| Ingresos de explotación | 3495,2 | 100 | 4311,1 | 100 | 23,3 |
| Consumo e outros gastos de explotación | 2775,9 | 79,42 | 3460,0 | 80,26 | 24,6 |
| Valor engadido bruto a custo dos factores | 719,4 | 20,58 | 851,1 | 19,74 | 18,3 |
| Gastos de persoal | 370,6 | 10,60 | 450,4 | 10,45 | 21,5 |
| Resultado económico bruto da explotación | 348,8 | 9,98 | 400,7 | 9,29 | 14,9 |
| Amortizacións | 87,3 | 2,50 | 108,3 | 2,51 | 24,0 |
| Resultado económico neto da explotación | 261,5 | 7,48 | 292,4 | 6,78 | 11,8 |
| Resultado financeiro | 28,8 | 0,82 | 148,0 | 3,43 | 413,4 |
| Ingresos financeiros | 64,6 | 1,85 | 207,2 | 4,81 | 220,7 |
| Gastos financeiros | 35,8 | 1,02 | 59,2 | 1,37 | 65,5 |
| Resultado de actividades ordinarias | 290,3 | 8,31 | 440,4 | 10,22 | 51,7 |
| Resultado de actividades extraordinarias | -22,1 | -0,63 | -25,8 | -0,60 | -16,8 |
| Resultado antes de impostos | 268,2 | 7,67 | 414,6 | 9,62 | 54,6 |
| Impostos | 55,0 | 1,57 | 66,6 | 1,55 | 21,2 |
| Resultado neto do exercicio | 213,3 | 6,10 | 348,0 | 8,07 | 63,2 |
| *Cash-flow* | 298,9 | 8,55 | 448,5 | 10,40 | 50,0 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.93.

***Evolución do investimento e do financiamento no complexo téxtil e da confección 1999-00***

| | 1999 | | 2000 | | 00/99 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(en millóns de €)* | *(%)* | *(%)* |
| **Activo total** | 2.593,3 | 100 | 2.921,3 | 100 | 12,6 |
| **Activo fixo (neto)** | 1.320,8 | 50,93 | 1.510,6 | 51,71 | 14,4 |
| Gastos amortizables | 22,9 | 0,88 | 21,7 | 0,74 | -5,5 |
| Inmobilizado inmaterial | 158,3 | 6,10 | 171,5 | 5,87 | 8,4 |
| Inmobilizado material | 687,4 | 26,51 | 797,1 | 27,29 | 16,0 |
| Outro inmobilizado | 452,0 | 17,43 | 519,9 | 17,80 | 15,0 |
| Outro activo fixo | 0,3 | 0,01 | 0,3 | 0,01 | 21,8 |
| **Circulante neto** | 1.272,5 | 49,07 | 1.410,6 | 48,29 | 10,9 |
| Existencias | 343,0 | 13,22 | 423,0 | 14,48 | 23,3 |
| Debedores | 531,9 | 20,51 | 610,0 | 20,88 | 14,7 |
| Tesourería | 75,8 | 2,92 | 90,7 | 3,10 | 19,6 |
| Outro activo circulante | 321,8 | 12,41 | 286,9 | 9,82 | -10,8 |
| **Fontes de financiamento** | 2.593,3 | 100,00 | 2.921,3 | 100,00 | 12,6 |
| **Financiamento permanente** | 1.356,4 | 52,31 | 1.510,0 | 51,69 | 11,3 |
| Fondos propios | 1.058,1 | 40,80 | 1.261,4 | 43,18 | 19,2 |
| Recursos alleos l/p | 287,1 | 11,07 | 234,6 | 8,03 | -18,3 |
| Ingresos distribuidos en varios exercicios | 11,2 | 0,43 | 13,9 | 0,48 | 24,4 |
| **Acreedores a curto plazo** | 1.236,9 | 47,69 | 1.411,3 | 48,31 | 14,1 |
| **Fondo de rotación** | 35,6 | 1,37 | -0,7 | -0,02 | -101,8 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.94.

***Complexo téxtil e da confección 1999-00: estudio económico-financeiro***

***Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación***

| | Crecemento dos ingresos | | V.E.B.c.f. / ingresos | | Gastos persoal / ingresos | | Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos | | Carga financeira / ingresos | | Cash-flow / ingresos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| | (%) | | | | | | | | | | | |
| **2000** | 8,52 | 8,26 | 24,49 | 26,00 | 18,98 | 17,90 | 3,67 | 3,08 | 1,19 | 1,01 | 3,64 | 3,40 |
| **1999** | 10,95 | 10,90 | 24,67 | 26,32 | 18,15 | 17,88 | 3,78 | 3,16 | 1,11 | 0,94 | 3,65 | 3,44 |

***Complexo téxtil e da confección: rendibilidade e magnitudes asociadas***

| | Rendibilidade económica | | Marxe | | Rotación de activos | | Rendibilidade financeira antes de impostos | | Coste neto da débeda | | Coeficente de endebedamento | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| | (%) | | | | | | (%) | | | | | |
| **2000** | 6,60 | 6,15 | 3,86 | 3,38 | 1,74 | 1,84 | 16,27 | 15,97 | 2,46 | 2,34 | 2,39 | 2,49 |
| **1999** | 6,52 | 6,33 | 4,06 | 3,40 | 1,75 | 1,85 | 18,90 | 17,99 | 2,40 | 2,19 | 2,47 | 2,59 |

Fonte: *Ardán*

ciándose o restante 0,1% e o circulante neto polos acreedores a curto prazo. O fondo de rotación foi de –0,7 millóns de euros, un 101,8% inferior ó existente o ano anterior. No concernente ás fontes de financiamento, o 51,7% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 19,2% respecto ó ano anterior, supoñen o 43,2% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo caeron un 18,3%, cun peso relativo do 8% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 2.921,3 millóns de euros, un 12,6% superior ó valor de 1999, dos que 1.510,6 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 14,4% superior respecto ó ano anterior). Os 1.410,6 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 10,9% en relación a 1999.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro 2.94.** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un descenso respecto ós ingresos do VEB, e un crecemento do peso relativo dos gastos de persoal e da carga financeira.

No ano 2000 medra a rendibilidade económica descenden para situarse no 6,60%, en tanto que a rendibilidade financeira antes de impostos descende ata os 16,27%. Este descenso explícase polo incremento do custo neto da débeda.

## CARACTERÍSTICAS DO COMERCIO EXTERIOR

Ó longo do ano 2001 o comercio exterior galego presentou un crecemento superior ó estatal, rexistrándose un crecemento do 8,4% fronte ós 2,3% experimentado polo comercio exterior no conxunto de España. No que respecta á actividade exportadora, o valor das exportacións galegas no ano 2001 foi de 9.270,5 millóns de euros, un 11,7% superior ó rexistrado no ano precedente (3,6% para o conxunto do estado). O valor das importacións ascendeu a 9.372,8 millóns de euros, que representa un crecemento do 5,4% respecto o valor do ano anterior (1,3% en España).

A balanza comercial galega continúa co descenso do seu déficit, que no ano 2001 foi, segundo o ICEX, de 102,3 millóns de euros fronte ós 597,1 millóns do ano anterior. En termos porcentuais, o déficit comercial do ano 2001 é un 82,9% inferior ó rexistrado o ano precedente.

A taxa de cobertura foi do 98,9% (no ano 2000 foi do 93,3%), vintecatro puntos por riba da experimentada por España que foi do 74,9% (no 2000 era do 73,3%). Comparado co resto das comunidades autónomas, no ano 2001 Galicia é a oitava comunidade con maior taxa de cobertura.

No estudio do sector exterior galego, apréciase unha forte concentración e especialización do comercio exterior. Por unha banda, a provincia de Pontevedra acapara o 64,4% do comercio exterior da comunidade; por outra, a Unión Europea (especialmente Francia e Portugal), segue a se-lo principal socio comercial, ó acolle-lo 82,6% das exportacións galegas e o 62,4% das importacións.

Atendendo ós productos comercializados, tamén se constata a devandita especialización do sector exterior. Así, un só capítulo arancelario, o capítulo 87 (vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, partes e accesorios), representa o 32,1% e o 49,9% do total das importacións e exportacións galegas, respectivamente. O peso relativo dos 10 primeiros capítulos de importación e exportación sitúase no 79,9% do total das exportacións e no 78% no caso das importacións galegas no ano 2000.

O fluxo de investimento galego no estranxeiro acadou os 419,8 millóns de euros no ano 2001 (o 0,6% do total investido por España nese ano), dos que os países latinoamericanos recibiron o 89,9%. Asemade, pode salientarse que Galicia concentra a meirande parte do seu investimento no estranxeiro no subsector de fabricantes de vehículos motor e compoñentes, que acolle o 80,6% do total investido (no conxunto do estado é inferior ó 21%).

Tendo en conta a ralentización do crecemento a nivel internacional, ó longo do ano 2001 o sector exterior galego presentou unha minoración do seu ritmo de crecemento, ó rexistrar o valor

CADRO 2.95.

***Importacións e exportacións de Galicia e España 2000-01***

| | Importacións | | | Exportacións | | | Saldo comercial | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2000 | 2001 | 01/00 | 2000 | 2001 | 01/00 | 2000 | 2001 | 01/00 |
| | *(en miles de €)* | | *(%)* | *(en miles de €)* | | *(%)* | *(en miles de €)* | | *(%)* |
| **A Coruña** | 3.303.955 | 3.286.002 | -0,5 | 2.056.638 | 2.070.624 | 0,7 | -1.247.317 | -1.215.378 | -2,6 |
| **Lugo** | 322.568 | 363.745 | 12,8 | 241.717 | 296.113 | 22,5 | -80.851 | -67.632 | -16,3 |
| **Ourense** | 198.557 | 208.736 | 5,1 | 396.649 | 417.809 | 5,3 | 198.092 | 209.073 | 5,5 |
| **Pontevedra** | 5.070.610 | 5.514.331 | 8,8 | 5.603.575 | 6.485.994 | 15,7 | 532.965 | 971.663 | 82,3 |
| **Galicia** | 8.895.690 | 9.372.814 | 5,4 | 8.298.579 | 9.270.540 | 11,7 | -597.111 | -102.274 | -82,9 |
| **España** | 169.468.101 | 171.690.791 | 1,3 | 124.177.336 | 128.671.957 | 3,6 | -45.290.765 | -43.018.834 | -5,0 |
| **G/E** | 5,25 | 5,46 | | 6,68 | 7,20 | | 1,32 | 0,24 | |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos *ICEX*

GRÁFICO 2.2.




Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos *ICEX*

GRÁFICO 2.3.




Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos *ICEX*

total das exportacións e das importacións galegas un crecemento do 11,7% e 5,4% respectivamente, cando no ano anterior o crecemento superaba claramente o 30%.

Esta evolución permitiu unha reducción do déficit da balanza comercial galega, que se sitúa en 102.274 miles de euros (fonte ICEX), un 82,3% inferior ó rexistrado o ano 2000 (597.111 miles de euros). A taxa de cobertura, cadro 2.96., acada o 98,9% (en 2000 era do 93,3%), 24 puntos por riba da experimentada por España que foi do 74,9% (en 2000 era do 73,3%).

O grado de apertura da economía galega no ano 2001 –medido pola relación entre o valor total das exportación e importacións galegas (fonte ICEX) e o producto interior a prezos de mercado– foi do 54,0%, sendo a terceira comunidade con maior grado de apertura por detrás de Navarra e Cataluña (**cadro 2.96.**).

• ***Importacións***

O **cadro 2.95.** amosa o diferente ritmo de crecemento das importacións galegas e españolas, así como o diferente peso relativo do valor das importacións das diferentes provincias galegas no total da comunidade. O peso relativo das importacións galegas no total español acada o 5,25% no ano 2001 fronte ós 5,46% do ano anterior.

Pontevedra segue a se-la provincia importadora máis importante, acollendo o 59% do valor total das importacións galegas, en tanto que Ourense e Lugo son as que teñen unha menor participación nos intercambios de Galicia co exterior ó representa-lo 2% e o 4%, respectivamente. Comparado co ano anterior, prodúcese un aumento do peso relativo das importacións pontevedresas no total galego (57% no ano 2000), ó contrario do que acontece no caso da provincia de A Coruña (pasa do 37% de 2000 ós 35% de 2001).

Centrándonos na análise sectorial das importacións, **cadro 2.97.**, o valor total das importacións de productos non enerxéticos medrou un 10,5% respecto ó ano 2000, sendo a importancia relativa das mesmas no total galego de 87,3% e do 5,4% no caso estatal. As importacións de productos enerxéticos descenden un 20%, sendo o peso relativo no total estatal do 6,2%.

A contía das importacións correspondentes ó sector primario presenta no ano 2001 unha taxa de crecemento do 16,1%, estando este crecemento explicado fundamentalmente pola evolución dos productos agrícolas, que medran un 20,1% respecto ó ano anterior. Representan o 24,7% do valor total das importacións galegas e o 9,1% das importacións españolas do sector, sendo a partida máis importante a de pescados e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos (03), que representan o 14,1% do total de importacións galegas. Entre os dez primeiros capítulos galegos de importación para o ano 2001, tamén está o capítulo 44 (Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira), que representa o 2,9% do valor total das importacións galegas.

O subsector das semimanufacturas, **cadro 2.97.**, presenta no ano 2001 un crecemento do 15,6% respecto ó ano anterior. Representa o 12,2% das importacións totais galegas e o 2,8% das importacións españolas deste subsector. Dentro do mesmo salienta, **cadro 2.98.**, o crecemento das importacións correspondentes á industria química (un 32,5%), atopando entre os dez primeiros capítulos de importación de Galicia o capítulo 72 (fundición, ferro e aceiro) que representa o 2,6% das importacións galegas.

No concernente á importación de manufacturas, que é o compoñente máis importante das importacións galegas (significan o 50,5% das mesmas), estas rexistran unha medra do 6,8% respecto ó ano 2000. O valor das importacións do subsector bens de consumo medrou un 22% mentres que o dos bens de equipamento o fixo nun 2,7%.

Entre os capítulos de importación máis importantes pódese salientar o 87 (automóbil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios), que segue a se-lo principal capítulo importador e supón o 32,1% das importacións galegas; as partidas incluídas dentro do sector téxtil, capítulos 61 e 62, que en conxunto acollen o 5,9% das importacións totais; e o 84 (reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparatos

CADRO 2.96.

***Taxas de cobertura e grado de apertura do comercio exterior das CC.AA. 2000-01***

| | Taxas de cobertura | | Grado de apertura | |
|---|---|---|---|---|
| | 2000 | 2001 | 2000 | 2001 |
| | (%) | | | |
| **Andalucía** | 83,4 | 84,5 | 27,1 | 25,1 |
| **Aragón** | 98,8 | 104,9 | 53,3 | 52,1 |
| **Asturias** | 85,8 | 76,3 | 26,3 | 24,5 |
| **Baleares** | 91,6 | 65,5 | 23,6 | 17,3 |
| **Canarias** | 23,2 | 22,5 | 19,1 | 17,4 |
| **Cantabria** | 99,1 | 93,5 | 36,9 | 37,5 |
| **Castela-A Mancha** | 55,1 | 53,2 | 24,4 | 25,1 |
| **Castela-León** | 97,9 | 99,0 | 48,0 | 44,7 |
| **Cataluña** | 68,9 | 72,5 | 72,3 | 70,9 |
| **Comunidade Valenciana** | 121,1 | 117,2 | 47,0 | 45,9 |
| **Estremadura** | 185,7 | 208,8 | 10,1 | 10,2 |
| **Galicia** | 93,3 | 98,9 | 52,8 | 54,0 |
| A Coruña | 62,2 | 63,0 | | |
| Lugo | 74,9 | 81,4 | | |
| Ourense | 199,8 | 200,2 | | |
| Pontevedra | 110,5 | 117,6 | | |
| **Madrid** | 33,6 | 34,3 | 52,6 | 48,8 |
| **Murcia** | 78,1 | 78,3 | 50,7 | 50,8 |
| **Navarra** | 125,5 | 111,0 | 82,3 | 74,0 |
| **País Vasco** | 112,7 | 113,3 | 56,5 | 51,8 |
| **A Rioxa** | 123,3 | 130,4 | 32,6 | 32,0 |
| **Total** | 73,3 | 74,9 | 48,2 | 46,2 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do *IGE, INE* e da *Dirección General de Aduanas*

CADRO 2.97.

***Importacións 2001: distribución sectorial***

| | Importe | 01/00 | sector/total | G/E |
|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | | *(%)* | |
| **Enerxéticos** | 1.189,7 | -20,0 | 12,7 | 6,2 |
| **Non enerxéticos** | 8.183,1 | 10,5 | 87,3 | 5,4 |
| **Sector primario** | 2.310,0 | 16,1 | 24,7 | 9,1 |
| Productos agrícolas | 1.777,0 | 20,1 | 19,0 | 10,1 |
| Materias primas | 533,0 | 4,6 | 5,7 | 6,7 |
| **Semimanufacturas** | 1.141,6 | 15,6 | 12,2 | 3,1 |
| Industria química | 564,2 | 32,5 | 6,0 | 2,4 |
| Metais | 526,4 | 0,8 | 5,6 | 4,5 |
| Outras semimanufacturas | 51,0 | 28,6 | 0,5 | 2,9 |
| **Manufacturas** | 4.731,6 | 6,8 | 50,5 | 5,3 |
| **Bens de equipamento** | 3.601,0 | 2,7 | 38,4 | 5,3 |
| Maquinaria | 498,9 | -0,2 | 5,3 | 1,3 |
| Materiais de transporte | 3.102,1 | 3,2 | 33,1 | 10,1 |
| **Bens de consumo** | 1.130,5 | 22,0 | 12,1 | 5,2 |
| Peletería | 77,6 | 39,1 | 0,8 | 4,7 |
| Téxtiles | 786,4 | 30,0 | 8,4 | 9,6 |
| Outros bens de consumo | 266,5 | 0,3 | 2,8 | 2,3 |
| **Total** | 9.372,8 | 5,4 | 100 | 5,5 |

Fonte: *ICEX*

CADRO 2.98.

***Importacións 2001: principais capítulos e importacións da Unión Europea, Francia, Portugal e o Mercosur***

| Nº | Cap. | Denominación | Importe | cap. / total | 01/00 | Unión Europea | Francia | Portugal | Mercosur |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(en millóns de €)* | *(%)* | | *(en millóns de €)* | | | |
| 1 | 87 | Automóbil, tractores, ciclos e demaís vehículos terrestres, as súas partes e accesorios | 3.007,3 | 32,09 | 1,1 | 2.994 | 2.643 | 40 | 1 |
| 2 | 3 | Pescados e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos | 1.322,8 | 14,11 | 25,3 | 328 | 49 | 112 | 243 |
| 3 | 27 | Combustibles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas ceras miner. | 1.189,7 | 12,69 | -20,0 | 282 | 42 | 28 | 12 |
| 4 | 84 | Reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparatos mecánicos; partes. | 320,1 | 3,42 | -0,9 | 263 | 20 | 22 | 2 |
| 5 | 62 | Prendas e complementos de vestir, agás os de punto | 282,5 | 3,01 | 24,5 | 101 | 3 | 76 | - |
| 6 | 44 | Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira | 274,0 | 2,92 | -2,4 | 114 | 15 | 63 | 41 |
| 7 | 61 | Prendas e complementos de vestir, de punto | 271,3 | 2,89 | 48,4 | 159 | 2 | 135 | - |
| 8 | 72 | Fundición, ferro e aceiro | 240,5 | 2,57 | 9,9 | 178 | 42 | 79 | 4 |
| 9 | 30 | Productos farmacéuticos | 227,6 | 2,43 | 172,5 | 203 | 54 | - | - |
| 10 | 85 | Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de grabación e repr. e partes | 178,8 | 1,91 | 1,2 | 139 | 51 | 19 | - |
| Total dos principais capítulos | | | 7.314,5 | 78,04 | | 4.761 | 2.921 | 574 | 303 |
| Resto | | | 2.058,4 | 21,96 | | 1.085 | 161 | 325 | 146 |
| **Total** | | | 9.372,8 | 100 | 5,4 | 5.846 | 3.082 | 899 | 449 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do *ICEX*

CADRO 2.99.

***Importacións e exportacións 2000-01: distribución xeográfica segundo orixe e destino***

| | 2000 | 2001 | 01/00 |
|---|---|---|---|
| | *(en millóns de €)* | | *(%)* |
| **Importacións** | | | |
| Europa | 5.981,0 | 6.281,9 | 5,0 |
| Unión Europea | 5.551,0 | 5.845,7 | 5,3 |
| Europa Oriental | 258,0 | 240,9 | -6,6 |
| Países EFTA | 109,0 | 96,0 | -11,9 |
| Resto de Europa | 63,0 | 99,3 | 57,6 |
| África | 956,0 | 817,6 | -14,5 |
| América | 1.452,0 | 1.637,7 | 12,8 |
| Asia | 481,0 | 600,4 | 24,8 |
| Oceanía | 26,0 | 35,3 | 35,7 |
| Outros | - | - | - |
| **Total** | 8.896,0 | 9.372,8 | 5,4 |
| **Exportacións** | | | |
| Europa | 6.965,0 | 7.990,8 | 14,7 |
| Unión Europea | 6.626,0 | 7.660,1 | 15,6 |
| Europa Oriental | 77,0 | 120,6 | 56,6 |
| Países EFTA | 99,0 | 124,1 | 25,4 |
| Resto de Europa | 163,0 | 86,0 | -47,2 |
| África | 169,0 | 215,1 | 27,3 |
| América | 752,0 | 656,1 | -12,8 |
| Asia | 328,0 | 324,8 | -1,0 |
| Oceanía | 4,0 | 4,0 | -1,3 |
| Outros | 81,0 | 79,8 | -1,5 |
| **Total** | 8.299,0 | 9.270,5 | 11,7 |

Fonte: *ICEX*

mecánicos, partes), que é a cuarta partida importadora co 3,4% das importacións galegas.

A distribución xeográfica das importacións galegas no ano 2001 amosa, como é habitual, unha maior concentración das mesmas na Unión Europea. Segundo os datos do ICEX, no ano 2001 o 62,4% do valor total das importacións procede da UE (5.845,7 millóns de euros), en tanto que a segunda área xeográfica de procedencia das compras galegas é América do Sur, co 7,5% (703,6 millóns de euros), seguida de América do Norte, co 5% (466 millóns de euros) (**cadro 2.99.**).

Atendendo á desagregación por capítulos das importacións galegas dos países da Unión Europea, as importacións de productos do capítulo 87 ascenden a 2.994 millóns de euros, o que representa o 51,2% das importacións procedentes desa área económica e un 99,6% das importacións correspondentes ó devandito capítulo.

Na Unión Europea, o principal subministrador de Galicia, por mor do papel da factoría Citroën en Vigo, é Francia. O valor total das importacións francesas ascende a 3.082 millóns de euros, o que supón o 32,9% do total das importacións galegas.

O principal capítulo arancelario é o correspondente á automoción (87) que, cun importe de 2.643 millóns de euros, supón o 85,8% do total do valor das súas importacións, e representa o 87,9% do total das importacións galegas englobadas neste capítulo. O segundo capítulo importador corresponde ó capítulo 85 (Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de gravación e reproducción e partes), cun importe de 51 millóns de euros, representando o 1,7% do total das importacións francesas e o 28,5% do valor das importacións galegas correspondentes ó devandito capítulo.

No caso das importacións galegas de Portugal, que representan o 8,6% do total das importacións galegas no ano 2000, as dúas primeiras partidas son as dos capítulos 61 (de prendas e complementos de vestir, de punto) e a de pescados e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos (03), cun valor de 135 millóns de euros e 112 millóns, respectivamente. No conxunto das importacións galegas de Portugal, estas partidas representan, respectivamente, o 15% e 12,5%.

Finalmente, as importacións galegas dos países do Mercosur ascenden a 449 millóns de euros, e representan o 5,3% do total das importacións galegas. Entre os capítulos arancelarios máis importantes salientan as importacións de productos do capítulo 03, que supón un 54,1% das importacións procedentes desa área económica e un 18,4% das importacións correspondentes ó devandito capítulo.

***• Exportacións***

No que á análise das exportacións se refire, no **cadro 2.100.** pódese aprecia-lo maior dinamismo do sector exportador galego, que crece un 11,7% no ano 2001 respecto ó ano anterior, sendo o peso relativo das exportacións galegas no total español dun 7,2% fronte ó 6,7% do ano anterior.

Ó igual que acontece coas importacións, existe unha maior concentración das exportacións galegas na provincia de Pontevedra, onde tras un crecemento do 15,7% respecto ó ano anterior, o seu peso relativo no total das exportacións galegas é do 67%.

No conxunto das exportacións galegas, o sector enerxético representa o 2,4% das exportacións (o 5,8% das exportacións enerxéticas españolas) e as exportacións de productos non enerxéticos, considerados no seu conxunto, representan o 97,7% das exportacións galegas (o 7,3% das exportacións españolas destes productos).

Tal e como reflicte o **cadro 2.100.**, o valor das exportacións correspondentes ó sector primario experimenta un crecemento inferior ó experimentado polas exportacións galegas (5,4% e 11,7%, respectivamente). As exportacións dos productos agrícolas medran un 14,8% respecto ó ano anterior, en tanto que a contía das exportacións das materias primas descende un 19,5%.

Entre os primeiros capítulos exportadores, cadro 2.101., cómpre salienta-lo peso dos capítulos de productos agrícolas 03 (pescados e crustá-

CADRO 2.100.

***Exportacións 2001: distribución sectorial***

| | Importe (en millóns de €) | 01/00 | sector/total (%) | G/E |
|---|---|---|---|---|
| **Enerxéticos** | 217,9 | -5,5 | 2,4 | 5,8 |
| **Non enerxéticos** | 9.052,6 | 12,2 | 97,7 | 7,3 |
| **Sector primario** | 1.898,6 | 5,4 | 20,5 | 7,9 |
| Productos agrícolas | 1.500,9 | 14,8 | 16,2 | 7,8 |
| Materias primas | 397,7 | -19,5 | 4,3 | 8,4 |
| **Semimanufacturas** | 1.032,9 | 7,1 | 11,1 | 3,5 |
| Industria química | 325,0 | 9,0 | 3,5 | 2,0 |
| Metais | 351,8 | 8,9 | 3,8 | 3,9 |
| Outras semimanufacturas | 356,1 | 3,6 | 3,8 | 8,5 |
| **Manufacturas** | 6.121,2 | 15,5 | 66,0 | 8,6 |
| **Bens de equipamento** | 5.064,4 | 15,3 | 54,6 | 9,6 |
| Maquinaria | 315,3 | 2,1 | 3,4 | 1,5 |
| Materiais de transporte | 4.749,1 | 16,3 | 51,2 | 14,7 |
| **Bens de consumo** | 1.056,8 | 16,4 | 11,4 | 5,8 |
| Peletería | 60,9 | 21,1 | 0,7 | 5,2 |
| Téxtiles | 733,7 | 20,2 | 7,9 | 12,2 |
| Outros bens de consumo | 262,2 | 6,2 | 2,8 | 2,4 |
| **Total** | 9.270,5 | 11,7 | 100 | 7,2 |

Fonte: *ICEX*

ceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos) e 16 (preparacións de carne, de pescado ou crustáceos, de moluscos ou doutros invertebrados acuáticos) que representan, respectivamente, o 7,9% e o 3,6% das importacións galegas. Tamén salienta, dentro das materias primas, o capítulo 44 (madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira), que representa o 1,9% das exportacións galegas.

O valor das exportacións das semimanufacturas medra un 7,1% no ano 2001, rexistrando os subsectores químico e de metais unha medra do 9,0% e 8,9%, respectivamente. Entre os 10 primeiros capítulos exportadores de Galicia atópase o 68 (manufacturas de pedra, xeso, cemento, amianto, mica ou materias análogas), que representa o 3,5% das exportacións galegas.

As exportacións de manufacturas, que presentan un crecemento do seu importe superior á media galega (15,5% respecto ó ano anterior), representan o 66% das exportacións galegas, sendo o seu peso relativo no total estatal das exportacións de manufacturas, do 8,6%. Dentro das exportacións do subsector de bens de equipamento salienta o comportamento dos materiais de transporte, onde o capítulo 87 (exportacións, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios) representa o 49,9% das exportacións galegas.

No caso das exportacións de bens de consumo, que medran un 16,4% respecto ó 2000, salienta a evolución do valor dos productos de peletería e dos productos téxtiles, que medra un 21,1% e 20,2%, respectivamente respecto ó ano 2000. Entre so dez primeiros capítulos exportadores atópanse os capítulos 62 (Prendas e complementos de vestir, agás os de punto ) e 61(Prendas e complementos de vestir, de punto), que supoñen o 4,8% e 2,5% do total das exportacións galegas.

No concernente á distribución xeográfica das exportacións, tal e como se amosa no cadro 2.99., a UE é, dado o contexto internacional no que nos atopamos, o principal cliente de Galicia. Segundo os datos do ICEX do valor total das exportacións galegas, as exportacións galegas á UE representan o 82,3%, en tanto que as exportacións a América do Norte e América do Sur significan o 3,2% e 2,1%, respectivamente.

Tal e como reflicte o **cadro 2.101.**, as exportacións galegas ós países da Unión Europea están dominadas polo papel das exportacións de productos do capítulo 87. Estas ascenden a 4.156 millóns de euros, o que representa o 54,3% das vendas a esa área económica e un 89,8% das exportacións correspondentes ó devandito capítulo.

No caso das exportacións galegas a Francia,

CADRO 2.101.

***Exportacións 2001: principais capítulos e exportacións cara á Unión Europea, Francia, Portugal e o Mercosur***

| Nº | Cap. | Denominación | Importe | cap. / total | 01/00 | Unión Europea | Francia | Portugal | Mercosur |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | (en millóns de €) | (%) | | (en millóns de €) | | | |
| 1 | 87 | Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios | 4.627 | 49,91 | 21,7 | 4.156 | 1.787 | 175 | 66 |
| 2 | 3 | Pescados e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos | 735 | 7,93 | 9,0 | 620 | 73 | 280 | 3 |
| 3 | 62 | Prendas e complementos de vestir, agás os de punto | 440 | 4,75 | 20,0 | 298 | 82 | 122 | 10 |
| 4 | 16 | Preparacións de carne, de peixe ou de crustáceos | 331 | 3,57 | 24,0 | 283 | 59 | 38 | 4 |
| 5 | 68 | Manufacturas de pedra, yeso, cemento, amianto, mica, etc. | 327 | 3,52 | 2,8 | 298 | 128 | 35 | - |
| 6 | 61 | Prendas e complementos de vestir, de punto | 227 | 2,45 | 16,3 | 151 | 35 | 71 | 8 |
| 7 | 27 | Combustibles minerais, aceites minerais e productos da súa destilación; materias bituminosas; ceras minerais | 218 | 2,35 | -5,5 | 102 | 13 | 39 | - |
| 8 | 44 | Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira | 173 | 1,86 | -16,6 | 123 | 14 | 76 | - |
| 9 | 76 | Aluminio e manufacturas de aluminio | 166 | 1,79 | 19,4 | 159 | 31 | 77 | 1 |
| 10 | 85 | Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de grabación e repr. e partes | 164 | 1,76 | -0,1 | 109 | 30 | 47 | 5 |
| Total dos principais capítulos | | | 7.406 | 79,89 | | 6.299 | 2.252 | 960 | 97 |
| Resto | | | 1.864 | 20,11 | | 1.361 | 153 | 716 | 24 |
| **Total** | | | 9.271 | 100 | 11,7 | 7.660 | 2.405 | 1.676 | 121 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do *ICEX*

neste país tamén existe un predominio dos productos do capítulo da automoción (87) que representa o 74,3% do total das exportacións galegas a Francia e o 38,6% do importe total das exportacións do capítulo 87. No caso das exportacións a Portugal, salienta-la importancia do capítulo 03 que representa o 16,7% do total das exportacións a Portugal no ano 2001. Asemade, representa o 38,1% do total das exportacións galegas pertencentes ó capítulo 03 no ano 2001.

Finalmente, no concernente ás exportacións ós países do Mercosur, que representan o 1,3% do total das exportacións galegas no ano 2001, a principal partida exportadora é a correspondente á automoción que representa o 54,5% do total exportado a estes países.

### • *Relacións comerciais entre Galicia e o Norte de Portugal*

O incremento da importancia das relacións entre Galicia e o Norte de Portugal reflíctese no crecemento experimentado polos intercambios comerciais entre as dúas rexións. Os datos do **cadro 2.102.** reflicten que en 1999 o valor total das exportacións galegas cara ó Norte de Portugal medrou un 21,7% respecto ó ano anterior, acadando os 619.121,2 miles de euros, en tanto que as importacións aumentaron un 24,2% acadando un valor de 437.243,5 miles de euros. O saldo da balanza comercial galega medro un 16,2% pasando dos 156.477,1 miles de euros de 1998 ata os 181.877,7 miles de euros de 1999.

Atendendo ós productos importados, o devandito cadro reflicte a importancia do sector téxtil e de confección, que acolle o 40,6% do valor total das importacións galegas, seguido dos metais e as súas manufacturas e dos productos agrícolas, gandeiros e da pesca, co 13,6% e 12,2%, respectivamente. Comparado co ano anterior, salienta o crecemento do 111,7% rexistrado polo valor total das importacións dos metais e as súas manufacturas, e a medra do 55% experimentado no caso dos productos da industria química, fronte ó descenso do valor das importacións no caso dos productos agrícolas, gandeiros e da pesca, cun 3,1% menos que en 1998.

Os productos agrícolas, gandeiros e da pesca son a principal partida exportadora, ó representar o 31,5% das exportacións cara á rexión Norte de Portugal, seguidos polas exportacións dos productos do téxtil e da confección, co 12,5%. Comparado co ano 1998, salienta o forte crecemento expe-

CADRO 2.102.

***Importacións e exportacións de Galicia-Norte de Portugal. 1998-99***

| | Exportacións | | | | | | Importacións | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1998 | | 98/97 | 1999 | | 99/98 | 1998 | | 98/97 | 1999 | | 99/98 |
| | *(en miles de €)* | *(% / total)* | *(%)* | *(en miles de €)* | *(% / total)* | *(%)* | *(en miles de €)* | *(% / total)* | *(%)* | *(en miles de €)* | *(% / total)* | *(%)* |
| **Productos agrícolas, gandeiros e da pesca** | 170.893,0 | 33,6 | 16,9 | 194.723,1 | 31,5 | 13,9 | 55.258,3 | 15,7 | 13,2 | 53.537,6 | 12,2 | -3,1 |
| **Productos da industria alimentaria** | 32.550,8 | 6,4 | -0,2 | 46.333,2 | 7,5 | 42,3 | 4.141,0 | 1,2 | 26,9 | 4.891,6 | 1,1 | 18,1 |
| **Minerais e as súas manufacturas** | 35.956,8 | 7,1 | 17 | 41.364,1 | 6,7 | 15,0 | 16.199,1 | 4,6 | 0,7 | 22.123,9 | 5,1 | 36,6 |
| **Productos da industria química** | 37.273,0 | 7,3 | 12,9 | 43.391,3 | 7,0 | 16,4 | 15.988,7 | 4,5 | -7,4 | 24.775,5 | 5,7 | 55,0 |
| **Téxtil e confección** | 73.874,6 | 14,5 | 43,3 | 77.510,7 | 12,5 | 4,9 | 148.019,7 | 42,0 | 36,4 | 177.531,2 | 40,6 | 19,9 |
| **Madeira, pasta e papel** | 45.466,0 | 8,9 | 21,6 | 56.457,9 | 9,1 | 24,2 | 25.557,4 | 7,3 | 9,4 | 30.519,4 | 7,0 | 19,4 |
| **Metais e as súas manufacturas** | 47.219,7 | 9,3 | -8,3 | 54.760,6 | 8,8 | 16,0 | 28.057,0 | 8,0 | 24,1 | 59.405,2 | 13,6 | 111,7 |
| **Máquinas e aparellos** | 32.441,4 | 6,4 | 17,7 | 43.159,3 | 7,0 | 33,0 | 24.904,1 | 7,1 | 37,5 | 26.508,2 | 6,1 | 6,4 |
| **Material de transporte** | 18.565,9 | 3,7 | -14,8 | 40.559,3 | 6,6 | 118,5 | 24.939,6 | 7,1 | 57 | 30.271,8 | 6,9 | 21,4 |
| **Outras mercadorías** | 14.333,5 | 2,8 | 45,9 | 20.861,7 | 3,4 | 45,5 | 9.032,6 | 2,6 | -41 | 7.679,1 | 1,8 | -15,0 |
| **Total** | 508.574,6 | 100 | 15,0 | 619.121,2 | 100 | 21,7 | 352.097,5 | 100 | 21,7 | 437.243,5 | 100 | 24,2 |

Fonte: *IGE*

CADRO 2.103.

**Investimentos no exterior das CC.AA. 2000-01**

| | 2000 | | 2001 | | 01/00 |
|---|---|---|---|---|---|
| | | CA/total | | CA/total | |
| | (en miles de €) | (%) | (en miles de €) | (%) | (%) |
| Andalucía | 264.826 | 0,35 | 34.376 | 0,05 | -87,0 |
| Aragón | 10.965 | 0,01 | 498.998 | 0,67 | 4450,8 |
| Asturias | 17.714 | 0,02 | 4.017 | 0,01 | -77,3 |
| Baleares | 59.092 | 0,08 | 550.587 | 0,74 | 831,7 |
| Canarias | 262.107 | 0,34 | 2.846.409 | 3,82 | 986,0 |
| Cantabria | 372.305 | 0,49 | 522.406 | 0,70 | 40,3 |
| Castela e León | 36.343 | 0,05 | 20.158 | 0,03 | -44,5 |
| Castela-A Mancha | 36.581 | 0,05 | 30.506 | 0,04 | -16,6 |
| Cataluña | 7.726.936 | 10,14 | 3.541.106 | 4,75 | -54,2 |
| C. Valenciana | 2.717.017 | 3,57 | 1.287.852 | 1,73 | -52,6 |
| Estremadura | 11.436 | 0,02 | 40.375 | 0,05 | 253,1 |
| Galicia | 202.341 | 0,27 | 419.848 | 0,56 | 107,5 |
| Madrid | 58.770.221 | 77,15 | 59.159.541 | 79,33 | 0,7 |
| Murcia | 3.167 | 0,00 | 3.406.651 | 4,57 | 107467,1 |
| Navarra | 20.949 | 0,03 | 18.296 | 0,02 | -12,7 |
| País Vasco | 5.668.447 | 7,44 | 2.195.844 | 2,94 | -61,3 |
| A Rioxa | 482 | 0,00 | 106 | 0,00 | -78,0 |
| Ceuta e Melilla | - | - | 148 | 0,00 | - |
| **Total** | 76.180.929 | 100 | 74.577.224 | 100,00 | -2,1 |

Fonte: *Registro de Inversiones Españolas en el Exterior*

CADRO 2.104.

**Investimento bruto de Galicia e España no exterior 2001: distribución segundo actividade económica**

| | Galicia | | España | | G/E |
|---|---|---|---|---|---|
| | (en miles de €) | (% / total) | (en miles de €) | (% / total) | (%) |
| Agricultura, gandería, caza, selvicultura e pesca | 29.542 | 7,04 | 83.619 | 0,11 | 35,3 |
| Produc./Distribuc. enerxía eléctrica, gas e auga | - | - | 1.006.391 | 1,35 | - |
| Ind. extract., ref. petróleo e tratamento combustibles | 1.593 | 0,38 | 314.143 | 0,42 | 0,5 |
| Alimentación, bebidas e tabaco | 654 | 0,16 | 1.717.547 | 2,30 | 0,0 |
| Ind. téxtil e confección | 3.536 | 0,84 | 99.775 | 0,13 | 3,5 |
| Ind. papel, edición e artes gráficas | - | - | 561.999 | 0,75 | - |
| Ind. química | 5.000 | 1,19 | 3.387.075 | 4,54 | 0,1 |
| Outras manufacturas | 338.629 | 80,66 | 1.611.925 | 2,16 | 21,0 |
| Construcción | - | - | 244.015 | 0,33 | - |
| Comercio | 33.274 | 7,93 | 2.150.170 | 2,88 | 1,5 |
| Hostelería | - | - | 735.715 | 0,99 | - |
| Transporte e comunicacións | - | - | 4.103.974 | 5,50 | - |
| Intermediación financeira, banca e seguro | 6.086 | 1,45 | 14.849.659 | 19,91 | 0,0 |
| Actividades inmobiliarias e servicios | 522 | 0,12 | 571.925 | 0,77 | 0,1 |
| Xestión de sociedades e tenecia de valores | 1 | 0,00 | 42.863.723 | 57,48 | 0,0 |
| Holding e Outros | 1.011 | 0,24 | 275.568 | 0,37 | 0,4 |
| **Total** | 419.848 | 100 | 74.577.223 | 100 | 0,6 |

Fonte: *Registro de Inversiones Españolas en el Exterior*

CADRO 2.105.

**Investimentos directos no exterior das CC.AA. 2001 (1): distribución segundo áreas económicas de destino**

| | OCDE | UE | EE.UU. | Latinoamérica | Total (1) |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | (en miles de €) | | |
| Andalucía | 14.478 | 14.478 | - | 15.738 | 34.376 |
| Aragón | 498.496 | 62.390 | - | 3 | 498.998 |
| Asturias | 1.406 | 1.406 | - | - | 4.017 |
| Baleares | 533.858 | 533.858 | - | 5.324 | 550.587 |
| Canarias | 1.280.356 | 441.327 | - | 1.530.099 | 2.846.409 |
| Cantabria | 34.125 | 7.815 | 26.310 | 486.522 | 522.406 |
| Castela e León | 16.342 | 321 | - | 3.116 | 20.158 |
| Castela-A Mancha | 2.900 | 1.054 | 540 | 27.368 | 30.506 |
| Cataluña | 2.720.179 | 2.192.661 | 482.656 | 718.226 | 3.541.106 |
| Comunidade Valenciana | 1.279.322 | 1.271.186 | 5.368 | 4.385 | 1.287.852 |
| Estremadura | 40.375 | 40.350 | 25 | - | 40.375 |
| Galicia | 35.833 | 20.618 | 7.125 | 377.567 | 419.848 |
| Madrid | 35.528.583 | 28.094.053 | 959.078 | 23.268.863 | 59.159.541 |
| Murcia | 3.400.098 | 3.400.098 | - | 6.319 | 3.406.651 |
| Navarra | 401 | 291 | 110 | 6.220 | 18.296 |
| País Vasco | 1.969.001 | 656.131 | 698.334 | 225.553 | 2.195.844 |
| A Rioxa | 106 | 94 | 12 | - | 106 |
| Ceuta e Melilla | - | - | - | - | 148 |
| **Total** | 47.355.859 | 36.738.131 | 2.179.558 | 26.675.303 | 74.577.224 |

(1) o total inclúe ademáis o resto de investimentos fóra desas áreas xeográficas concretas

Fonte: *Registro de Inversiones Españolas en el Exterior*

rimentado polo sector de material de transporte, co 118,5%, e polos productos da industria alimentaria, co 42,3%.

**• *Investimento galego no estranxeiro***

No concernente ós fluxos de investimento da comunidade galega no exterior, o investimento bruto no ano 2001 acadou os 419.848 miles de euros (un 107,5% máis do investido no ano anterior), dos que 259.006 miles de euros corresponderon a ampliacións, 144.438 miles de euros a adquisicións e 16.404 miles de euros a constitucións de empresas.

Comparado co total estatal, o investimento galego no exterior representa o 0,56% do importe total do investimento español, sendo a décima comunidade que máis inviste no estranxeiro, tras Madrid, Cataluña, Murcia, Canarias, País Vasco, a C. Valenciana, Cantabria, Baleares e Aragón (**cadro 2.103.**).

Sectorialmente, e tal e como amosa o **cadro 2.104.**, no ano 2001 Galicia concentra a meirande parte do seu investimento no estranxeiro no subsector "outras manufacturas" onde a fabricación de vehículos de motor e compoñentes constitúe a a practica totalidade do mesmo. En termos porcentuais, este último representa o 80,6% do total investido. Séguenlle en importancia o comercio e agricultura, gandería, caza, silvicultura, que acollen o 7,9% e 7,0%, respectivamente.

Especial mención merece o subsector agricultura, gandería, caza silvicultura e pesca, que representa, **cadro 2.104.**, o 35,3% do investimento estranxeiro total español no sector primario. O subsector "outras manufacturas" representa o 21,0% do total investido en España nesta materia.

No concernente á distribución xeográfica, o **cadro 2.105.** amosa a concentración do investimento galego en Arxentina, que con 359.681 miles de euros, acolle o 85,7% do total investido. Outros destino de importancia son Alemaña, co 3,2% (13.551 miles de euros) e Brasil, co 2,2% do total investido (9.105 miles de euros). Comparado co investimento estranxeiro do conxunto do estado, cómpre salienta-lo fluxo de investimento a Arxentina, que representan o 32,9% do total investido por España neses países.

## OFERTA DE SOLO EMPRESARIAL

A análise da oferta do solo empresarial en Galicia estructúrase en dúas partes nas que se estudia, dunha banda, a situación dos parques tecnolóxicos, e por outra, a situación dos parques empresariais en Galicia.

**• *Parques tecnolóxicos***

Os parques tecnolóxicos están orientados cara a empresas e institucións con alto nivel tecnolóxico e innovador como son, entre outros, as industrias de transformación da madeira, ou sectores da prezo, agroalimentario, téxtil ou de rochas ornamentais.

O **cadro 2.106.** reflicte unha comparación entre algunhas características dos parques tecnolóxicos españois segundo a Asociación de Parques Tecnolóxicos de España (APTE). O Parque Tecnolóxico de Galicia, emprazado en Sao Cibrao de Viñas, ten unha superficie de 514.438 metros cadrados e as súas parcelas presentan unha superficie comprendida entre 1.050 e 7.500 metros cadrados. O prezo das parcelas por metro cadrado ascende a 45,08 euros.

Nas 41 empresas emprazadas no parque traballan un total de 396 persoas. Comparado co total estatal, o devandito cadro reflicte que a superficie do PTG representa o 3,5% da superficie total, sendo a importancia relativa do emprego e do número de empresas, do 1,4% e 3,9%, respectivamente. A ocupación das parcelas (dato a 1º trimestre do 2001) supón o 42% da superficie dispoñible (280.000 metros cadrados), en tanto que a ocupación dos 80 niños do seu Centro de Empresas e Innovación está ó 100%.

**• *Parques empresariais***

Ó carón destes parques tecnolóxicos, en abril de 2002 hai en Galicia un total de 36 parques

CADRO 2.106.

***Parques tecnolóxicos en España 2001***

| | Superficie total (m²) | Prezos venda (€/m2) | Emprego | Nº de empresas |
|---|---|---|---|---|
| **Alava** | 1.171.864 | 60,10 - 51,09 | 2.175 | 66 |
| **Alcalá de Henares** | 375.000 | Non ten parcelas á venda | - | - |
| **Andalucía** | 1.864.953 | 76,01 | 3.661 | 206 |
